

**REPSOL
YPF**



Repsol YPF, S.A.
Contas Anuais e
Informe de
Xestión 2006



Repsol YPF, S.A.
Dirección Xeral de Comunicación
e Gabinete de Presidencia
Paseo de la Castellana, 278-280. 28046 Madrid
Teléfonos: (+34) 91 348 81 00 / (+34) 91 348 80 00
Fax: (+34) 91 314 28 21 / (+34) 91 348 94 94

Internet
www.repsolypf.com
www.accionistasrepsolypf.com

Outras publicacións
Informe Anual 2006
Informe de Responsabilidade Corporativa 2006
Informe Anual do Goberno Corporativo 2006
Áreas de Negocio 2006
Extracción, revista do accionista de Repsol YPF

Oficina de Información ao Accionista
Teléfono: (+34) 900 100 100

Este Informe está impreso en papel ecológico
y fabricado mediante procesos respetuosos con
el medio ambiente.

Diseño: Gabinete Técnico Echeverría
Impresión: Gráficas Palermo
Fotomecánica: Cromotex

Índice

Informe de auditoría independiente 2

*Contas anuais
de Repsol YPF, S.A. 2006* 4

Informe de xestión 2006 35

Xunta Xeral Ordinaria 2007

Convocatoria 36

Propostas de acordos 41

*Informes do Consello de
Administración sobre
as propostas de acordos* 47

As Contas anuais e o Informe de xestión que se achegan preséntanse co obxecto de cumprir a normativa legal vixente e refírense exclusivamente a Repsol YPF, S.A. Para unha análise completa da situación financeiro-patrimonial deben considerarse as Contas anuais e o Informe de xestión consolidados de Repsol YPF, S.A. e sociedades filiais.



Plaza Pablo Ruiz Picasso, 1
Torre Picasso
28020 Madrid
España

Tel.: +34 915 14 50 00
Fax: +34 915 14 51 80
+34 915 56 74 30
www.deloitte.es


INFORME DE AUDITORÍA DE CUENTAS ANUALES

A los Accionistas de Repsol YPF, S.A.:

1. Hemos auditado las cuentas anuales de Repsol YPF, S.A. que comprenden el balance de situación al 31 de diciembre de 2006, la cuenta de pérdidas y ganancias y la memoria correspondientes al ejercicio anual terminado en dicha fecha, cuya formulación es responsabilidad de los Administradores de la Sociedad. Nuestra responsabilidad es expresar una opinión sobre las citadas cuentas anuales en su conjunto, basada en el trabajo realizado de acuerdo con las normas de auditoría generalmente aceptadas, que requieren el examen, mediante la realización de pruebas selectivas, de la evidencia justificativa de las cuentas anuales y la evaluación de su presentación, de los principios contables aplicados y de las estimaciones realizadas.
2. De acuerdo con la legislación mercantil, los Administradores presentan, a efectos comparativos, con cada una de las partidas del balance de situación, de la cuenta de pérdidas y ganancias y del cuadro de financiación, además de las cifras del ejercicio 2006, las correspondientes al ejercicio anterior. Nuestra opinión se refiere exclusivamente a las cuentas anuales del ejercicio 2006. Con fecha 30 de marzo de 2006 emitimos nuestro informe de auditoría acerca de las cuentas anuales del ejercicio 2005, en el que expresamos una opinión sin salvedades.
3. Las cuentas anuales adjuntas del ejercicio 2006 se presentan en cumplimiento de la normativa mercantil vigente; no obstante, la gestión de las operaciones de Repsol YPF, S.A. y de las sociedades del Grupo se efectúa en bases consolidadas. En consecuencia, las cuentas anuales adjuntas de Repsol YPF, S.A. que actúa básicamente como una sociedad tenedora de participaciones, no reflejan las variaciones financiero-patrimoniales que resultan de aplicar criterios de consolidación a dichas participaciones ni a las operaciones realizadas por ellas, algunas de las cuales responden a la estrategia global del Grupo. Las cuentas anuales consolidadas del ejercicio 2006 se preparan aplicando las Normas Internacionales de Información Financiera adoptadas por la Unión Europea (NIIF-UE), sobre las que hemos emitido con fecha 29 de marzo de 2007 nuestro informe de auditoría en el que expresamos una opinión sin salvedades. El importe de los principales epígrafes consolidados aplicando las Normas Internacionales de Información Financiera se detalla en la Nota 5-c de la memoria.
4. En nuestra opinión, las cuentas anuales del ejercicio 2006 adjuntas expresan, en todos los aspectos significativos, la imagen fiel del patrimonio y de la situación financiera de Repsol YPF, S.A. al 31 de diciembre de 2006 y de los resultados de sus operaciones y de los recursos obtenidos y aplicados durante el ejercicio anual terminado en dicha fecha y contienen la información necesaria y suficiente para su interpretación y comprensión adecuada, de conformidad con principios y normas contables generalmente aceptados que guardan uniformidad con los aplicados en el ejercicio anterior.

5. El informe de gestión adjunto del ejercicio 2006 contiene las explicaciones que los Administradores consideran oportunas sobre la situación de la Sociedad, la evolución de sus negocios y sobre otros asuntos y no forma parte integrante de las cuentas anuales. Hemos verificado que la información contable que contiene el citado informe de gestión concuerda con la de las cuentas anuales del ejercicio 2006. Nuestro trabajo como auditores se limita a la verificación del informe de gestión con el alcance mencionado en este mismo párrafo y no incluye la revisión de información distinta de la obtenida a partir de los registros contables de la Sociedad.

DELOITTE, S.L.
Inscrita en el R.O.A.C. N° S0692



Javier Ares San Miguel
29 de marzo de 2007

Repsol YPF, S.A.

Balances de situación

A 31 de decembro de 2006 e 2005

Millóns de euros

ACTIVO	Nota	2006	2005
Inmobilizado			
Inmobilizado inmaterial	6		
Custo		89	75
Menos - Amortización acumulada		(60)	(56)
		29	19
Inmobilizado material	7		
Custo		807	736
Menos - Amortización acumulada		(181)	(151)
		626	585
Inmobilizado financeiro	8		
Participacións en empresas do Grupo e asociadas		14.270	15.345
Outro inmovilizado financeiro		9	35
		14.279	15.380
Total inmovilizado		14.934	15.984
Gastos para distribuír en varios exercicios		-	2
Impostos anticipados	14	1.573	1.632
Activo Circulante			
Existencias		16	3
Debedores			
Debedores empresas do Grupo	3	566	611
Entidades públicas debedoras	14	254	448
Outros debedores		57	146
		877	1.205
Investimentos financeiros temporais	9		
Créditos a empresas do Grupo	3	1.390	929
Carteira de valores a curto prazo	9	1.284	1.239
		2.674	2.168
Total activo circulante		3.567	3.376
Total activo		20.074	20.994

As notas 1 a 20 incluídas na Memoria forman parte integrante destes Balances de situación

Repsol YPF, S.A.

Balances de situación

A 31 de decembro de 2006 e 2005

<i>Millóns de euros</i>			
PASIVO	Nota	2006	2005
Fondos propios	10		
Capital subscrito		1.221	1.221
Prima de emisión de accións		6.428	6.428
Reserva de revalorización		3	3
Outras reservas		6.258	4.654
Beneficio do exercicio		1.070	2.336
Dividendo a conta		(440)	(366)
Total fondos propios		14.540	14.276
Diferenzas positivas de cambio en moeda estranxeira	11	641	520
Provisións para riscos	12	208	324
Impostos diferidos	14	228	220
Acredores a longo prazo			
Débedas con empresas do Grupo	3	1.521	3.715
Débedas con entidades de crédito	13	1.364	534
Outros acredores		33	37
Desembolsos pendentes sobre accións non esixidos	8	17	21
Total acredores a longo prazo		2.935	4.307
Acredores a curto prazo			
Débedas con empresas do Grupo	3	616	719
Débedas con entidades de crédito	13	177	18
Entidades públicas acreedoras	14	160	52
Dividendo a conta pendente de pago	10	440	366
Outros acredores		129	192
Total acredores a curto prazo		1.522	1.347
Total pasivo		20.074	20.994

As notas 1 a 20 incluídas na Memoria forman parte integrante destes Balances de situación.

Repsol YPF, S.A.

Contas de perdas e ganancias

Correspondentes aos exercicios anuais rematados o 31 de decembro de 2006 e 2005

Millóns de euros

Gastos	Nota	2006	2005
Gastos de persoal			106
Soldos, salarios e asimilados		114	106
Cargas sociais		68	73
		182	179
Dotacións para amortizacións do inmovilizado		53	46
Outros gastos de explotación			
Servizos exteriores		287	451
Compras e Servizos empresas do Grupo	3	382	545
Beneficio (perda) de explotación		(45)	105
		859	1.326
Gastos financeiros por débedas con empresas do Grupo	3		
Por xuros		183	276
Por diferenzas en cambio		17	32
Outros		2	6
Gastos financeiros por operacións de financiamento con terceiros			
Por xuros		53	34
Por diferenzas en cambio		3	25
Outros		178	172
Resultado financeiro		2.191	2.154
		2.627	2.699
Beneficio das actividades ordinarias		2.146	2.259
Dotación provisión carteira de valores	8 e 16	1.286	73
Gastos extraordinarios	16	32	131
Resultado extraordinario		(1.209)	107
		109	311
Beneficio antes de impostos		937	2.366
Ingreso (gasto) por Imposto sobre sociedades	14	133	(30)
Beneficio do exercicio		1.070	2.336

As notas 1 a 20 incluídas na Memoria forman parte integrante destas Contas de perdas e ganancias.

Repsol YPF, S.A.

Contas de perdas e ganancias

Correspondentes aos exercicios anuais rematados o 31 de decembro de 2006 e 2005

Ingresos	Nota	2006	2005
<i>Millóns de euros</i>			
Vendas e prestacións de servizos a empresas do Grupo	3 e 16	819	572
Outros ingresos		40	754
		859	1.326
Ingresos de participacións en capital	3	1.970	2.325
Ingresos por créditos con empresas do Grupo	3		
Por xuros		34	23
Por diferenzas en cambio		15	17
Outros ingresos financeiros			
Por diferenzas de cambio		355	113
Outros		253	221
		2.627	2.699
Beneficio en alienación carteira de valores	16	50	10
Aplicación provisión carteira de valores	8 e 6	25	277
Outros ingresos extraordinarios	16	34	24
		109	311

As notas 1 a 20 incluídas na Memoria forman parte integrante destas Contas de perdas e ganancias.

Repsol YPF, S.A.

Memoria correspondente ao exercicio finalizado o 31 de decembro de 2006

Índice

1	Actividade da sociedade	9
2	Bases de presentación	9
3	Saldos e transaccións con empresas do Grupo	10
4	Distribución de resultados	11
5	Normas de valoración	12
6	Inmovilizado inmaterial	16
7	Inmovilizado material	16
8	Inmovilizado financeiro	17
9	Investimentos financeiros temporais	19
10	Fondos propios	19
11	Diferenzas positivas de cambio en moeda estranxeira	20
12	Provisións	20
13	Débedas con entidades de crédito	21
14	Situación fiscal	22
15	Cadro de persoal	24
16	Ingresos e gastos	24
17	Outra información	25
18	Información de ambiente	30
19	Feitos posteriores ao peche	31
20	Cadro de financiamento	32

1 Actividade da sociedade

Repsol YPF, S.A. figura inscrita no Rexistro Mercantil de Madrid no tomo 3893, folio 175, folla número M-65289, inscrición 63ª. Está provista de C.I.F. n.º A-78/374725 e C.N.A.E. n.º 742. O domicilio social está en Madrid, Paseo de la Castellana, 278.

A sociedade foi constituída en novembro de 1986, e o seu obxecto social é:

1. A investigación, exploración, explotación, importación, almacenamento, refino, petroquímica e demais operacións industriais, transporte, distribución, venda, exportación e comercialización de hidrocarburos de calquera clase, dos seus produtos derivados e residuos.
2. A investigación e o desenvolvemento doutras fontes de enerxía distintas ás derivadas dos hidrocarburos e a súa explotación, fabricación, importación, almacenamento, distribución, transporte, venda, exportación e comercialización.
3. A explotación de inmóbeis e da propiedade industrial e da tecnoloxía de que dispoña a sociedade.
4. A comercialización de todo tipo de produtos en instalacións anexas a estacións de servizo e bombas de gasolina e a través das redes de comercialización dos produtos de fabricación propia, así como a prestación de servizos vinculados ao consumo ou á utilización destes últimos.
5. A prestación ás súas sociedades participadas de servizos de planificación, xestión comercial, "factoring" e asistencia técnica ou financeira, con exclusión das actividades que estean legalmente reservadas a entidades financeiras ou de crédito.

O activo principal de Repsol YPF, S.A. constitúeno as participacións accionarias en distintas sociedades filiais, a través das cales a sociedade leva a cabo o seu obxecto social. Repsol YPF, S.A. realiza a definición de estratexias, control e coordinación das actividades que desenvolven as empresas do Grupo e presta servizos a estas en relación coas actividades propias de enxeñaría, sistemas de información, administración, servizos xerais e, en xeral, de apoio á xestión. Na Nota 3 analízanse os saldos e as transaccións de Repsol YPF, S.A. coas súas sociedades filiais e no Anexo I expóñense os investimentos e os compoñentes do patrimonio neto das ditas sociedades.

2 Bases de presentación

As Contas anuais que se achegan foron obtidas dos rexistros contábeis da sociedade e preséntanse de acordo coa normativa legal vixente e co establecido na Lei de sociedades Anónimas e no Plan Xeral de Contabilidade, de forma que mostran a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da sociedade.

O artigo 1.1 do Real decreto 2814/1998, do 23 de decembro, polo que se aproban as normas sobre os aspectos contábeis da introdución do euro establece que as contas anuais expresadas en euros poderán incorporar os seus valores en miles cando a magnitude das cifras así o aconselle, e indícase esta circunstancia nas contas anuais. Non obstante, os Administradores entenden que, dada a magnitude das cifras contidas nos estados financeiros da Sociedade, e a práctica habitual das Compañías do sector, a presentación das contas anuais en millóns de euros mostra máis axeitadamente a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da sociedade e, polo tanto, facilita unha mellor comprensión destas.

Estas contas, así como as consolidadas do Grupo Repsol YPF, formuladas na mesma data polo Consello de Administración de Repsol YPF, S.A. someteranse á aprobación pola Xunta Xeral de Accionistas, e estímase que serán aprobadas sen modificación ningunha. As correspondentes ao exercicio 2005 foron aprobadas pola Xunta Xeral de Accionistas celebrada o 16 de xuño de 2006.

Situación económica e reguladora nos países onde Repsol YPF, S.A. desenvolve as súas actividades

En opinión dos Administradores, as contas anuais que se achegan recollen todos os feitos e efectos significativos da situación económica e reguladora vixente nos países onde Repsol YPF, S.A. desenvolve as súas actividades, na data da súa formulación. Así mesmo, e de acordo coa evolución que razoabelmente se espera que teña lugar dos aspectos sinalados anteriormente, os administradores manifestan que, no seu entendemento, non é probábel que se poidan adoptar medidas ou que acontezan feitos que puidesen ter un impacto adverso significativo sobre as operacións de Repsol YPF, S.A.

3 Saldos e transaccións con empresas do Grupo

Como consecuencia das transaccións levadas a cabo por Repsol YPF, S.A. coas súas empresas filiais os saldos que mantén con elas a 31 de decembro de 2006, así como os ingresos e gastos rexistrados no exercicio son os seguintes:

Millóns de euros

Empresas	Balance de situación					Conta de perdas e ganancias				
	Debedores (1)	Acredores (1)	Créditos concedidos		Créditos recibidos Longo prazo (3)	Ingresos de participacións en capital	Ingresos financeiros	Gastos financeiros	Ingresos operativos	Gastos operativos
			Curto prazo (2)	Curto prazo						
Grupo Repsol del Perú	3	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Repsol YPF Oriente Medio	-	7	-	-	-	-	-	-	-	-
Carbón Black Española, S.A.	-	2	150	-	-	-	-	-	-	-
Campsared	26	-	-	-	-	-	-	-	33	1
Duragás	-	-	-	-	-	-	-	1	-	-
Repsol Butano	24	2	-	-	-	-	-	-	58	3
Petróleos del Norte	8	1	52	-	-	-	213	-	9	2
Proyectos Integrales Energéticos	1	-	26	-	-	-	1	-	-	-
Refinería La Pampilla	2	-	-	-	-	-	-	-	2	-
Repsol Investigaciones Petrolíferas	-	-	-	-	-	-	-	-	4	-
Solred	11	-	-	-	-	-	-	-	13	-
Atlantic 2/3	-	6	-	-	-	-	3	1	-	296
Repsol Exploración Guinea	-	1	-	6	-	-	-	-	-	-
Repsol YPF Cuba	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Repsol YPF Ecuador	-	12	-	-	-	-	-	-	-	-
Repsol YPF OCP Ecuador	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Repsol Exploración Murzuq	-	9	-	-	-	-	-	-	1	-
Repsol Exploración Perú	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Repsol Exploración Surinam	2	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Repsol International Finance BV	-	-	-	52	1.521	-	-	163	-	-
Repsol Netherland Finance BV	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Gas Natural sdc	1	9	40	-	-	98	3	1	189	-
Gas Natural Aprovisionamiento	-	-	-	-	-	-	-	-	3	1
Repsol Cial. Prod. Petrolíferos	54	2	-	-	-	22	-	-	55	2
Repsol YPF Lubricantes y Espec.	14	-	-	-	-	-	-	-	16	1
Repsol YPF Perú BV	-	-	-	26	-	-	-	1	-	-
Repsol Exploración	21	98	217	-	-	200	22	-	77	5
Repsol Petróleo	331	4	-	-	-	763	-	-	126	7
Repsol Química	29	35	601	-	-	-	-	-	59	2
Repsol YPF Trading y Transporte	8	37	254	-	-	59	9	-	1	453
YPF	5	9	-	237	-	573	8	32	2	-
Repsol LNG	-	1	21	-	-	-	-	-	-	-
Repsol Comercializadora de Gas	5	-	-	9	-	-	-	-	4	-
Tecnicontrol	-	-	-	32	-	-	-	-	-	-
Baía Bizkaia Electricidad, S.L.	7	-	29	-	-	8	2	2	140	-
Baía Bizkaia Gas, S.L.	-	-	-	-	-	3	-	-	-	-
Outros	12	19	-	-	-	31	1	1	14	9
	566	254	1.390	362	1.521	1.970	49	202	819	382

(1) Inclúe os saldos para cobrar ou para pagar pola liquidación do imposto de sociedades do Grupo fiscal consolidado (ver nota 14). Os devanditos saldos para cobrar e para pagar ascenden a 431 e 167 millóns de euros, respectivamente.

(2) Inclúe dividendos pendentes de cobramento por 92 millóns de euros.

(3) Este epígrafe inclúe a póliza de crédito a longo prazo de Repsol Internacional Finance, BV (asociada á emisión de eurobono). Esta póliza de crédito non ten vencemento, de aí, que a sociedade rexistre no longo prazo tanto as disposicións como as cancelacións asociadas a esta.

O detalle dos empréstitos e das débedas financeiras, concedidos a empresas do Grupo, ao 31 de decembro de 2006 é o seguinte:

<i>Millóns de euros</i>	
2006	Curto prazo
Euros	
Principal	1.265
Xuros reportados	33
Total	1.298

O tipo de xuro medio destes créditos a empresas do Grupo foi dun 2,75% no exercicio 2006.

O detalle dos empréstitos e outras débedas financeiras de empresas do Grupo, ao 31 de decembro de 2006 é o seguinte:

<i>Millóns de euros</i>		
2006	Curto prazo	Longo prazo
Divisas		
Principal noutras divisas	48	–
Principal en dólares	213	332
Xuros reportados	12	–
Total	273	332
Euros		
Principal (*)	40	1.189
Xuros reportados	49	–
Total	89	1.189
Total	362	1.521

(*) *Estes importes transformáronse en débeda en dólares mediante operacións de permutas financeiras mixtas de divisas e tipos de xuro (ver nota 17).*

As débedas a curto e longo prazo con empresas do Grupo reportaron un tipo de xuro medio do 5,70% no exercicio 2006.

O vencemento dos créditos recibidos de empresas do Grupo a longo prazo ao 31 de decembro de 2006 é posterior ao ano 2009.

4 Distribución de resultados

A proposta de distribución de resultados do exercicio 2006 formulada polos Administradores da Sociedade é a seguinte:

<i>Millóns de euros</i>	
Base de repartición	
Beneficio do exercicio	1.070
	1.070
Distribución	
A reserva voluntaria	190
A dividendos	
Dividendo a conta	440 (*)
Dividendo complementario	440 (**)
	1.070

(*) 0,36 euros brutos por acción, pagados a partir do 12 de xaneiro de 2007.

(** *) 0,36 euros brutos por acción, pagadoiros a partir do 5 de xullo de 2007.

O estado contábel provisional formulado polos administradores de acordo cos requisitos legais (artigo 216 do texto refundido da Lei de Sociedades Anónimas), poñendo de manifesto a existencia de liquidez abonda para a distribución do dividendo a conta acordado no Consello de Administración celebrado o 20 de decembro de 2006 foi o seguinte:

		<i>Millóns de euros</i>	
Activo		Pasivo	
Inmobilizado	17.032	Fondos propios	14.269
Activo circulante	2.510	Acredores a longo prazo	4.764
		Acredores a curto prazo	509
	19.542		19.542

Á vista deste estado contábel e das liñas de crédito non dispostas, a Sociedade contaba na data da aprobación do dividendo na conta coa liquidez necesaria para proceder ao seu pagamento.

De acordo co texto refundido da Lei de Sociedades Anónimas non se poderán distribuír dividendos en tanto que non se amortizasen completamente os gastos de establecemento, salvo que existan reservas de libre disposición por un importe mínimo igual aos gastos pendentes de amortizar. A sociedade ten ao 31 de decembro de 2006 reservas voluntarias por un importe de 6.012 millóns de euros (Ver nota 10).

5 Normas de valoración

As principais normas de valoración utilizadas pola Sociedade na elaboración das súas Contas Anuais, de acordo co establecido polo Plan Xeral de Contabilidade, foron as seguintes:

a) Inmobilizado inmaterial

Investigación e desenvolvemento

Repsol YPF, S.A. segue a política de contabilizar e amortizar totalmente no propio exercicio os custos orixinados pola actividade de investigación e desenvolvemento.

Outro inmovilizado inmaterial

Dentro deste epígrafe recóllese o custo de adquisición das aplicacións informáticas adquiridas pola Sociedade, así como o de desenvolvemento das realizadas por esta. A amortización dos mencionados custos realízase linealmente nun período de 3 anos.

b) Inmobilizado material

O inmovilizado material adquirido con anterioridade ao 31 de decembro de 1996 está valorado ao custo de adquisición actualizado, de acordo co establecido no Real Decreto-Lei 7/1996 do 7 de xuño, ou ao valor de mercado se este fose menor.

As adquisicións posteriores ao 31 de decembro de 1996 están valoradas ao custo de adquisición.

Os custos de ampliación, modernización ou mellora que representan un aumento da produtividade, capacidade ou eficiencia, ou un alongamento da vida útil dos bens, capitalízanse como maior custo dos correspondentes bens.

Os gastos de conservación e mantemento, reportados durante o exercicio cárganse na conta de perdas e ganancias.

Os custos por xuros do financiamento directamente atribuíbel á adquisición ou construción de activos que requiren dun período superior a un ano para estaren listos para o seu uso, son capitalizados formando parte do custo dos devanditos activos. O importe capitalizado no exercicio 2006 ascende a 6,2 millóns de euros.

Os elementos do inmovilizado material amortízanse linealmente en función dos anos de vida útil estimada dos correspondentes elementos, segundo o seguinte detalle:

	Anos de vida útil estimada
Edifícios e outras construcións	25-50
Equipos informáticos	4
Instalacións e mobiliario	9-10
Outro inmovilizado material	6

Os incrementos de valor resultantes das operacións de actualización antes indicadas, amortízanse nos períodos que restan por completar a vida útil dos elementos patrimoniais actualizados.

c) Inmovilizado financeiro

As accións achegadas en 1987 a Repsol YPF, S.A. polo Instituto Nacional de Hidrocarburos valóranse no valor teórico contábel destas ao 31 de decembro de 1986. Este valor está minorado, se é o caso, polas distribucións de dividendos con cargo a reservas (xeradas polas sociedades filiais con anterioridade a 1986) ou por calquera outra diminución de valor que poidan sufrir dende a achega ata a data de peche de cada exercicio. En todo caso os criterios de valoración anteriores aplicanse en tanto que a valoración resultante non sexa inferior ao valor teórico contábel da sociedade participada ao peche do exercicio, en cuxo caso se axusta a este último.

Os títulos adquiridos con posterioridade rexístranse ao custo de adquisición, ou mercado, se este fose inferior. O valor de mercado determínase baseándose nos correspondentes valores teórico-contábeis das sociedades incrementados, se é o caso, por plusvalías tácitas latentes existentes no momento da compra e subsistentes no momento da valoración posterior.

Existen determinados investimentos en sociedades estranxeiras financiadas con empréstitos denominados na súa mesma moeda funcional, prodúcese unha situación de cobertura de risco asociado ao investimento. A dotación da provisión por depreciación do inmovilizado financeiro por estes investimentos como consecuencia da variación no tipo de cambio, compénsase coa variación no financiamento producido tamén polo devandito efecto sen que teña ningún impacto nas contas de perdas e ganancias que se achegan. No exercicio 2006 o importe compensado por este concepto ascendeu a 639 millóns de euros (ver nota 11).

As contas anuais que se achegan non reflicten as variacións do valor das participacións da Sociedade nas devanditas sociedades que resultarían de aplicar criterios de consolidación de acordo coas Normas Internacionais de Información Financeira, adoptadas pola Unión Europea (NIIF-UE).

Se se reflectisen as devanditas variacións de valor, suporían unha variación dos activos, das reservas e do resultado do exercicio de 25.127, 839 e 2.054 millóns de euros, respectivamente, no exercicio 2006.

O outro inmovilizado financeiro está valorado nos Balances de situación adxuntos ao custo de adquisición ou ao valor de mercado se fose inferior.

d) Investimentos financeiros temporais

Os investimentos financeiros a curto prazo están valorados ao custo de adquisición máis os xuros que se ten dereito a percibir e pendentes de cobro ao peche do exercicio.

e) Rexistro e clasificación das débedas e dos créditos non comerciais

As débedas e os créditos non comerciais están rexistrados polo seu valor de reembolso máis os xuros que se ten dereito a percibir e pendentes de cobramento ou pagamento ao peche do exercicio.

Nos Balances de situación adxuntos clasificáronse como debedores ou acredores a curto prazo aquelas cuxo vencemento na data do balance era inferior ou igual a 12 meses.

f) Obrigas por pensións e similares

a) Para algúns colectivos de traballadores en España, Repsol YPF ten recoñecidos plans de achega definida adaptados á Lei de Plans e Fondos de Pensións, cuxas principais características son as seguintes:

- i. Son plans de modalidade mixta destinados a cubrir tanto prestacións de xubilación como os riscos por invalidez e falecemento dos partícipes.

- ii. O promotor (Repsol YPF, S.A.) comprométese, para os partícipes en activo, a unha achega mensual a fondos de pensións externos de determinada porcentaxe do salario.

O custo anual reportado por este concepto ascendeu a 5,2 millóns de euros en 2006, e inclúese no epígrafe "Gastos de Persoal - Cargas Sociais" das Contas de Perdas e Ganancias que se achegan.

- b) Plan de Previsión de directivos. Plan mixto de achega definida con rendibilidade determinada garantida.

Dende 1992 e ata o 31 de decembro de 2005, os directivos do Grupo Repsol YPF dispoñían dun concepto retributivo de carácter diferido denominado "Premio de Permanencia".

Como parte da estratexia de transformación do sistema de compensación dos directivos do Grupo Repsol YPF, con efectos o 1 de xaneiro de 2006 implantouse un novo sistema de previsión social denominado "Plan de Previsión" que, no caso dos Directivos que se adheriron a este, extingue, substitúe e absorbe ao anterior "Premio de Permanencia". Consiste nun plan mixto con achegas definidas de aforro á xubilación, complementario do plan de pensións de emprego, que inclúe unha rendibilidade determinada e garantida, igual ao 125% do índice xeral nacional de prezos ao consumo do ano anterior, e está instrumentado a través de seguros colectivos de compromisos por pensións.

Este sistema ten como obxectivo recompensar a permanencia e dispoñibilidade dos directivos de Repsol YPF, así como a non concorrencia coas súas actividades nos dous anos seguintes á súa xubilación.

O directivo (ou os seus beneficiarios) terán dereito a recibir a prestación do plan nos seguintes casos: i) xubilación ordinaria (65 anos de idade), ii) xubilación anticipada (dende os 60 anos de idade), iii) falecemento, iv) incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, ou v) enfermidade grave ou desemprego de longa duración unha vez que cese a relación laboral e manteña os seus dereitos no plan.

Igualmente o partícipe terá dereito sobre o saldo do plan, na data do seu cesamento, nos casos de extinción da relación laboral por calquera dos supostos indemnizábeis. Para ter dereito sobre o plan, o partícipe debe cumprir co pacto de non competencia coas súas actividades nos dous anos posteriores á extinción da relación laboral.

O custo anual deste plan ascende a 5,1 millóns de euros e rexístrase na liña de "Gastos de persoal" da conta de resultados.

g) Provisións

Neste epígrafe inclúense as provisións para riscos e gastos correspondentes a responsabilidades probábeis ou certas. A súa dotación efectúase cando estas circunstancias se poñen de manifesto e en función do importe estimado dos riscos.

Os custos estimados dos plans de reestruturación do cadro de persoal cárganse a resultados no exercicio no que o correspondente plan se acorda e se recollen no epígrafe "Resultados Extraordinarios" das contas de perdas e ganancias que se achegan (Ver notas 12 e 16).

Incentivos a medio e longo prazo

Dende o ano 2000 a Comisión de Nomeamentos e Retribucións (Denominada anteriormente Comité de Selección e Retribucións) do Consello de Administración de Repsol YPF, S.A. veu implantando un programa de fidelización dirixido inicialmente a directivos (ver nota 17) e amplíabel a outras persoas con responsabilidade no Grupo. Este programa consiste na fixación dun incentivo a medio/longo prazo, como parte do sistema retributivo. Con iso, preténdese fortalecer os vínculos dos directivos e mandos cos intereses dos accionistas, ao propio tempo que se favorece a continuidade no Grupo do persoal máis destacado nun contexto de mercado laboral cada vez máis competitivo.

Ao peche do exercicio están vixentes os plans de incentivos 2003-2006, 2004-2007, 2005-2008 e 2006-2009, aínda que cabe sinalar que o primeiro dos programas indicados (o 2003-2006) se pechou, de acordo ás súas bases, a 31 de decembro de 2006 e os seus beneficiarios percibirán a retribución variábel correspondente no primeiro trimestre de 2007.

Os catro programas deste tipo vixentes (2003-2006, 2004-2007, 2005-2008 e 2006-2009), son independentes entre si, pero as súas principais características son as mesmas. En todos os casos se trata de plans específicos de retribución plurianual polos exercicios contemplados en cada un deles. Cada plan está ligado ao cumprimento dunha serie de obxectivos estratéxicos do Grupo. O cumprimento dos respectivos obxectivos dálles aos beneficiarios de cada plan o dereito á percepción de retribución variábel a medio prazo no primeiro trimestre do exercicio seguinte ao da súa finalización. Non obstante, en cada caso, a percepción do incentivo está ligada á permanencia do beneficiario ao servizo do Grupo ata o 31 de decembro do último dos exercicios do programa, con excepción dos supostos especiais recollidos nas propias bases deste.

Nos dous primeiros casos (incentivos 2003-2006 e 2004-2007), o incentivo plurianual, de obterse, consistirá nunha cantidade referenciada á retribución fixa do ano de concesión, á que se aplicará un coeficiente variábel en función do grao de consecución dos obxectivos establecidos.

Nos outros dous casos (incentivo 2005-2008 e 2006-2009), de percibirse, ademais de aplicarlle á cantidade determinada no momento da súa concesión un primeiro coeficiente variábel, en función do grao de consecución dos obxectivos establecidos, multiplicarase así mesmo por un segundo coeficiente variábel, vinculado ao desempeño do beneficiario ao longo do período contemplado no programa.

Ningún dos catro plans implica para ningún dos seus beneficiarios nin entrega de accións, nin de opcións, nin está referenciado ao valor da acción de Repsol YPF. Para asumir os compromisos derivados destes programas dotáronse en 2006 as seguintes provisións:

<i>Millóns de euros</i>	
Programa	2006
Incentivo 2003-2006	–
Incentivo 2004-2007	0,1
Incentivo 2005-2008	0,9
Incentivo 2006-2009	1,4

h) Transaccións en moeda estranxeira

As transaccións en moeda estranxeira contabilízanse ao tipo de cambio da data da operación. A sociedade procede no peche do exercicio a actualizar os saldos en moeda estranxeira ao tipo de cambio de peche. As diferenzas nos saldos para pagar ou cobrar en divisas no peche, como consecuencia de flutuacións nos tipos de cambio, contabilízanse de acordo cos seguintes criterios:

- a) As diferenzas de cambio xeradas polos empréstitos en moeda estranxeira que financian investimentos en sociedades estranxeiras que teñen a mesma moeda funcional, e para as cales se produce unha situación de cobertura do risco de cambio asociado ao citado empréstito, rexístranse empregando como contrapartida as contas de "Diferenzas Positiva de Cambio en Moeda Estranxeira ou Gastos para distribuír en varios exercicios", e son obxecto de imputación a resultados conforme se amortiza o financiamento que a xerou e, en todo caso, cando desaparece a cobertura do devandito risco. Estas diferenzas de cambio xéranse, principalmente, como consecuencia dos empréstitos que financian o investimento realizado en YPF, S.A. no exercicio 1999.
- b) As diferenzas de cambio xeradas polos empréstitos en moeda estranxeira que financian empréstitos concedidos na mesma moeda a outras Empresas do Grupo, impútanse aos resultados do exercicio, tanto se son positiva como negativas, na mesma medida que as diferenzas de cambio xeradas polos empréstitos concedidos.
- c) Para o resto de empréstitos, as diferenzas netas positivas recóllense no pasivo do balance como ingresos para distribuír en varios exercicios, salvo que se imputaran a resultados de exercicios anteriores ou no propio exercicio, diferenzas negativas de cambio, en cuxo caso se aboan a resultados do exercicio as diferenzas positivas ata o límite das diferenzas negativas netas cargadas.
- d) O resto das diferenzas de cambio xeradas no exercicio por operacións correntes impútanse aos resultados se son negativas. As diferenzas positivas rexístranse de acordo co mencionado no parágrafo c) anterior.

i) Imposto sobre sociedades

Repsol YPF, S.A. tributa en réxime de declaración consolidada con outras sociedades filiais do Grupo, dende o exercicio 1988.

O gasto polo imposto sobre sociedades de cada exercicio calcúlase a partir do resultado económico antes de impostos, aumentado ou diminuíndo, segundo corresponda, polas diferenzas permanentes co resultado fiscal, enténdese este como a Base Imponíbel do citado imposto e minorado polas bonificacións e deducións na cota. A diferenza entre o gasto rexistrado e a cota liquidada que resulta para pagar, débese unicamente a diferenzas temporais de imputación de gastos e ingresos que dan orixe a un imposto anticipado ou diferido (ver nota 14).

j) Ingresos e gastos

Dividendos

Os dividendos recibidos das sociedades do Grupo e asociadas son considerados como ingresos do exercicio no que se reportan; é dicir, no momento da súa aprobación polo órgano competente.

Outros ingresos e gastos

Os ingresos e gastos impútanse a resultados en función do criterio de reporte, é dicir, cando se produce a corrente real de bens e servizos que estes representan, con independencia do momento no que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles.

Non obstante, seguindo o principio de prudencia, unicamente se contabilizan os beneficios realizados na data de peche do exercicio, en tanto que os riscos previsíbeis e as perdas, aínda as eventuais, contabilízanse tan pronto como son coñecidos.

k) Operacións con derivados financeiros

A sociedade, como cabeceira do Grupo, utiliza estes instrumentos para realizar coberturas globais de riscos asociadas ás operacións financeiras e de produtos que se realizan baixo directrices corporativas nos distintos negocios que desenvollen as filiais do Grupo.

Na nota 17 descríbense as operacións realizadas pola sociedade, así como a súa contabilización.

6 Inmobilizado inmaterial

O movemento que houbo durante o exercicio 2006 neste epígrafe foi o seguinte:

<i>Millóns de euros</i>			
	Outro inmaterial	Investigación e desenvolvemento	Total
Custo			
Saldo a 31 de decembro de 2005	70	5	75
Investimentos	19	12	31
Retiros	(12)	(5)	(17)
Saldo a 31 de decembro de 2006	77	12	89
Amortización acumulada			
Saldo a 31 de decembro de 2005	51	5	56
Amortización do exercicio 9	12	21	33
Retiros	(12)	(5)	(17)
Saldo a 31 de decembro de 2006	48	12	60
Saldo neto a 31 de decembro de 2006	29	-	29

O importe dos elementos totalmente amortizados ascende a 48 millóns de euros ao 31 de decembro de 2006.

7 Inmobilizado material

A composición e os movementos do inmaterial e da súa correspondente amortización acumulada ao 31 de decembro de 2006 é a seguinte:

<i>Millóns de euros</i>					
	Terreos, edificios e construcións	Equipos informáticos	Instalacións e mobiliario	Outro inmaterial	Total
Custo					
Saldo a 31 de decembro de 2005	382	99	174	81	736
Investimentos (1)	-	13	4	61	78
Retiros	(5)	-	(2)	-	(7)
Traspasos	-	-	3	(3)	-
Saldo a 31 de decembro de 2006	377	112	179	139	807
Amortización acumulada					
Saldo a 31 de decembro de 2005	10	71	70	-	151
Amortización do exercicio	4	13	15	1	33
Retiros	(1)	-	(1)	(1)	(3)
Saldo a 31 de decembro de 2006	13	84	84	-	181
Saldo neto a 31 de decembro de 2006	364	28	95	139	626

(1) Os investimentos en "Outro inmaterial", que recollen inmaterializacións en curso, inclúen 59 millóns de euros correspondentes á construción da Torre de Castellana.

O 31 de decembro de 1996, Repsol YPF, S.A. actualizou o seu inmovilizado material ao amparo do Real Decreto-Lei 7/1996 do 7 de xuño, con pagamento dun gravame único do 3%. A actualización de 1996 practicouse aplicando os coeficientes máximos autorizados polo Real Decreto-Lei e a redución do factor do 40%.

A plusvalía resultante da actualización neta do gravame único do 3%, foi aboada á conta "Reserva de revalorización Real Decreto-Lei 7/1996 do 7 de xuño". Como contrapartida da plusvalía utilizáronse as contas correspondentes aos elementos patrimoniais actualizados, sen variar o importe da amortización acumulada contabilizada.

O incremento neto de valor resultante das operacións de actualización amortízase nos períodos que restan por completar a vida útil dos elementos patrimoniais actualizados. O efecto da actualización no exercicio 2006 non resulta significativo.

O importe dos elementos totalmente amortizados ascende a 87 millóns de euros ao 31 de decembro de 2006.

De acordo coa práctica da industria, Repsol YPF, S.A. asegura os seus activos e as súas operacións a nivel global. Entre os riscos asegurados inclúense os danos en elementos de propiedades, planta e equipo. A sociedade considera que o actual nivel de cobertura é, en xeral, adecuado para os riscos inherentes á súa actividade.

8 Inmovilizado financeiro

8.1 Participacións en empresas do Grupo e asociadas

A composición deste epígrafe a 31 de decembro de 2006 é a seguinte:

<i>Millóns de euros</i>				
2006	% de participación	Custo da investimento	Provisión por depreciación	Valor neto
Repsol YPF Chile, LTDA	99,99%	106	0	106
Repsol Exploración, S.A.	99,99%	258	0	258
Repsol Química, S.A.	99,99%	303	184	119
Repsol Butano, S.A.	99,99%	87	0	87
Repsol Petróleo, S.A.	99,97%	613	0	613
Repsol Comercial de Productos Petrolíferos, S.A.	18,39%	46	0	46
Petróleos del Norte, S.A. - Petronor	85,98%	258	0	258
Gas Natural SDG, S.A.	24,23%	399	0	399
Compañía Logística de Hidrocarburos CLH, S.A.	19,67%	265	175	90
Repsol International Finance B.V.	100,00%	564	0	564
Repsol YPF Perú, B.V.	100,00%	178	0	178
Repsol YPF Comercial del Ecuador, S.A.	100,00%	60	3	57
YPF, S.A.	91,95%	14.588	4.741	9.847
Repsol YPF Brasil	100,00%	1.044	771	273
Repsol YPF Bolivia	99,83%	891	144	747
Repsol Portuguesa, S.A.	70,00%	475	60	415
Repsol Italia, SPA	100,00%	40	0	40
Tecnicontrol, S.A.	100,00%	32	0	32
Repsol LNG, S.L.	99,99%	10	10	0
Repsol Overzee Financien B.V. (1)	100,00%	145	49	96
Caveant	5,00%	10	0	10
Outras participacións (1)		49	14	35
		20.421	6.151	14.270

(1) *Pendente de desembolsar por estas participacións 17 millóns de euros, dos que 16 millóns de euros corresponden á sociedade Repsol Óverzee Financien que figuran no epígrafe "Acredores a longo prazo" do Balance a 31 de decembro de 2006 que se achega.*

O movemento que houbo neste epígrafe durante o exercicio 2006 foi o seguinte:

<i>Millóns de euros</i>			
2006	Custo da investimento	Provisión por depreciación	Valor neto
Saldo ao 31 de decembro de 2005	20.243	(4.898)	15.345
Investimentos do exercicio			
Repsol Óverzee Financien B.V. (1)	145	-	145
Repsol Química, S.A. (2)	25	-	25
Repsol LNG, S.L. (2)	6	-	6
Baía Bizkaia Gas (1)	13	-	13
Carbesa (2)	5	-	5
Caveant (3)	10	-	10
Gastream México (1)	3	-	3
Repsol Exploración Perú (1)	1	-	1
Repsol Lusitania (2)	1	-	1
Outras participacións	1	-	1
	210	-	210
Desinvestimento do exercicio			
Trade-Ranger INC (4)	(7)	7	-
Repsol Exploración Azerbaijón (5)	(1)	1	-
Proyectos Integrados Energéticos, S.A. (5)	(24)	-	(24)
	(32)	8	(24)
Dotación de provisións (6)			
Compañía Logística de Hidrocarburos CLH, S.A.	-	(18)	(18)
Repsol YPF Brasil, S.A.	-	(162)	(162)
Repsol Portuguesa, S.A.	-	(4)	(4)
Repsol LNG, S.L. (Gastream)	-	(6)	(6)
Repsol YPF Bolivia, S.A.	-	(75)	(75)
Repsol Óverzee Financien B.V.	-	(49)	(49)
Gastream México, S.A. de C.V.	-	(4)	(4)
YPF, S.A.	-	(968)	(968)
	-	(1.286)	(1.286)
Aplicación de provisións			
Repsol YPF Comercial do Ecuador, S.A.	-	3	3
Carbesa	-	1	1
Repsol Química, S.A.	-	21	21
	-	25	25
Saldo o 31 de decembro de 2006	20.421	(6.151)	14.270

(1) Ampliación de capital.

(2) Corresponde á restitución do equilibrio patrimonial por perdas.

(3) Adquisición de 24.964 accións a Repsol YPF Capital.

(4) Disolución de Trade Ranger.

(5) Venda de REX Azerbaijón a Repsol Exploración, S.A. e venda de PIESA a Repsol Petróleo, S.A.

(6) A dotación á provisión do exercicio 2006 corresponde fundamentalmente á variación do tipo de cambio do euro con respecto ás moedas locais.

No Anexo I expónse o investimento neto realizado ata o 31 de decembro de 2006 nas empresas do Grupo e asociadas, así como a composición do patrimonio destas.

8.2 Outro inmovilizado financeiro

A composición deste epígrafe a 31 de decembro de 2006 é a seguinte:

<i>Millóns de euros</i>	
2006	
Empréstitos ao personal	4
Fianzas constituídas	5
	9

9 Investimentos financeiros temporais

O saldo deste epígrafe dos Balances de Situación que se achegan corresponde a créditos a empresas do Grupo (nota 3), así como a outros investimentos a curto prazo. A rendibilidade media no exercicio 2006 dos créditos a curto prazo a empresas do Grupo foi do 2,75%. O saldo do epígrafe "Carteira de valores a curto prazo" corresponde, basicamente, a excedentes conxunturais de tesouraría temporalmente depositados en entidades financeiras. Estes investimentos reportaron un xuro de aproximadamente un 3,48% en 2006.

10 Fondos propios

O movemento que houbo nas contas de fondos propios durante o exercicio 2006 foi o seguinte:

	Capital subscrito	Prima de emisión	Reserva legal	Reserva revaloriz.	Reserva voluntaria	Reserva axuste euros	Resultados do exercicio	Dividendo a conta	Total
Saldo ao 31 de decembro de 2005	1.221	6.428	244	3	4.408	2	2.336	(366)	14.276
Distribución beneficio de 2005									
Reserva legal									
Reserva voluntaria					1.604		(1.604)		-
Dividendo a conta							(366)	366	-
Dividendo complementario							(366)		(366)
Beneficio do exercicio 2006							1.070		1.070
Dividendo a conta (*)								(440)	(440)
Saldo o 31 de decembro de 2006	1.221	6.428	244	3	6.012	2	1.070	(440)	14.540

Millóns de euros

(*) Este dividendo está pendente de pagamento a 31 de decembro de 2006.

Capital social

O capital social subscrito a 31 de decembro de 2006 está representado por 1.220.863.463 accións de 1 euro de valor nominal cada unha totalmente subscritas e desembolsadas, e admitidas na súa totalidade a cotización oficial no mercado continuo das bolsas de valores españolas, de Nova York e de Bos Aires.

As participacións máis significativas no capital social de Repsol YPF, S.A. son as seguintes:

	Porcentaxe de participación
"la Caixa"	9,10
Repinvés	5,02 (1)
Pemex	4,83
Sacyr	20,01

(1) Son socios de Repinvés, "la Caixa" (67,7% dos dereitos económicos e 100% dos dereitos políticos) e Caixa D'Estalvis de Catalunya (32,3% dos dereitos económicos).

Os Estatutos de Repsol YPF, S.A. limitan ao 10% do capital social con dereito a voto o número máximo de votos que pode emitir na Xunta Xeral de Accionistas un mesmo accionista ou as sociedades pertencentes ao mesmo Grupo.

O Grupo non mantén a 31 de decembro de 2006 accións da sociedade dominante, nin directamente nin a través de sociedades consolidadas.

Prima de emisión

A prima de emisión a 31 de decembro de 2006 ascende a 6.428 millóns de euros. O Texto Refundido da Lei de Sociedades Anónimas permite expresamente a utilización do saldo da prima de emisión para ampliar o capital e non establece restrición específica ningunha en canto á dispoñibilidade do devandito saldo.

Reserva legal

De acordo co Texto Refundido da Lei de Sociedades Anónimas debe destinarse unha cifra igual ao 10% do beneficio do exercicio á reserva legal ata que esta alcance polo menos o 20% do capital social. A reserva legal poderá utilizarse para aumentar o capital na parte do seu saldo que exceda o 10% do capital xa aumentado. Salvo para a finalidade mencionada anteriormente, e mentres non supere o 20% do capital social, esta reserva só poderá destinarse á compensación de perdas e sempre que non existan outras reservas dispoñíbeis suficientes para este fin.

Reserva de revalorización

O saldo da conta "Reserva de revalorización", Real Decreto-Lei 7/1996, do 7 de xuño, pode destinarse, sen remuneración de impostos, a eliminar os resultados contábeis negativos de exercicios anteriores ou do exercicio actual ou futuros e á ampliación de capital social. A partir do 1 de xaneiro do ano 2007 poderá destinarse a reservas de libre disposición, sempre que a plusvalía monetaria fose realizada. Entenderase realizada a plusvalía na parte correspondente á amortización contabelmente practicada ou cando os elementos patrimoniais actualizados sexan transmitidos ou dados de baixa nos libros de contabilidade. Se se dispuxese do saldo desta conta en forma distinta á prevista no Real Decreto-Lei 7/1996, o dito saldo pasaría a estar suxeito a tributación. A repartición das devanditas reservas orixinaría o dereito á dedución por dobre imposición de dividendos.

11 Diferenzas positivas de cambio en moeda estranxeira

Segundo se explica na Nota 5.h), este epígrafe recolle fundamentalmente as diferenzas de cambio xeradas por empréstitos en moeda estranxeira que financian investimentos en sociedades que teñen a mesma moeda funcional por canto existe cobertura do risco de cambio asociado a estes investimentos. Ao 31 de decembro de 2006 as diferenzas de cambio por este concepto ascenderon a 639 millóns de euros que se rexistraron no pasivo do balance no epígrafe de "Diferenzas positivas de cambio en moeda estranxeira". A imputación a resultados realízase conforme se amortiza o financiamento que a xerou e, en todo caso, sempre que sexan negativas cando desaparece a cobertura do devandito risco.

12 Provisións

A composición deste epígrafe a 31 de decembro de 2006 é a seguinte:

	<i>Millóns de euros</i>
	2006
Provisión actas fiscais impostos	185
Provisión para responsabilidades (*)	23
	208

(*) A 31 de decembro de 2006, este importe está composto por 13 millóns de euros correspondentes aos incentivos a medio prazo, 2 millóns correspondentes ás provisións por investimentos en sociedades con valor teórico contábel negativo, e 8 millóns de euros correspondentes a provisións por responsabilidades diversas.

O movemento deste epígrafe a 31 de decembro de 2006 é o seguinte:

	<i>Millóns de euros</i>
	2006
Saldo a inicio do exercicio	324
Dotacións	13
Con cargo ao Resultado financeiro	4
Con cargo ao Resultado operativo	2
Con cargo ao Resultado extraordinario	7
Aplicacións de Provisións (*)	(129)
Saldos ao peche do exercicio	208

(*) A 31 de decembro de 2006 recóllese fundamentalmente 23 millóns de euros correspondentes aos incentivos do 2002-2006, o pagamento de 37 millóns de euros por premio de permanencia, e 27 millóns de euros por cancelación de provisións de investimentos en sociedades con valor teórico contábel negativo.

13 Débedas con entidades de crédito

O detalle dos empréstitos e das débedas financeiras, recibidos de entidades de crédito ao 31 de decembro de 2006, é o seguinte:

	<i>Millóns de euros</i>	
2006	Curto prazo	Longo prazo
Divisas		
Principal en dólares (1)	26	27
Xuros reportados	54	-
<i>Total</i>	<i>80</i>	<i>27</i>
Euros		
Principal	148	1.337
Xuros reportados (2)	(51)	-
<i>Total</i>	<i>97</i>	<i>1.337</i>
Total	177	1.364

(1) A débeda en euros está transformada a dólares mediante operacións de cobertura sobre tipos de cambio e tipos de xuro, cuxa valoración ao peche xerou diferenzas de cambio positivas no ano 2006 (ver nota 17). A sociedade mantén o criterio de rexistrar a súa posición financeira polo neto.

(2) Inclúe a remuneración en euros asociada aos instrumentos derivados (ver nota 17).

As débedas con entidades de crédito reportaron un tipo de xuro medio do 7,87% no exercicio 2006.

O vencemento dos créditos recibidos a longo prazo de entidades de crédito ao 31 de decembro de 2006 é o seguinte:

	<i>Millóns de euros</i>
Vencemento en	2006
2007	-
2008	750
2009	755
2010	(74)
Anos posteriores	(67)
	1.364

Ao 31 de decembro de 2006, a Sociedade ten recursos dispoñíbeis para atender os vencementos da súa débeda.

As emisións de bonos, representativas de débeda ordinaria, realizadas por Repsol Internacional Finance, B.V., coa garantía de Repsol YPF, S.A., por un importe total de 3.166 millóns de euros (correspondentes a un nominal de 3.175 millóns de euros), conteñen certas cláusulas denominadas de "cross-default" que determinan que, en caso de incumprimento, o banco depositario-fiduciario á súa soa discreción ou a instancia dos titulares de polo menos unha quinta parte das obrigas pode declarar esixíbeis e pagadoiras a totalidade das emisións de bonos citadas.

14 Situación fiscal

A 31 de decembro de 2006, os exercicios abertos a inspección para os principais impostos aos que está suxeita a sociedade son os seguintes:

Tipo de imposto	Períodos abertos
Imposto sobre Sociedades	2002 a 2005
Imposto sobre o Valor Engadido	2003 a 2006
Retencións/ingresos na conta	2003 a 2006

Debido ás diferentes interpretacións que puidesen darse á normativa fiscal aplicábel a determinadas operacións, poderían poñerse de manifesto pasivos fiscais continxentes de contía indeterminada na actualidade, se ben os Administradores consideran que as débedas fiscais que puidesen derivarse non afectarían significativamente ás Contas anuais que se achegan.

Imposto sobre sociedades

A Sociedade declara no Réxime de consolidación fiscal dentro do Grupo fiscal 6/80, do que ostenta a condición de sociedade dominante. As sociedades do mencionado grupo fiscal determinan conxuntamente o resultado fiscal deste repartindo este entre elas, segundo o criterio establecido polo Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas en canto a rexistro e determinación da carga impositiva individual.

O cálculo do Imposto sobre Sociedades realízase sobre a base do resultado económico, obtido pola aplicación de principios de contabilidade xeralmente aceptados, que non necesariamente ha de coincidir co resultado fiscal, enténdese este como a base imponible do imposto.

A conciliación entre o resultado contábel e a base imponible, así como o cálculo do gasto por Imposto sobre Sociedades contabilizado no exercicio 2006, de acordo co criterio indicado na nota 5.i) desta Memoria, é a seguinte:

	Aumentos	Diminucións	Total
			<i>Millóns de euros</i>
Resultado contábel antes de impostos			937
Diferenzas permanentes	24	(1.619)	(1.595)
Diferenzas temporais:			
Con orixe no exercicio	1.160	(142)	1.018
Con orixe en exercicios anteriores		(24)	(24)
Total axustes ao resultado contábel			(601)
Base Imponible			336
Cota bruta			118
Deducións por dobre imposición			123
Deducións por incentivos fiscais			12
Cota líquida			(17)
Efecto de diferenzas temporais			(348)
Axustes de regularización I.S.2005			7
Axustes na imposición sobre beneficios			232
Outros			(7)
Gasto Imposto sobre sociedades			(133)

Entre as diferenzas permanentes ao resultado contábel inclúese unha diminución por dividendos por importe de 1.618 millóns de euros. Así mesmo, as diferenzas temporais inclúen un aumento de 1.135 millóns de euros que corresponden a provisións de carteira.

Os incentivos fiscais xerados por Repsol YPF, S.A. no presente exercicio son, en termos de cota do imposto, 123 millóns de euros polo concepto de dedución por dobre imposición interna, e 12 millóns por deducións por investimentos diversos.

Nos exercicios 2004, 2005 e 2006 a compañía aplicou a dedución establecida no artigo 42 do Real Decreto Lexislativo 4/2004 polo que se aproba o texto refundido da Lei do Imposto sobre Sociedades, por importe de 0,1 en 2004 e 1 millón de euros en 2006. Os importes correspondentes a 2005 resultan inmatérias. Materializouse o importe do alleamento correspondente en diversos investimentos efectuados polo Grupo fiscal 6/80.

Os impostos anticipados sobre beneficios recollen o exceso do imposto sobre beneficios que hai que pagar respecto do imposto sobre beneficios reportado. Os impostos diferidos sobre beneficios, polo contrario, recollen o exceso do imposto sobre beneficios reportado respecto do imposto sobre beneficios que hai que pagar.

Durante o exercicio 2006, o movemento dos impostos anticipados ou diferidos que xorde da imputación de ingresos e gastos en períodos diferentes para os efectos da normativa fiscal vixente e da relativa á preparación das contas anuais, é o seguinte:

<i>Millóns de euros</i>			
	Impostos anticipados	Impostos diferidos	Total
Saldo a 31 de decembro de 2005	1.632	(220)	1.412
Cancelación estimación 2005 e liquidación definitiva	(40)	(10)	(50)
Regularización cambio tipo de gravame (1)	(289)	13	(276)
Estimación gasto 2006	270	(11)	259
Saldo a 31 de decembro de 2006	1.573	(228)	1.345

(1) Efecto derivado do cambio normativo para os efectos do Imposto sobre sociedades en vigor con data 1 de xaneiro de 2007.

Como resultado das reformas fiscais aprobadas en España no exercicio 2006, entre as que figura a modificación do tipo impositivo xeral do Imposto sobre Sociedades, fixándoo no 32,5% para 2007 e no 30% para 2008 e seguintes, Repsol YPF, S.A. procedeu a regularizar os seus impostos anticipados e diferidos e axustounos segundo a taxa previsíbel de recuperación.

En 2002, Repsol YPF, S.A. subscribiu, mediante a achega non monetaria de diversas participacións accionarias, senllas ampliacións de capital social acordadas polas sociedades Repsol Investigaciones Petrolíferas, S.A. (RIPSA) e Repsol Exploración, S.A. As mencións esixidas polo artigo 93 do Real Decreto Lexislativo 4/2004 polo que se aproba o texto refundido da Lei do Imposto sobre Sociedades en relación coas citadas operacións constan na Memoria anual do exercicio 2002.

As contas coas Administracións Públicas por todos os conceptos son, en millóns de euros, as seguintes:

<i>Millóns de euros</i>		
2006	Activo	Pasivo
Por Imposto sobre beneficios		
Pagos na conta	252	-
Acredor por imposto sociedades	-	150
Outros conceptos	2	-
Por outros conceptos		
Acredor por IVE	-	2
Retencións practicadas IRPF	-	6
Seguridade social. Cotizacións	-	2
Total	254	160

15 Cadro de persoal

O número medio de persoas empregadas no curso do exercicio 2006 distribuído por categorías foi o seguinte:

N.º medio de empregados en 2006	
Directivos	88
Técnicos	1.322
Administrativos e operarios	274
	1.684

16 Ingresos e gastos

De acordo cos contratos de xestión asinados entre Repsol YPF, S.A. e as súas sociedades filiais, a sociedade recibe destas diversos ingresos en concepto de contraprestacións aos servizos prestados pola matriz. O importe rexistrado polos mencionados ingresos ascendeu a 819 en 2006 e rexistrouse baixo o epígrafe de "Vendas e prestacións de servizos a empresas do Grupo" nas Contas de perdas e ganancias que se achegan.

O detalle por tipo de servizos prestados é o seguinte:

Millóns de euros	
2006	
Sistemas de información	111
Central de enxeñaría	22
Tecnoloxía	40
Servizos corporativos	290
Servizos xerais a empresas do Grupo	27
Ingresos por vendas (*)	329
	819

(*) Este concepto corresponde á venda de gas natural licuado a empresas do Grupo.

O criterio de repartición entre as empresas do Grupo dos conceptos arriba indicados é o seguinte: Os gastos de Enxeñaría e Sistemas de Información e Tecnoloxía repercutense ás empresas do Grupo en función dos consumos reais, mentres que os servizos xerais de apoio á xestión se repercuten de acordo cos contratos asinados para o efecto.

Como consecuencia da comercialización de gas natural licuado por parte de Repsol YPF, S.A., realizáronse unhas compras de gas natural licuado que ascenderon a 294 millóns de euros ao 31 de decembro de 2006 e que se recollen no epígrafe "Servizos empresas do Grupo". Os ingresos con terceiros xerados pola venda fóra do grupo de gas natural licuado ascenderon a 14 millóns de euros ao 31 de decembro de 2006 e recóllense no epígrafe de "Outros ingresos".

No ano 2006 canceláronse as operacións ligadas á cotización da acción de Repsol YPF, S.A.:

- As opcións de compra sobre accións de Repsol YPF, S.A. cun prezo de exercicio de 13 e 18 euros foron canceladas o 18 de decembro a un prezo medio de 27,53 euros e supuxeron un ingreso financeiro de 64 millóns de euros.
- As operacións ligadas á cotización das accións de Repsol YPF, S.A., "equity link swaps", foron liquidadas no exercicio e supuxeron uns gastos financeiros de 12 millóns de euros e uns ingresos financeiros de 18 millóns de euros.

Estas operacións rexistráronse nos epígrafes "Outros ingresos financeiros" e "Outros gastos financeiros", da Conta de perdas e ganancias que se achega.

O detalle dos gastos e ingresos extraordinarios rexistrados por Repsol YPF, S.A. durante o exercicio 2006 foi o seguinte:

	<i>Millóns de euros</i>
	2006
Gastos extraordinarios	
Dotación provisión para riscos e gastos (Nota 12)	7
Indemnización reestruturación cadro de persoal	19
Dotación provisión carteira de valores (Nota 8)	1.286
Outros gastos extraordinarios	6
Total	1.318
Ingresos extraordinarios	
Alienación de carteira	50
Aplicación provisión de carteira (Nota 8)	25
Outros ingresos extraordinarios	34
Total	109

17 Outra información

Información sobre membros do Consello de Administración e persoal directivo

a) Retribucións aos membros do Consello de Administración

Pola súa pertenza ao Consello de Administración

De acordo ao disposto no artigo 45 dos Estatutos Sociais, a sociedade poderá destinar en cada exercicio a retribuír os membros do Consello de Administración unha cantidade equivalente ao 1,5% do beneficio líquido, que só poderá ser detraída despois de estaren cubertas as atencións da reserva legal e aquelas outras que fosen obrigatorias e, de recoñecérselles aos accionistas, polo menos, un dividendo do 4%.

Segundo o sistema establecido e aprobado pola Comisión de Nomeamentos e Retribucións, o importe das retribucións que se teñen dereito a percibir anualmente pola pertenza a cada un dos órganos de goberno corporativo do Grupo ascende, no exercicio 2006, aos seguintes importes:

	<i>Euros</i>
Órgano de Goberno	2006
Consello de Administración	159.289
Comisión Delegada	159.289
Comisión de Auditoría e Control	49.778
Comisión de Estratexia, Investimentos e Competencia	39.822
Comisión de Nomeamentos e Retribucións	39.822

O importe das retribucións reportadas no exercicio 2006 polos membros do Consello de Administración pola súa pertenza a este con cargo á mencionada asignación estatutaria ascendeu a 4 millóns de euros de acordo co seguinte detalle:

	Euros					
Retribución por pertenza aos Órganos de Administración	Consello	Comisión Delegada	Comisión de Auditoría e Control	Comisión de Nomeamentos e Retribucións	Comisión de Estratexia, Investimentos e Competencia	Total
Antonio Brufau	159.289	159.289				318.578
Luis Suárez de Lezo	159.289	159.289				318.578
Juan Molins (2)	79.645	79.645			19.911	179.200
Antonio Hernández-Gil	159.289	159.289		39.822		358.400
Enrique de Aldama (2)	79.645	79.645			19.911	179.200
Gonzalo Anes (3)	132.741			33.185		165.926
Ricardo Fornesa	159.289	159.289				318.578
Marcelino Oreja (3)	132.741		36.504			169.245
Ignacio Bayón	159.289		49.778			209.067
Carmelo de las Morenas	159.289		49.778			209.067
Jorge Mercader (5)	159.289	79.645		19.911	19.911	278.756
Henri Philippe Reichstul	159.289	159.289				318.578
Paulina Beato	159.289		49.778			209.067
Javier Echenique (1)	79.645	79.645			19.911	179.200
Artur Carulla (1)	79.645			19.911		99.556
Luis del Rivero (4)	26.548					26.548
Juan Abelló (4)	26.548					26.548
Pemex Intern. España	159.289	159.289			39.822	358.400

(1) Nomeamento na Xunta Xeral de Accionistas celebrada o 16 de xuño de 2006.

(2) Baixa no cargo dende o 16 de xuño de 2006.

(3) Renuncia no Consello de Administración do 25 de outubro de 2006.

(4) Nomeamento

no Consello de Administración celebrado o 29 de novembro de 2006.

(5) Baixa na Comisión de Nomeamentos e Retribucións e alta na Comisión Delegada e na Comisión de Estratexia, Investimentos e Competencia o 16 de xuño de 2006.

Por outra banda, hai que indicar que:

- Os membros do Consello de Administración da sociedade dominante non teñen concedidos créditos nin anticipos por parte de ningunha sociedade do Grupo, multigrupo ou asociada.
- Ningunha sociedade do Grupo, multigrupo ou asociada, ten contraídas obrigas en materia de pensións ou de seguros de vida con ningún dos membros antigos ou actuais do Consello de Administración da sociedade dominante, agás no caso do Presidente Executivo, co que reñen os compromisos previstos no seu contrato mercantil de prestación de servizos, que contempla un sistema de achega definida, e do Secretario Xeral, co que se teñen contraídas as propias do colectivo de persoal directivo.

Polo desempeño de postos e funcións directivas

A remuneración monetaria e en especie percibida no ano 2006 polos membros do Consello de Administración que durante o devandito exercicio tiveron relacións de tipo laboral ou desempeñaron responsabilidades executivas no Grupo ascenderon a un total de 2,989 millóns de euros, corresponden 2,127 a D. Antonio Brufau e 0,862 a D. Luis Suárez de Lezo. Estas cantidades non inclúen os custos polas pólizas de seguro e as achegas a plans de pensións e ao premio de permanencia que se detallan máis adiante.

Pola súa pertenza a consellos de administración de filiais

O importe das retribucións reportadas no exercicio 2006 polos membros do Consello de Administración da sociedade dominante, pola súa pertenza aos órganos de administración doutras sociedades do Grupo, multigrupo ou asociadas, ascende a 0,37 millóns de euros, de acordo co seguinte detalle:

	Euros				
	YPF	Gas Natural	Enagas	CLH	Total
Antonio Brufau	96.269	241.500	–	–	337.769
Luis Suárez de Lezo	–	–	–	32.303	32.303

Por primas de seguro de responsabilidade civil

Os membros do Consello de Administración están cubertos pola mesma póliza de responsabilidade civil que asegura a todos os administradores e persoal directivo do Grupo Repsol YPF.

Por pólizas de seguro de vida e xubilación e achegas a plans de pensións e premio de permanencia

O custo das pólizas de seguro por xubilación, invalidez e falecemento e das achegas a plans de pensións e ao premio de permanencia, incluíndo, se é o caso, os correspondentes ingresos a conta, no que incorreu a Compañía polos membros do Consello de Administración con responsabilidades executivas no Grupo ascendeu en 2006 a un total de 2,488 millóns de euros.

b) Indemnizacións aos membros do Consello de Administración

Durante o exercicio 2006 ningún Conselleiro percibiu indemnización ningunha de Repsol YPF.

c) Operacións cos administradores

A continuación infórmase sobre operacións realizadas cos Administradores, de conformidade co establecido na Lei 26/2003 do 17 de xullo, pola que se modifican a Lei 24/1988 do 28 de xullo, do Mercado de Valores, e o texto refundido da Lei de Sociedades Anónimas, co fin de reforzar a transparencia das sociedades anónimas cotizadas.

Con independencia da remuneración percibida, dos dividendos distribuídos polas accións da sociedade das que son titulares e no caso dos conselleiros externos dominicais, das operacións con accionistas significativos da sociedade, os administradores de Repsol YPF non realizaron coa sociedade ou coas sociedades do Grupo Repsol YPF ningunha operación vinculada relevante fóra do xiro ou tráfico ordinario e en condicións distintas das de mercado.

Agás polo analizado no Anexo II, ningún dos administradores posúe participación ningunha, nin exercen cargos en sociedades con este, análogo ou complementario xénero de actividade ao que constitúe o obxecto social de Repsol YPF, nin realizaron, por conta propia ou allea, actividades deste, análogo ou complementario xénero do que constitúe o obxecto social de Repsol YPF.

d) Retribución do persoal directivo**Alcance**

A información incluída nesta nota corresponde ás 9 persoas que forman ou formaron parte do Comité de Dirección do Grupo durante o exercicio 2006, excluídos, salvo cando se indique o contrario, aqueles nos que concorre a condición de conselleiros da sociedade dominante, dado que a información correspondente a estes xa foi incluída no apartado a).

Soldos e salarios

O persoal directivo percibe unha retribución fixa e unha retribución variábel. Esta última consta dun bono anual, calculado como unha determinada porcentaxe sobre a retribución fixa, que se percibe en función do grao de cumprimento de determinados obxectivos, e, se é o caso, do pagamento correspondente ao plan de incentivos pluriannual.

No exercicio 2006, a retribución total percibida polo persoal directivo que forma ou formou parte do actual Comité de Dirección, durante o seu período de pertenza a este, ascende a un total de 7 millóns de euros de acordo co seguinte detalle:

	<i>Millóns de euros</i>
Concepto	
Soldo	4,612
Axidas de custo	0,377
Remuneración variábel	2,141
Remuneración en especie	0,399

Incentivos

De acordo ao indicado na nota 5.g) de "Incentivos a medio e longo prazo", existen varios programas de fidelización dirixidos aos directivos do Grupo, consistentes na fixación dun incentivo a medio e longo prazo, como parte do sistema retributivo. Con iso, preténdese fortalecer os vínculos dos directivos cos intereses dos accionistas, ao propio tempo que se favorece a continuidade no Grupo do persoal máis destacado nun contexto de mercado laboral cada vez máis competitivo.

No exercicio 2006 e, en relación co persoal directivo, incluídos os que son membros do Consello de Administración con responsabilidades executivas, dotáronse provisións que ascenden a un total de 0,6 millóns de euros en relación cos catro plans de incentivos vixentes (2003-2006, 2004-2007, 2005-2008 e 2006-2009).

Plan de previsión de directivos e premio de permanencia

O importe das achegas, correspondentes a 2006, realizadas polo Grupo para o seu persoal directivo en ambos os dous instrumentos, incluídos os membros do Consello de Administración con responsabilidades executivas, ascendeu a 1 millón de euros.

Fondo de pensións e primas de seguro

O importe das achegas realizadas polo Grupo en 2006 en relación cos plans de achega definida de modalidade mixta, adaptados á Lei de Plans e Fondos de Pensións que mantén co persoal directivo (ver apartado 5.f)), xunto co importe das primas satisfeitas por seguros de vida e accidentes, ascendeu a 0,3 millóns de euros. (Esta cantidade está incluída na información reportada no apartado de - soldo vos e salarios-).

O persoal directivo atópase cuberto pola mesma póliza de responsabilidade civil que asegura a todos os administradores e directivos do Grupo Repsol YPF.

Anticipos e créditos concedidos

A 31 de decembro de 2006, a Sociedade ten concedidos créditos aos membros do seu persoal directivo por importe de 0,3 millóns de euros, que acumulou un tipo de interese medio do 2,80% durante o presente exercicio. Todos estes créditos foron concedidos con anterioridade ao exercicio 2003.

e) Indemnizacións ao persoal directivo

En 2006, a indemnización percibida, por todos os conceptos, polo persoal directivo que causou baixa na compañía, ascendeu a 4 millóns de euros.

f) Operacións co persoal directivo

A parte da información referida nos apartados d) e e) anteriores da presente Nota e dos dividendos distribuídos polas accións da Sociedade das que son titulares, os membros do persoal directivo de Repsol YPF non realizaron coa Sociedade ou coas Sociedades do Grupo Repsol YPF ningunha operación vinculada, relevante fóra do xiro ou tráfico ordinario e en condicións distintas das de mercado.

Avais e garantías

Avais prestados

O 31 de decembro de 2006, Repsol YPF, S.A., como sociedade matriz do Grupo, tiña outorgados avais a empresas filiais por importe de 16.608,02 millóns de euros equivalentes, que corresponden, nun 49,9%, a garantías por compromisos comerciais, nun 49,1%, a garantías por compromisos financeiros, e nun 1%, a garantías por compromisos exploratorios.

Avais recibidos

O 31 de decembro de 2006, Repsol YPF, S.A. solicitara avais a entidades financeiras por importe de 397 millóns de euros, que corresponden principalmente a avais solicitados por diversos órganos xudiciais e administrativos, en relación con litixios en curso e reclamacións pendentes de resolución.

Os administradores consideran que non se producirán quebrantos como consecuencia dos compromisos asumidos.

Operacións de cobertura sobre tipos de cambio e operacións sobre tipos de xuro

A política da sociedade é financiar as súas actividades na mesma moeda funcional na que están denominados os investimentos estranxeiros, co obxecto de reducir o risco de tipo de cambio de divisas. A devandita política lévase a cabo, ben mediante a captación de recursos financeiros na divisa correspondente ou mediante a realización de permutas financeiras de divisas.

Nos contratos a prazo, os xuros das permutas financeiras mixtas de divisas e os tipos de xuro rexístranse como ingresos e gastos financeiros ao longo da duración dos contratos. Como resultado destas operacións, Repsol YPF, S.A. rexistrou no exercicio 2006 un gasto financeiro de 168 millóns de euros no epígrafe "Gastos financeiros por operacións de financiamento con terceiros - Outros", e un ingreso financeiro de 158 millóns de euros no epígrafe "Outros ingresos financeiros", das Contas de perdas e ganancias que se achegan.

Ao peche de cada exercicio tanto os empréstitos como os contratos que actúan como cobertura do risco de tipo de cambio sobre os investimentos axústanse ao tipo de cambio vixente a esa data, e as diferenzas de cambio resultantes contabilízanse no Balance de Situación como ingresos ou gastos para distribuír en varios exercicios, segundo corresponda, con contrapartida como maior ou menor importe da débeda.

O saldo existente por este concepto a 31 de decembro de 2005 no epígrafe "Diferenzas Positivas de Cambio en Moeda Estranxeira" aumentou en 121 millóns de euros no exercicio 2006, dos que 464 millóns de euros corresponden a diferenzas positivas de cambio reportadas non realizadas e 343 millóns de euros a diferenzas negativas de cambio realizadas pola diminución de débeda en divisas.

A continuación detállanse as operacións en vigor o 31 de decembro de 2006:

a) *Contratos a prazo*

O valor nominal destes contratos ao 31 de decembro de 2006 era o seguinte:

	2006
Compra	86 millóns de euros
Venta	120 millóns dólares USA

Os contratos vixentes o 31 de decembro de 2006 vencen en febreiro de 2007.

b) *Permutas financeiras mixtas de divisas e tipos de xuro ("Cross currency IRS")*.

A sociedade mantén operacións de permuta financeira mixta de divisas e tipos de xuro, mediante as cales transformou débeda denominada en euros en débeda denominada en dólares. O importe deste tipo de operacións o 31 de decembro de 2006 ascende a 2.175 millóns de euros (con vencemento entre 2010 e 2014).

c) *Permutas financeiras de tipo de xuros*

O 31 de decembro de 2006 a sociedade mantén as seguintes operacións de permuta financeira de tipos de xuro:

	Nocional	Vencemento
De tipo variábel a fixo	39 millóns de euros	2007

Buques para o transporte de GNL

En xullo de 2000, Repsol YPF, S.A. asinou unha póliza de fretamento en réxime de "time charter" correspondente a un buque metaneiro de 138.000 m³ cuxa entrega tivo lugar o 29 de xaneiro de 2004. O 27 de xaneiro de 2004 Repsol YPF, S.A. asinou un contrato de cesión en virtude do cal transfíre a Repsol YPF Trading e Transporte, S.A. todos os dereitos e todas as obrigas derivados desta póliza de fretamento. Repsol YPF, S.A. garante o cumprimento das obrigas contraídas por Repsol YPF Trading y Transportes, S.A.

En febreiro e novembro de 2001, Repsol YPF Trading y Transporte, S.A., sociedade participada ao 100% por Repsol YPF, S.A., asinou, coa garantía desta última, dúas pólizas de fretamento en réxime de "time charter" correspondentes a un buque de 140.500 m³ entregado o 30 de setembro de 2002 e outro de 138.000 m³ entregado o 31 de decembro de 2004.

Estes buques levan a cabo o transporte de gas natural licuado que se comprometeu a retirar baixo o acordo asinado entre Repsol YPF, S.A. e Atlantic LNG Company of Trinidad e Tobago, así como outros tráficis deste tipo de produto.

De acordo con estes contratos existe un compromiso para o alugueiro dos barcos durante un período inicial de 20 anos dende a súa entrega, e ten a opción de ampliálo mediante dúas prórrogas consecutivas de cinco anos cada unha delas. Así mesmo, e no caso das pólizas asinadas por Repsol YPF Trading y Transporte, S.A. en febreiro e novembro de 2001, existe unha opción de compra sobre os ditos buques que se poderá exercer ao termo do período inicial ou de calquera das prórrogas, por un importe aproximado de 33 e 58 millóns de euros, respectivamente.

O importe do alugueiro polos tres buques ascendeu a 42 millóns de euros no ano 2006.

Unha vez efectuada a entrega dos buques polo propietario, Repsol YPF Trading y Transporte, S.A. como titular das pólizas de fretamento, rexistróno baixo o epígrafe "Inmobiliado inmaterial" polo valor ao contado do ben, e o pasivo correspondente ao importe total dos pagamentos que se deberán realizar ao longo do período de arrendamento, excluídos os gastos operativos do buque. A diferenza entre ambas as dúas cantidades é a carga financeira asociada á transacción, a cal se capitaliza baixo o epígrafe, "Gastos para distribuír en varios exercicios" amortizados de acordo cun criterio financeiro ao longo da vida do contrato.

Compromisos de arrendamentos e construción de edificios

A 31 de decembro de 2006, Repsol YPF, S.A., mantén compromisos a longo prazo relacionados basicamente co arrendamento, para o período comprendido entre 2007 e 2008, dos edificios nos que actualmente está situada a súa sede social.

Adicionalmente, a 31 de decembro de 2006, Repsol YPF, S.A. mantén compromisos polos traballos de construción de Torre Castellana por importe de 121 millóns de euros.

Compromisos para o transporte de cru en Ecuador

No exercicio 2001 Repsol YPF Ecuador, S.A., asinou un acordo coa compañía ecuatoriana OCP Ecuador, S.A., propietaria dun oleoduto de crus pesados en Ecuador, en virtude do cal se comprometeu a transportar a cantidade de 100.000 barrís/día de cru (36,5 millóns de barrís/ano) durante un período de 15 anos, contados dende a data da súa posta en funcionamento, en setembro de 2003, a unha tarifa variábel determinada segundo o contrato.

Repsol YPF, S.A. garante o cumprimento de todas as obrigas contraídas por Repsol YPF Ecuador, S.A. antes mencionadas.

Compromisos de compra e venda de gas natural

Repsol YPF, S.A., a 31 de decembro de 2006, mantén compromisos de compra e venda de gas natural por un total de 1.633.629 e 1.752.651 millóns de pés cúbicos, respectivamente. Os períodos comprendidos por estes compromisos abranguen dende o ano 2007 ata o ano 2023 no caso das compras. No caso das vendas existe un compromiso de 590.238 millóns de pés cúbicos dende o ano 2007 ata o ano 2022 e 1.162.413 millóns de pés cúbicos dende o ano 2007 ata o ano 2023.

Remuneración de auditores

No exercicio 2006, o importe dos honorarios recibidos polo Auditor e a súa organización por traballos de Auditoría en Repsol YPF, S.A. e nas sociedades do seu Grupo ascendeu a 6,9 millóns de euros, dos que 2,5 millóns de euros corresponden a Repsol YPF, S.A. Adicionalmente, os honorarios recibidos polo Auditor e a súa organización por servizos profesionais relacionados coa auditoría e outros servizos, prestados en Repsol YPF, S.A. e nas sociedades do seu Grupo, ascenderon a 0,9 e 0,6 millóns de euros respectivamente, dos que 0,6 e 0,2 millóns de euros corresponden a Repsol YPF, S.A.

Pódese afirmar que a suma de ambas as cantidades non representa máis do 10% da cifra total do negocio do auditor e da súa organización.

18 Información de ambiente

Dada a actividade á que se dedica a sociedade, esta non ten responsabilidades, gastos, activos, nin provisións e continxencias de natureza ambiental que puidesen ser significativos en relación co patrimonio, coa situación financeira e cos seus resultados. Por este motivo non se inclúen desagregacións específicas na presente memoria das contas anuais respecto á información de cuestións ambientais.

A Convención Marco de Nacións Unidas sobre Cambio Climático entrou en vigor en 1994 e o Protocolo de Quioto foi ratificado polos Estados Membros da Unión Europea a través da Decisión 2002/358/CE do Consello, do 25 de abril de 2002. Co obxectivo de lograr que a Comunidade e os seus Estados membros poidan cumprir o compromiso de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro e dentro do Programa Europeo de Cambio Climático, apróbase a Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, pola que se establece un réxime para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro. O réxime que implanta a Directiva inspírase nun dos instrumentos de mercado previstos no Protocolo de Quioto, o comercio de emisións, que, xunto cos baseados en proxectos de investimento en tecnoloxía limpa en países terceiros, constitúen os chamados mecanismos de flexibilidade do Protocolo de Quioto.

A 31 de decembro de 2006 a sociedade mantén compromisos de venda de dereitos de emisión de CO₂ con data de entrega o 1 de decembro 2007 e cobramento o 21 de xaneiro de 2008 por importe de 0,3 millóns de euros, como consecuencia da súa política de xestión global de cobertura das emisións de gases de efecto invernadoiro do Grupo Repsol YPF.

19 Feitos posteriores ao peche

- O 9 de febreiro de 2007, Repsol Internacional Finance, B.V. coa garantía de Repsol YPF S.A., pechou dúas emisións de bonos a 5 e 10 anos de 750 e 500 millóns de euros, respectivamente.

O bono con vencemento a cinco anos emítese por un volume de 750 millóns de euros, a tipo variábel cun cupón do EURIBOR máis 25 puntos básicos e un prezo de emisión de 99,9088%.

O bono con vencemento a dez anos emítese por un volume de 500 millóns de euros, cun cupón do 4,75% e un prezo de emisión do 99,602%.

Estas emisións realízanse ao amparo do Euro 10, 000, 000, 000 Guaranteed Euro Médium Term Note Programme de Repsol Internacional Finance, B.V. rexistrado na Comisión de Surveillance du Secteur de Luxemburgo o pasado 2 de febreiro de 2007.

- En febreiro de 2007 o consorcio formado por Repsol YPF (28%), BHP Billiton (44%) e Hess Corporation (28%) pechou a compra a Anadarko Petroleum Corporation do campo de petróleo Genghis Khan, situado no Golfo de México estadounidense, unha das zonas de augas profundas de maior rendibilidade da industria petroleira mundial. O custo total da operación ascendeu a 1.350 millóns de dólares, cun investimento neto de Repsol YPF de 378 millóns de dólares.

O campo Genghis Khan posúe na actualidade dous pozos xa perforados e ten unha importante estimación de reservas de hidrocarburos. A importancia da adquisición de Genghis Khan reside en que é unha extensión do Campo Shenzi, no que Repsol YPF xa participa nun 28% e que é un dos maiores campos de petróleo nas augas profundas do Golfo de México estadounidense. O desenvolvemento de ambos os dous proxectos, situados na mesma zona, xerará importantes sinerxías para Repsol YPF.

20 Cadro de financiamento

Os Cadros de financiamento da Sociedade dos exercicios 2006 e 2005, así como os de Variación do capital circulante e dos Recursos xerados polas operacións son os seguintes:

Repsol YPF, S.A.

Cadros de financiamento correspondentes aos exercicios anuais rematados o 31 de decembro de 2006 e 2005

Aplicacións			Orixes	Millóns euros	
	2006	2005		2006	2005
Investimentos en inmovilizado			Recursos xerados polas operacións (a)	2.036	2.566
Inmaterial	31	14	Achegas de accionistas		
Material	78	70	Débedas a longo prazo		
Adquisición de accións de empresas do Grupo e asociadas	210	372	Débedas con empresas do Grupo	401	96
			Débedas con entidades de crédito	1.418	72
			Outras débedas	27	8
			Traspaso doutro inmovilizado a curto prazo	26	7
			Alleamento de inmovilizado		
			Material	12	-
			Alleamento de accións de empresas do Grupo	22	25
	319	456			
Dividendos	806	671			
Cancelación ou traspaso de débedas a longo prazo	2.926	439			
Cancelación ou traspaso de provisión para riscos e gastos	60	93			
Cancelación doutras débedas a longo prazo	18				
Outros	4		Outros		24
Total aplicacións	4.133	1.659	Total orixes	3.942	2.798
Aumento do capital circulante (b)		1.139	Diminución do capital circulante (b)	191	
	4.133	2.798		4.133	2.798

a) Recursos xerados polas operacións	2006	2005
Beneficio do exercicio	1.070	2.336
Axustes para a determinación dos recursos xerados polas operacións		
Amortizacións	53	46
Variación provisión de carteira de valores	1.261	(204)
Variación provisión para riscos e gastos	(56)	173
Aplicación a resultados de ingresos para distribuír en varios exercicios	(343)	(87)
Variación impostos anticipados e diferidos	67	302
Resultado Alienación Inmovilizado	(16)	
	2.036	2.566

b) Variación do capital circulante	2006		2005	
	Aumentos	Diminucións	Aumentos	Diminucións
Debedores		328	365	-
Acredores		382	1.659	-
Investimentos financeiros temporais	506		-	882
Existencias	13		-	3
Total	519	710	2.024	885
Variación do capital circulante		191		(1.139)

Anexo I. Sociedades participadas por Repsol YPF, S.A.

Nome	Millóns de euros Valor da investimento	Actividade	% de participación		Datos ao 100%			
					Millóns de euros (2)			
			Directa	Total	Capital	Reservas	Resultado de 2006	Dividendo a conta
Repsol YPF Chile LTDA	106	Admón. de investimentos en Chile	99,99%	100,00%	98	41	10	-
Repsol Exploración, S.A.	258	Exploración e produción de hidrocarburos	99,99%	100,00%	25	900	251	(200)
Repsol Química, S.A.	119	Productos petroquímicos	99,99%	100,00%	60	(20)	(2)	-
Repsol Butano, S.A.	87	Distribución de	99,99%	100,00%	59	318	27	-
Repsol Petróleo, S.A.	613	Refino	99,97%	99,97%	218	527	691	(520)
Repsol Comercial de Productos Petrolíferos, S.A.	46	Comercialización de produtos petrolíferos	18,39%	99,76%	335	515	171	(51)
Petróleos del Norte, S.A. - Petronor	258	Refino	85,98%	85,98%	121	347	250	(80)
Gas Natural SDG, S.A. (1) (2)	399	Comercialización e distribución de gas	24,23%	30,85%	448	3.853	743	(166)
Compañía Logística de Hidrocarburos CLH, S.A. (2)	90	Transporte y almacenamiento de prod. petrolíferos	19,67%	25,00%	84	136	302	(100)
Repsol International Finance B.V.	564	Financeira e tenza de participacións	100,00%	100,00%	301	736	279	-
Repsol Portuguesa, S.A.	415	Comercialización de produtos petrolíferos	70,00%	100,00%	59	309	15	-
Repsol Italia, SPA	40	Comercialización de produtos petrolíferos	100,00%	100,00%	2	13	6	-
Repsol YPF Perú, B.V.	178	Tenza de participacións	100,00%	100,00%	95	48	24	-
YPF, S.A. (2)	9.847	Exploración e produción de hidrocarburos	91,95%	99,04%	4.132	1.668	979	-
Repsol YPF Comercial del Ecuador, S.A.	57	Tenza de participacións	100,00%	100,00%	53	(9)	1	-
Repsol YPF Brasil, S.A.	273	Explotación e produción de hidrocarburos	100,00%	100,00%	868	(470)	(123)	-
Repsol YPF Bolivia, S.A.	747	Sociedade de carteira	99,83%	100,00%	812	(402)	16	-
Repsol Overzee Financien	96	Sociedade de carteira	100,00%	100,00%	119	(22)	23	-
Caveant	10	Sociedade Investidora	5,00%	100,00%	8	53	15	(10)
Tecnicontrol, S.A.	32	Promoción Inmobiliaria	99,99%	100,00%	4	28	-	-
Bahia Bizkaia Gas	13	Mantemento de plantas de gasificación	25,00%		6	79	15	(12)
Otras participacións	22		-	-	-	-	-	-
	14.270							

(1) Sociedade auditada por Price WaterhouseCoopers Auditores, S.L.

(2) A 31 de decembro de 2006 estas sociedades tiñan admitidas a cotización oficial as accións que se indican a continuación.

Compañía	Número accións cotizadas	Bolsa	Valor de peche	Valor medio último trimestre	Moeda
Gas Natural SDG, S.A.	447.776.028	Bolsas de Valores españolas (Madrid, Barcelona, Bilbao, Valencia)	29,99	31,00	Euros
YPF, S.A.	393.312.793	Nova York Bos Aires	47,95 145,00	46,94 142,58	Dólares Pesos
Compañía Logística de Hidrocarburos CLH, S.A.					
Serie A	90.000	Bolsas de Valores españolas			
Serie D	1.689.049	(Madrid, Barcelona, Bilbao, Valencia)	37,03	38,72	Euros

Anexo II. Detalle das participacións e/ou cargos dos administradores en sociedades con este, análogo ou complementario xénero de actividade ao que constitúe o obxecto social de Repsol YPF, S.A.

D. Antonio Brufau Niubó

Cargos	Vicepresidente do Consello de Administración de Gas Natural SDG, S.A. Conselleiro de Suez	
Participacións	Gas Natural SDG, S.A.	30.602 accións
	Suez	2.222 accións

D. Henri Philippe Reichstul

Cargos	Conselleiro de Ashmore Energy International	
--------	---	--

D. Luis Suárez de Lezo Mantilla

Cargos	Conselleiro de Compañía Logística de Hidrocarburos, S.A. (CLH) Conselleiro de Repsol YPF - Gas Natural LNG, S.L.	
Participacións	Gas Natural SDG, S.A.	8.765 accións
	Endesa, S.A.	1.956 accións

Informe de xestión de Repsol YPF, S.A. para o exercicio 2006

1 Evolución dos negocios

Repsol YPF, S.A. como sociedade dominante do Grupo posuidora directa das participacións accionarias das principais empresas que o compoñen, ten como obxecto a definición de estratexias, o control e a coordinación das actividades que desenvolve o Grupo Repsol YPF, polo que os ingresos corresponden fundamentalmente á prestación de servizos ás súas sociedades filiais, así como aos dividendos percibidos destas. Así mesmo, realiza actividades de comercialización do gas natural licuado.

Por iso, para unha axeitada análise da actividade de Repsol YPF, S.A., durante o exercicio 2006 é necesario remitirse ao Informe de xestión consolidado do Grupo Repsol YPF.

2 Principais acontecementos acaecidos despois da data de peche do exercicio

Na nota 19 da Memoria indícanse os feitos relevantes acaecidos con posterioridade ao peche do exercicio.

3 Principais actuacións levadas a cabo pola sociedade no exercicio 2006

- Os fondos xerados en 2006 ascenderon a 2.036 millóns de euros.
- Os ingresos por dividendos das empresas do Grupo en 2006 ascenderon a 1.970 millóns de euros.
- Repsol YPF, S.A. distribuíu 806 millóns de euros durante 2006 en concepto de dividendos.
- No exercicio 2006 Repsol YPF, S.A., investiu 210 millóns de euros na súa carteira de valores. Son os principais investimentos os realizados en Repsol Óverzee Financien B.V. e Repsol Química, S.A.
- A comercialización de gas natural licuado por parte de Repsol YPF, S.A. supuxo, no ano 2006, uns ingresos e gastos operativos de 343 e 294 millóns de euros, respectivamente.

4 Xestión de riscos financeiros e definición de cobertura

Repsol YPF, S.A., como sociedade cabeceira do seu Grupo de empresas, está exposta indirectamente aos riscos financeiros asociados ás actividades das súas filiais.

Os principais riscos financeiros que poden afectar ás operacións da sociedade son as seguintes:

- Risco de mercado, consecuencia da volatilidade dos prezos do petróleo, do gas natural e dos seus produtos derivados e tipos de xuro.
- Risco de crédito, asociado a contratos financeiros e á actividade comercial.
- Risco de liquidez (ou de solvencia), na medida en que o Grupo podería chegar a atopar dificultades para dispoñer dos recursos financeiros necesarios para facer fronte aos seus compromisos.
- Riscos de tipo de cambio. Dado que unha parte das transaccións se realiza en moeda diferente ao euro.

Repsol YPF, S.A. dispón dunha organización e duns sistemas que lle permiten identificar, medir e controlar os riscos financeiros ao que está exposto o Grupo, e utiliza diversos instrumentos financeiros para realizar coberturas, de acordo con directrices corporativas comúns para todo o Grupo. A contratación destes instrumentos financeiros está centralizada e suxeita a controis específicos.

A nota 17 describe os instrumentos derivados utilizados por Repsol YPF, S.A. para xestionar o risco de mercado e de tipo de cambio.

5 Actividades de investigación e desenvolvemento

A sociedade investiu, no exercicio 2006, 12 millóns de euros en actividades de investigación e desenvolvemento. Este importe amortizouse na súa totalidade nese exercicio.

6 Accións propias

O Grupo Repsol YPF non mantén a 31 de decembro de 2006 accións da sociedade dominante, nin directamente nin a través de sociedades participadas.

Xunta Xeral Ordinaria 2007

Repsol YPF, S.A. Convocatoria de Xunta Xeral Ordinaria

Por acordo do Consello de Administración de Repsol YPF, S.A., convócase aos Sres. accionistas á Xunta Xeral Ordinaria que se celebrará no Pazo Municipal de Congressos, avenida da Capital de España-Madrid, sen número, Campo das Nacións, de Madrid, o día 8 de maio de 2007, **ás 12,00 horas**, en primeira convocatoria, e no mesmo lugar e á mesma hora, **o día 9 de maio de 2007, en segunda convocatoria**, conforme á seguinte

Orde do día

- Primeiro** Exame e aprobación, se procede, das Contas anuais e Informe de xestión de Repsol YPF, S.A., das Contas anuais consolidadas e do Informe de xestión consolidado, correspondentes ao exercicio pechado o 31 de decembro de 2006, da proposta de aplicación dos seus resultados e da xestión do Consello de Administración durante o devandito exercicio.
- Segundo** Modificación dos Estatutos Sociais: modificación do artigo 12 (Modificación do Capital); introdución dun novo artigo 12 bis (Dereito de subscripción preferente); modificación do cuarto parágrafo do artigo 19 (Convocatoria da Xunta Xeral); modificación do artigo 23 (Dereito de asistencia e exercicio do voto); modificación do artigo 25 (Presidencia da Xunta Xeral); modificación do artigo 42 (Secretario e Vicesecretario); adición dun novo parágrafo quinto ao artigo 43 (Duración do cargo e provisión de vacantes); adición dun novo apartado 13 ao artigo 47 (Páxina web) e inclusión dun novo cuarto parágrafo no artigo 49 (Contas anuais).
- Terceiro** Modificación do Regulamento da Xunta Xeral de Accionistas: modificación do apartado 5.3 e adición dun novo apartado 5.4 do artigo 5 (Convocatoria); modificación do artigo 7 (Dereito de asistencia e exercicio do voto); modificación do artigo 10 (Presidencia da Xunta Xeral); incorporación dun novo artigo 14 (Votación das propostas de acordos) e conseguinte reenumeración dos actuais artigos 14 (Acta da Xunta) e 15 (Interpretación) como artigos 15 e 16, respectivamente.
- Cuarto** Determinación do número de conselleiros dentro dos límites establecidos no artigo 31 dos Estatutos Sociais. Nomeamento, ratificación ou reelección de conselleiros.
- 4.1 Determinación do número de conselleiros dentro dos límites establecidos no artigo 31 dos Estatutos Sociais.
 - 4.2 Ratificación e nomeamento como Conselleiro de D. Juan Abelló Gallo.
 - 4.3 Ratificación e nomeamento como Conselleiro de D. Luis Fernando del Rivero Asensio.
 - 4.4 Ratificación e nomeamento como Conselleiro de D. Manuel Raventós Negra.
 - 4.5 Ratificación e nomeamento como Conselleiro de D. José Manuel Loureda Mantiñán.
 - 4.6 Reelección de D. Antonio Brufau Niubó como Conselleiro.
 - 4.7 Reelección de D. Carmelo de las Morenas López como Conselleiro.
 - 4.8 Nomeamento de D. Luis Carlos Croissier Batista como Conselleiro.
 - 4.9 Nomeamento de D. Ángel Durández Adeva como Conselleiro.
- Quinto** Designación de Auditor de Contas de Repsol YPF, S.A. e do seu Grupo consolidado.
- Sexto** Autorización ao Consello de Administración para a adquisición derivativa de accións de Repsol YPF, S.A., directamente ou a través de sociedades dominadas, dentro do prazo de 18 meses contados dende o acordo da Xunta, o que deixará sen efecto a autorización acordada na Xunta Xeral Ordinaria celebrada o 16 de xuño de 2006.
- Sétimo** Delegación de facultades para complementar, desenvolver, executar, emendar e formalizar os acordos adoptados pola Xunta Xeral.

Dereito de asistencia

Poderán asistir á Xunta Xeral os accionistas que sexan titulares de, polo menos, 150 accións (cento cincuenta accións), sempre que as teñan inscritas no correspondente rexistro contábel con cinco días de antelación ao sinalado para a celebración da Xunta e estean previstos da correspondente tarxeta de asistencia.

As tarxetas de asistencia serán expedidas pola entidade participante da Sociedad de Gestión de los Sistemas de Registro, Compensación y Liquidación de Valores, S.A. (en adiante, IBERCLEAR) que en cada caso corresponda. As ditas tarxetas de asistencia poderán ser trocadas o día de celebración da xunta por outros documentos normalizados de rexistro de asistencia á Xunta, expedidos pola sociedade co fin de facilitar a elaboración da lista de asistentes e o exercicio dos dereitos de voto e demais dereitos do accionista.

O rexistro de tarxetas de asistencia comezará dúas horas antes da sinalada para a celebración da Xunta Xeral.

Para os efectos de acreditar a identidade dos accionistas ou de quen validamente os represente, á entrada do local onde se celebre a xunta poderáselles solicitar aos asistentes a acreditación da súa identidade mediante a presentación do Documento Nacional de Identidade ou calquera outro documento oficial polo xeral aceptado para estes efectos.

Representación

Os Estatutos Sociais permiten a agrupación de accións e o outorgamento de representación a outra persoa, que non necesitará ser accionista, para asistir á Xunta Xeral.

Cando o documento da representación se reciba na sociedade co nome do representante en branco, a representación entenderase conferida ao Presidente do Consello de Administración.

Nos documentos nos que consten as representacións reflectiranse as instrucións de voto, e enténdese que se non se imparten instrucións expresas, o representante votará a favor das propostas formuladas polo Consello de Administración.

Salvo indicación contraria do accionista representado, o apoderamento esténdese aos asuntos que, aínda que non figuren na orde do día da reunión, poidan ser sometidos a votación na Xunta. Neste caso, o representante exercerá o voto no sentido que estime máis favorábel aos intereses do accionista representado.

Salvo indicación expresa en contra do accionista representado, se o seu representante se encontrase en conflito de intereses na votación dalgún dos puntos que, dentro ou fóra da orde do día, se sometan á Xunta Xeral, a representación entenderase conferida ao vicesecretario do Consello de Administración.

O accionista que confira a súa representación deberá comunicarlle ao designado como representante a representación conferida ao seu favor. Cando a representación se confira a favor dalgún membro do Consello de Administración, a comunicación da delegación entenderase realizada mediante a recepción na Sociedade da documentación na que conste esta.

Dereito de información

Adicionalmente ao previsto no artigo 112 da Lei de Sociedades Anónimas e de conformidade co establecido no artigo 6 do Regulamento da Xunta Xeral, dende a publicación do presente anuncio de convocatoria da Xunta Xeral e ata o sétimo día anterior ao previsto para a celebración da Xunta, os accionistas, logo de acreditación da súa condición, poderán solicitar por escrito, a través da Oficina de Información ao Accionista, no domicilio social, Paseo de la Castellana, 278, Madrid, as informacións ou aclaracións que estimen precisas acerca dos asuntos comprendidos na Orde do día ou formular por escrito as preguntas pertinentes. Os accionistas poderán solicitar así mesmo informacións ou aclaracións ou formular preguntas por escrito acerca da información accesíbel ao público que se facilitase pola Sociedade á Comisión Nacional do Mercado de Valores dende a celebración da última Xunta Xeral, é dicir, dende o 16 de xuño de 2006.

Así mesmo, a partir da data de publicación do presente anuncio de convocatoria, e en cumprimento do establecido na Lei de Sociedades Anónimas, están a disposición dos Sres. accionistas na Oficina de Información ao Accionista, en horario de días laborais de 10,00 a 15,00 e de 16,00 a 19,00 horas, así como na páxina web da sociedade (www.repsolypf.com), os seguintes documentos:

- As Contas anuais de Repsol YPF, S.A. e as Contas anuais consolidadas do Grupo Repsol YPF correspondentes ao exercicio pechado o 31 de decembro de 2006.
- O Informe de xestión de Repsol YPF, S.A. e o Informe de xestión consolidado do devandito exercicio.
- O Informe dos auditores externos sobre as Contas anuais de Repsol YPF, S.A. e sobre as Contas anuais consolidadas do Grupo Repsol YPF.
- O texto literal das propostas de acordos xa formuladas correspondentes aos puntos da Orde do día.
- Os informes do Consello de Administración referentes a cada unha das propostas de acordos correspondentes aos puntos da Orde do día.
- O Informe Anual de Goberno Corporativo.
- O Informe de Responsabilidade Corporativa.

Os Sres. accionistas poden solicitar a entrega ou o envío gratuito de todos os documentos mencionados.

Voto e delegación por medios a distancia con carácter previo á Xunta Xeral de Accionistas

1 **Voto por medios de comunicación a distancia con carácter previo á celebración da Xunta**

De conformidade co establecido no artigo 23 dos Estatutos Sociais e no artigo 7 do Regulamento da Xunta Xeral, os accionistas con dereito de asistencia poderán emitir o seu voto sobre as propostas relativas a puntos comprendidos na Orde do día con carácter previo á celebración da Xunta, por medios de comunicación a distancia, sempre que se garanta debidamente a identidade do suxeito que exerce os seus dereitos de voto.

1.1 **Medios para a emisión do voto a distancia**

Os medios de comunicación válidos para a emisión do voto a distancia son os seguintes:

(i) Voto por correspondencia postal

Para a emisión do voto por correspondencia postal en relación cos puntos comprendidos na Orde do día, os accionistas deberán cumprir e asinar o apartado correspondente ao "Voto a distancia" da tarxeta de asistencia, delegación e voto expedida pola entidade participante de IBERCLEAR na que teñan depositadas as súas accións.

Unha vez cumprida e asinada a tarxeta no apartado correspondente, o accionista deberá facela chegar á sociedade, á atención da Oficina de Información ao Accionista, Paseo de la Castellana, n.º 278, 28046 Madrid.

No suposto de que a tarxeta de asistencia non incorpore o apartado relativo ao "Voto a distancia", o accionista poderá utilizar o **Impreso de Votación a distancia** que con este fin se publica na páxina web da sociedade (www.repsolypf.com) e que, así mesmo, estará dispoñíbel na Oficina de Información ao Accionista. O dito impreso, debidamente asinado, deberá facerse chegar á sociedade, xunto coa correspondente tarxeta de asistencia, tamén asinada.

(ii) Voto por medios electrónicos

O accionista poderá emitir o seu voto en relación cos puntos da Orde do día da Xunta Xeral, a través da páxina web da sociedade (www.repsolypf.com), accedendo ao espazo dedicado á Xunta Xeral de Accionistas 2007, e seguindo o procedemento alí establecido, sempre que dispoña dunha sinatura electrónica recoñecida ou avanzada, baseada nun certificado electrónico recoñecido e vixente, emitido pola Entidade Pública de Certificación Española (CERES), dependente da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre, e se identifique mediante ela.

1.2 **Regras específicas do voto a distancia**

(i) Sentido do voto

Se, en relación con algún dos puntos da orde do día, o accionista que emita o seu voto a distancia non marcarse ningunha das casas destinadas para o efecto, entenderase que vota a favor da proposta do Consello de Administración.

(ii) Prazo de recepción pola sociedade

Para a súa validez, o voto emitido por correspondencia postal ou electrónica deberá recibirse pola sociedade con, polo menos, 48 horas de antelación ao día e á hora previstos para a celebración da Xunta en primeira convocatoria, é dicir, non máis tarde das 12,00 horas do día 6 de maio de 2007. Con posterioridade, a sociedade unicamente admitirá os votos presenciais emitidos no acto da Xunta.

2 Delegación por medios de comunicación a distancia

De conformidade co establecido no artigo 24 dos Estatutos sociais e no artigo 8 do Regulamento da Xunta Xeral, os accionistas con dereito de asistencia poderán emitir o seu voto, sobre as propostas relativas a puntos comprendidos na Orde do Día e con carácter previo á celebración da Xunta por medios de comunicación a distancia, sempre que se garanta debidamente a identidade dos intervinientes.

2.1 Medios para conferir a representación a distancia

Os medios de comunicación a distancia válidos para conferir a representación son os seguintes:

(i) Delegación por correspondencia postal

Para conferir a súa representación por correspondencia postal, os accionistas deberán encher o apartado correspondente da tarxeta de asistencia que lles facilite a entidade participante de IBERCLEAR na que teñan depositadas as súas accións. O dito apartado deberá ser asinado polo accionista e facerse chegar á Sociedade, á atención da Oficina de Información ao Accionista, Paseo de la Castellana, nº 278, 28046 Madrid.

No día e lugar de celebración da Xunta, os representantes designados deberán identificarse mediante o seu Documento Nacional de Identidade, ou calquera outro documento oficial xeralmente aceptado para estes efectos, co fin de que a sociedade poida comprobar a delegación conferida, acompañando, se é o caso, copia da devandita delegación.

(ii) Delegación por medios electrónicos

O accionista poderá conferir a súa representación a través da páxina web da sociedade (www.repsolypf.com), accedendo ao espazo dedicado a Xunta Xeral de Accionistas 2007 e seguindo o procedemento alí establecido, sempre que dispoña dunha sinatura electrónica recoñecida ou avanzada baseada nun certificado electrónico recoñecido e vixente, emitido pola Entidade Pública de Certificación Española (CERES), dependente da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre, e se identifique mediante ela.

No día e lugar de celebración da Xunta, os representantes designados deberán identificarse mediante o seu Documento Nacional de Identidade, ou calquera outro documento oficial polo xeral aceptado para estes efectos, co fin de que a sociedade poida comprobar a delegación conferida, xuntando, se é o caso, unha impresión do xustificante electrónico da dita delegación.

2.2 Regras específicas da delegación a distancia

Aplicaranse á delegación a distancia as mesmas regras establecidas con carácter xeral para a representación na Xunta Xeral relativas a (i) as delegacións que se reciban na Sociedade co nome do representante en branco; (ii) á ausencia de instrucións expresas de voto e a extensión do apoderamento a asuntos non comprendidos na Orde do Día e que poidan tratarse na Xunta; (iii) ás instrucións de voto respecto dos puntos incluídos na Orde do Día; (iv) á designación de substituto do representante nos casos en que este poida atoparse en conflito de intereses na votación dalgúns dos puntos que, dentro ou fóra da Orde do Día, se sometan á Xunta Xeral; e (v) a necesaria comunicación ao representante da delegación conferida.

Para a súa validez, a representación conferida por medios de comunicación a distancia deberá recibirse pola Sociedade cando menos con 48 horas de antelación ao día e á hora previstos para a celebración da Xunta en primeira convocatoria, é dicir, non máis tarde das 12,00 horas do día 6 de maio de 2007. Con posterioridade, a Sociedade unicamente admitirá as representacións conferidas por escrito mediante as tarxetas de asistencia e delegación que se presenten nos rexistros de entrada de accionistas no lugar e día sinalados para a celebración da Xunta.

3 Regras comúns ao voto e delegación a distancia**(i) Confirmación do voto ou delegación a distancia**

A validez do voto emitido e da representación conferida por medios a distancia queda suxeita á comprobación dos datos facilitados polo accionista co ficheiro facilitado por IBERCLEAR. En caso de diverxencia entre o número de accións comunicado polo accionista que confire a representación ou emite o seu voto por medios a distancia e o que conste no citado ficheiro, prevalecerá, para efectos de quórum e votación, o número de accións facilitado por IBERCLEAR.

(ii) Regras de prelación

A asistencia persoal á Xunta Xeral do accionista que delegase ou votase a distancia previamente, sexa cal fose o medio empregado, deixará sen efecto a devandita delegación ou voto.

No caso de que un accionista exercese validamente tanto o voto a distancia como a delegación prevalecerá o primeiro. Así mesmo, o voto e a delegación mediante comunicación electrónica prevalecerán fronte aos emitidos por correspondencia postal.

O voto emitido e a representación conferida mediante comunicación electrónica poderán deixarse sen efecto por revogación expresa do accionista, efectuada polo mesmo medio.

(iii) Outras disposicións

A sociedade reserva o dereito a modificar, suspender, cancelar ou restrinxir os mecanismos de voto e delegación electrónicos por razóns técnicas ou de seguridade. Así mesmo, a sociedade resérvase o dereito de solicitar aos accionistas os medios adicionais de identificación que considere oportunos para garantir a identidade dos intervenientes, a autenticidade do voto ou da delegación e, en xeral, a seguridade xurídica do acto da Xunta Xeral.

A sociedade non será responsábel dos danos e prexuízos que puidesen ocasionarse ao accionista derivados da falta de dispoñibilidade, mantemento e efectivo funcionamento da súa páxina web e dos seus servizos ou contidos, así como de avarías, sobrecargas, caídas de liña, fallos na conexión ou calquera outra eventualidade de igual ou similar índole, alleas á vontade da sociedade, que impidan a utilización dos mecanismos de delegación ou voto electrónicos.

As aplicacións informáticas para o exercicio do voto e a delegación a través de medios electrónicos estarán operativas a partir do día 13 de abril e pecharanse ás 12,00 horas do día 6 de maio de 2007.

Aplicaranse, no non previsto nos presentes procedementos, as Condicións Xerais da páxina web da sociedade recollidas na súa Nota Legal.

PRIMA DE ASISTENCIA

A Sociedade aboará unha prima de asistencia de 0,02 euros brutos por acción ás accións presentes ou representadas na Xunta Xeral que acrediten debidamente a súa asistencia ou representación nesta.

Presenza de notario

O Consello de Administración requiriu a presenza de Notario para que levante a acta da Xunta Xeral.

Información xeral

Os datos persoais que os señores accionistas remitan para o exercicio ou delegación dos seus dereitos de asistencia e voto en Xunta serán tratados pola Sociedade para os efectos de permitir o exercicio destes dereitos e remitirle información sobre as actividades e os negocios da Compañía e outras informacións do seu interese, e poderán exercitarse, cando resulten legalmente procedentes, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante comunicación escrita dirixida ao domicilio social.

Previsión sobre celebración da Xunta

Prevese a celebración da Xunta Xeral en **SEGUNDA CONVOCATORIA**, é dicir, o 9 de maio de 2007, no lugar e á hora antes sinalados. De non ser así, anunciaríase na prensa diaria coa antelación suficiente.

Xunta Xeral Ordinaria 2007. Propostas de Acordos

Proposta de acordos sobre o primeiro punto da Orde do día ("Exame e aprobación, se procede, das Contas anuais e Informe de xestión de Repsol YPF, S.A., das Contas anuais consolidadas e do Informe de xestión consolidado, correspondentes ao exercicio pechado o 31 de decembro de 2006, da proposta de aplicación dos seus resultados e da xestión do Consello de Administración durante o devandito exercicio").

Primeiro. Aprobar as Contas Anuais (Balance, Conta de Perdas e Ganancias e Memoria) e Informe de Xestión de Repsol YPF, S.A. correspondentes ao exercicio pechado o 31 de decembro de 2006, así como as Contas Anuais Consolidadas e Informe de Xestión do seu Grupo Consolidado correspondentes ao mesmo exercicio.

Segundo. Aprobar a xestión do Consello de Administración de Repsol YPF, S. A. correspondente ao exercicio social de 2006.

Terceiro. Aprobar a proposta de aplicación de resultados de Repsol YPF, S.A. correspondente ao exercicio de 2006, consistente nun beneficio de 1.069.586.899 euros, distribuindo a devandita suma do seguinte xeito:

A cantidade de 879.021.694 euros destinarase ao pagamento de dividendos. Desa suma, 439.510.847 euros xa foron satisfeitos como dividendos a conta con anterioridade a esta Xunta Xeral, mentres que os restantes 439.510.847 euros destinaranse ao pagamento dun dividendo complementario do exercicio 2006, a razón de 0,36 euros por acción, que se fará efectivo aos señores accionistas a partir do 5 de xullo de 2007.

A cantidade de 190.565.205 euros destinarase á dotación de reservas voluntarias da entidade.

Proposta de acordos sobre o segundo punto da Orde do día ("Modificación dos Estatutos Sociais: modificación do artigo 12 (Modificación do Capital); introdución dun novo artigo 12 bis (Dereito de subscrición preferente); modificación do cuarto parágrafo do artigo 19 (Convocatoria da Xunta Xeral); modificación do artigo 23 (Dereito de asistencia e exercicio do voto); modificación do artigo 25 (Presidencia da Xunta Xeral); modificación do artigo 42 (Secretario e Vicesecretario); adición dun novo parágrafo quinto ao artigo 43 (Duración do cargo e provisión de vacantes); adición dun novo apartado 13 ao artigo 47 (Páxina web) e inclusión dun novo cuarto parágrafo no artigo 49 (Contas anuais)").

Primeiro. Modifícase o artigo 12 dos Estatutos sociais, que en diante terá a seguinte redacción:

– Artigo 12. Modificación do capital

O capital social poderá ser aumentado ou diminuído unha ou máis veces, logo de cumprimento de requisitos legais aplicábeis.

O aumento de capital pode realizarse por emisión de novas accións ou por elevación do valor nominal das antigas e, en ambos os dous casos, o contravalor pode consistir en achegas monetarias, incluída a compensación de créditos, en achegas non monetarias ou na transformación de beneficios ou reservas dispoñíbeis. O aumento de capital poderá efectuarse en parte con cargo a novas achegas e en parte con cargo a reservas dispoñíbeis.

Cando o aumento de capital non se subscribise integramente dentro do prazo sinalado para o efecto, o capital quedará aumentado na contía efectivamente subscrita, salvo que no acordo se previse outra cousa.

A Xunta Xeral poderá delegar no órgano de administración a facultade de acordar, nunha ou varias veces, o aumento do capital social ata unha cifra determinada, na oportunidade e contía que decida e dentro das limitacións que establece a Lei. A delegación poderá incluír a facultade de excluír o dereito de subscrición preferente.

A Xunta Xeral poderá así mesmo delegar no órgano de administración a facultade de determinar a data na que o acordo xa adoptado de aumentar o capital deba levarse a efecto e de fixar as súas condicións en todo o non previsto pola Xunta.'

Incorpórase un novo artigo 12 bis nos Estatutos sociais, a continuación do artigo 12. O indicado novo artigo 12 bis queda redactado conforme ao seguinte teor:

– Artigo 12 bis. Dereito de subscrición preferente

Nos aumentos de capital con emisión de novas accións, os antigos accionistas e os titulares de obrigas convertíbeis poderán exercitar dentro do prazo que para este efecto se sinala pola Xunta Xeral ou polo Consello de Administración -e que non poderá ser inferior ao prazo mínimo establecido para estes efectos pola lexislación aplicábel en cada momento- o dereito a subscribir, da nova emisión, un número de accións proporcional ao valor nominal das accións que posúan ou das que lles corresponderían aos titulares de obrigas convertíbeis de exercitar nese momento a facultade de conversión.

A Xunta Xeral ou, se é o caso, o Consello de Administración que acorde o aumento de capital poderán acordar a supresión, total ou parcial, do dereito de subscripción preferente de accionistas e titulares de obrigas convertíbeis por razóns de interese social.

En particular, o interese social poderá xustificar a supresión do dereito de subscripción preferente cando iso sexa necesario para facilitar (i) a adquisición pola sociedade de activos (incluíndo accións ou participacións en sociedades) convenientes para o desenvolvemento do obxecto social; (ii) a colocación das novas accións en mercados estranxeiros que permitan o acceso a fontes de financiamento; (iii) a captación de recursos mediante o emprego de técnicas de colocación baseadas na prospección da demanda aptas para maximizar o tipo de emisión das accións; (iv) a incorporación dun socio industrial ou tecnolóxico; ou (v) en xeral, a realización de calquera operación que resulte conveniente para a sociedade.

Non haberá lugar ao dereito de subscripción preferente para os antigos accionistas e titulares de obrigas convertíbeis cando o aumento de capital se deba á conversión de obrigas en accións, á absorción doutra sociedade ou parte do patrimonio escindido doutra sociedade, ou cando a sociedade tivese formulado unha oferta pública de adquisición de valores cuxa contraprestación consista, en todo ou en parte, en valores a emitir pola sociedade.-

Segundo. Modifícase o cuarto parágrafo do artigo 19 dos Estatutos sociais, sen variación dos restantes parágrafos do citado precepto, e queda o referido cuarto parágrafo redactado nos seguintes termos:

"Os accionistas que representen, cando menos, o cinco por cento (5%) do capital social poderán solicitar que se publique un complemento da convocatoria da Xunta incluíndo un ou máis puntos na orde do día. O exercicio deste dereito deberá facerse mediante notificación fidedigna, onde se acreditará a titularidade da indicada porcentaxe do capital e que haberá de recibirse no domicilio social dentro dos cinco días seguintes á publicación da convocatoria. O complemento da convocatoria deberá publicarse con quince días de antelación como mínimo á data establecida para a reunión da Xunta."

Terceiro. Modifícase o artigo 23 dos Estatutos sociais que, en diante, pasará a ter a seguinte redacción:

– Artigo 23. Dereito de asistencia e exercicio do voto

Poderán asistir á Xunta Xeral os accionistas que sexan titulares de calquera número de accións, sempre que as teñan inscritas no correspondente rexistro contábel con cinco días de antelación á súa celebración, e se provean, na forma prevista na convocatoria, da correspondente tarxeta de asistencia, acreditativa do cumprimento dos mencionados requisitos que se expedirá con carácter nominativo polas entidades a que legalmente corresponda.

Os membros do Consello de Administración deberán asistir ás Xuntas Xerais.

Os Directores, Xerentes e Técnicos da sociedade poderán asistir ás Xuntas Xerais, cando sexan invitados polo Consello de Administración.

O Presidente poderá autorizar a asistencia de calquera outra persoa que xulgue conveniente, se ben a Xunta poderá revogar a devandita autorización.

O Regulamento da Xunta Xeral establecerá os procedementos e sistemas de cómputo da votación das propostas de acordos.

De conformidade co previsto no Regulamento da Xunta, o voto das propostas sobre puntos comprendidos na Orde do día de calquera clase de Xunta Xeral, poderá delegarse ou exercitarse polo accionista mediante correspondencia postal, electrónica ou calquera outro medio de comunicación a distancia, sempre que se garanta debidamente a identidade do suxeito que exerce o seu dereito de voto. Os accionistas que emitan os votos a distancia deberán ser tidos en conta para os efectos de constitución da Xunta como presentes.'

Cuarto. Modifícase o artigo 25 dos Estatutos sociais, que queda redactado nos seguintes termos:

– Artigo 25. Presidencia da Xunta Xeral

A Xunta será presidida polo Presidente do Consello de Administración, a falta deste, polo Vicepresidente e, en defecto de ambos os dous, polo accionista que en cada caso elixan os socios asistentes á reunión.

O Presidente someterá a deliberación os asuntos incluídos na orde do día e dirixirá os debates co fin de que a reunión se desenvolva de forma ordenada. Para tal efecto gozará das oportunas facultades de orde e disciplina, poderá chegar a dispoñer a expulsión dos que perturben o normal desenvolvemento da reunión e mesmo a acordar a interrupción momentánea da sesión.

O Presidente estará asistido por un Secretario, que será o do Consello de Administración, no seu defecto, actuará o Vicesecretario do Consello de Administración e, a falta deste, a persoa que designe a propia Xunta.

A Mesa da Xunta estará constituída polo Consello de Administración.

Quinto. Modifícase o artigo 42 dos Estatutos sociais, quedando fixada a súa redacción nos seguintes termos:

– Artigo 42. Secretario e Vicesecretario

Compete, así mesmo, ao Consello a elección do Secretario e, se é o caso, a do Vicesecretario. Nun e outro suposto poderán ou non ser conselleiros.

O Secretario coidará da legalidade formal e material das actuacións do Consello e de que os procedementos e as regras de goberno da sociedade sexan respectados.

En defecto do Secretario, fará as súas veces o Vicesecretario, quen poderá exercer calquera das súas facultades, incluídas as de asinar actas e estender certificacións. A falta de ambos os dous, fará de secretario o Conselleiro de menor idade de entre os asistentes á reunión.

Sexto. Súmase un novo parágrafo quinto e último ao artigo 43 dos Estatutos sociais, sen variación dos restantes parágrafos do indicado precepto, e queda o referido parágrafo quinto e último redactado nos seguintes termos:

"As propostas de nomeamento ou reelección de conselleiros que se eleven polo Consello á Xunta Xeral, así como os nomeamentos por cooptación, aprobaranse polo Consello (i) por proposta da Comisión de Nomeamentos e Retribucións, no caso de conselleiros independentes, ou (ii) logo de informe de Comisión de Nomeamentos e Retribucións, no caso dos restantes conselleiros."

Sétimo. Súmase un novo apartado 13 no artigo 47, sen variación do resto de apartados do indicado precepto; queda o referido apartado 13 redactado conforme ao seguinte teor:

"13. A seguinte información sobre os conselleiros: (i) o perfil profesional e biográfico, (ii) a relación doutros consellos de administración dos que formen parte, (iii) a indicación da categoría de conselleiro á que pertencen, sinalándose, no caso dos dominicais, o accionista ao que representan ou con quen teñan vínculos, (iv) a data do seu primeiro nomeamento como conselleiros na sociedade, así como dos posteriores, e (v) as accións da sociedade e opcións sobre elas das que sexan titulares."

Oitavo. Súmase un novo parágrafo cuarto e último no artigo 49 dos Estatutos sociais, sen variación dos restantes parágrafos do indicado precepto, e queda o referido cuarto e último parágrafo redactado conforme ao seguinte teor:

"O Consello de Administración procurará formular definitivamente as Contas anuais, de maneira que non haxa lugar a reservas nin advertencias no informe de auditoría. Non obstante, cando o Consello estime que debe manter o seu criterio, explicará publicamente o contido e alcance das discrepancias."

Proposta de acordos sobre o terceiro punto da Orde do día ("Modificación do Regulamento da Xunta Xeral de Accionistas: modificación do apartado 5.3 e adición dun novo apartado 5.4 do artigo 5 (Convocatoria); modificación do artigo 7 (Dereito de asistencia e exercicio do voto); modificación do artigo 10 (Presidencia da Xunta Xeral); incorporación dun novo artigo 14 (Votación das Propostas de acordos) e conseguinte reenumeración dos actuais artigos 14 (Acta da Xunta) e 15 (Interpretación) como artigos 15 e 16, respectivamente."):

Primeiro. Modifícase o apartado 5.3 e súmase un novo apartado 5.4 ao artigo 5 do Regulamento da Xunta Xeral, sen variación dos restantes apartados do indicado precepto, e quedan os referidos apartados 5.3 e 5.4 redactados nos seguintes termos:

" 5.3 Os accionistas que representen, polo menos, o cinco por cento (5%) do capital social poderán solicitar que se publique un complemento da convocatoria da Xunta incluíndo un ou máis puntos na orde do día. O exercicio deste dereito deberá facerse mediante notificación fidedigna, onde se acreditará a titularidade da indicada porcentaxe do capital e que haberá de recibirse no domicilio social dentro dos cinco días seguintes á publicación da convocatoria. O complemento da convocatoria deberá publicarse con quince días de antelación como mínimo á data establecida para a reunión da Xunta.

5.4 Ademais do esixido por disposición legal ou estatutaria, dende a data de publicación da convocatoria da Xunta Xeral a sociedade publicará a través da súa páxina web o texto de todas as propostas de acordos formuladas polo Consello de Administración en relación cos puntos da orde do día, incluíndo, no caso de propostas de nomeamento de administradores, a información á que se refire o apartado 13 de artigo 47 de Estatutos Sociais. Exceptuaranse aqueles supostos nos que, tratándose de propostas para as que a Lei ou os Estatutos non requiran a súa posta a disposición dos accionistas dende a data da convocatoria, o Consello estime que concorren motivos xustificados para non o facer.

Así mesmo, cando exista un complemento da convocatoria, dende a data da súa publicación a sociedade fará público a través da súa páxina web o texto das propostas a que o devandito complemento se refira, sempre que fosen remitidas á sociedade."

Segundo. Modifícase o artigo 7 do Regulamento da Xunta e queda redactado o devandito precepto nos seguintes termos:

"7 Dereito de asistencia e exercicio do voto

7.1 *Poderán asistir á Xunta Xeral os accionistas que sexan titulares de calquera número de accións, sempre que as teñan inscritas no correspondente rexistro contábel con cinco días de antelación á súa celebración, e dispoñan da correspondente tarxeta de asistencia, que se expedirá con carácter nominativo polas entidades que legalmente corresponda. As devanditas entidades deberán enviar a Repsol YPF, S.A., antes da data establecida para a celebración da Xunta, a relación das tarxetas que expediran por solicitude dos seus respectivos clientes.*

O Consello de Administración poderá, dando conta diso en cada Convocatoria, e mentres non fose establecido legalmente un modelo único de tarxeta de asistencia, establecer o troco das tarxetas de asistencia emitidas pola entidade adherida, que con carácter nominativo fosen expedidas polas entidades que legalmente corresponda, por outros documentos normalizados de rexistro da asistencia á Xunta expedidos pola sociedade, para facilitar a elaboración da lista de asistentes, o exercicio do dereito de voto e demais dereitos inherentes á condición de accionista.

O rexistro de tarxetas de asistencia comezará dúas horas antes da sinalada para a celebración da Xunta.

7.2 *O voto das propostas sobre puntos comprendidos na Orde do día de calquera clase de Xunta Xeral, poderá delegarse ou exercitarse polo accionista mediante correspondencia postal, electrónica ou calquera outro medio de comunicación a distancia, sempre que se garanta debidamente a identidade do suxeito que exerce o seu dereito de voto. Os accionistas que emitan os seus votos a distancia deberán ser tidos en conta para os efectos de constitución da Xunta como presentes.*

En función das disposicións en cada momento vixentes e do estado da técnica, o Consello de Administración establecerá para cada Xunta o procedemento máis axeitado para a delegación ou o exercicio do dereito de voto por medio de comunicación a distancia. O devandito procedemento será descrito con detalle na convocatoria da Xunta."

Terceiro. Modifícase o artigo 10 do Regulamento da Xunta Xeral e queda redactado nos seguintes termos:

"10 Presidencia da Xunta Xeral

A Xunta Xeral será presidida polo Presidente do Consello de Administración, a falta deste, por un Vicepresidente e, en defecto de todos, polo accionista que en cada caso elixan os socios asistentes á reunión.

O Presidente estará asistido por un Secretario, que será o do Consello de Administración, no seu defecto, actuará o Vicesecretario do Consello de Administración e, a falta deste, a persoa que designe a propia Xunta.

En exercicio das súas facultades de ordenación do desenvolvemento da Xunta, e sen prexuízo doutras competencias, o Presidente gozará, entre outras, das seguintes facultades:

- (i) solicitar aos intervinientes que aclaren cuestións que non fosen comprendidas ou non quedaran suficientemente explicadas durante a intervención;*
- (ii) prorrogar, cando o considere oportuno, o tempo inicialmente asignado a cada accionista;*
- (iii) moderar as intervencións dos accionistas, solicitando, se é o caso, que circunscriban a súa intervención aos asuntos propios da Xunta e se absteñan de realizar manifestacións improcedentes ou de exercitar dun modo abusivo ou obstrucionista os seus dereitos;*
- (iv) anunciarlles aos intervinientes que está próximo a concluír o tempo da súa intervención para que poidan axustar o seu discurso e, cando consuman o tempo concedido para a súa intervención ou se persisten nas condutas descrita no epígrafe (iii) anterior, retirarlles o uso da palabra; e*
- (v) se considerase que a súa intervención pode alterar a axeitada orde e o normal desenvolvemento da reunión, poderá cominalos a que abandonen o local e, se é o caso, adoptar as medidas necesarias para o cumprimento desta previsión, incluíndo a interrupción momentánea da sesión."*

Cuarto. Incorpórase un novo artigo 14 do Regulamento da Xunta Xeral coa seguinte redacción:

– 14 Votación das propostas de acordos

Salvo que outra cousa dispoña o Presidente, o proceso de adopción de acordos desenvolverase seguindo a orde do día previsto na convocatoria. En primeiro lugar someteranse a votación as propostas de acordo que en cada caso formulara o Consello de Administración e a continuación, se procedese, votaranse as formuladas por outros proponentes seguindo unha orde de prioridade temporal. En todo caso, aprobada unha proposta de acordo, decaerán automaticamente todas as demais relativas ao mesmo asunto que sexan incompatíbeis con ela, sen que, polo tanto, proceda sometelas a votación. Se se formularen propostas relativas a asuntos sobre os que a Xunta poida resolver sen que consten na orde do día, o Presidente decidirá a orde na que serán sometidas a votación.

Por regra xeral, e sen prexuízo de que, a xuízo do Presidente, poida empregarse o sistema previsto no segundo parágrafo do artigo 13.6 precedente ou outros sistemas alternativos, a votación das propostas de acordos realizarase conforme ao seguinte procedemento:

- (i) A votación das propostas de acordos relativas a asuntos comprendidos na orde do día efectuarase mediante un sistema de dedución negativa. Para estes efectos, consideraranse votos a favor os correspondentes a todas as accións presentes e representadas, deducidos (a) os votos correspondentes ás accións cuxos titulares ou representantes manifesten que votan en contra ou se absteñen, mediante a comunicación ou expresión do seu voto ou abstención ao Notario (ou, no seu defecto, ao Secretario ou persoal que o asista), para a súa constancia en acta, (b) os votos correspondentes ás accións cuxos titulares votaran en contra ou manifestaran expresamente a súa abstención, a través dos medios de comunicación a distancia reputados como válidos conforme a este Regulamento e (c) os votos correspondentes ás accións cuxos titulares ou representantes abandonaran a reunión con anterioridade á votación da proposta de acordo de que se trate e deixaran constancia de tal abandono ante o Notario (ou, no seu defecto, ante o Secretario da sesión ou persoal que o asista).
- (ii) A votación das proposta de acordos relativas a asuntos non comprendidos na orde do día efectuarase mediante un sistema de dedución positiva. Para estes efectos, consideraranse votos contrarios os correspondentes a todas as accións presentes e representadas, deducidos (a) os votos correspondentes ás accións cuxos titulares ou representantes manifesten que votan a favor ou se absteñen, mediante a comunicación ou expresión do seu voto ou abstención ao Notario (ou, no seu defecto, ao Secretario ou persoal que o asista) para a súa constancia en acta e (b) os votos correspondentes ás accións cuxos titulares ou representantes abandonaran a reunión con anterioridade á votación da proposta de acordo de que se trate e deixaran constancia de tal abandono ante o Notario (ou, no seu defecto, ante o Secretario da sesión ou persoal que o asista).
- (iii) As comunicacións ou manifestacións ao Notario ou ao Secretario previstas nos dous apartados precedentes relativas ao sentido do voto ou da abstención poderán realizarse individualizadamente respecto de cada unha das propostas de acordos ou conxuntamente para varias ou para todas elas, expresándolle ao Notario (ou, no seu defecto, ao Secretario da sesión ou persoal que o asista) a identidade e condición - accionista ou representante- de quen as realiza, o número de accións a que se refiren e o sentido do voto ou, se é o caso, da abstención.
- (iv) Para a adopción de acordos relativos a asuntos non comprendidos na orde do día, non se considerarán como accións presentes, nin tampouco representadas, as de aqueles accionistas que participasen na Xunta a través de medios de votación a distancia previos á celebración da Xunta. Así mesmo, para a adopción dalgún dos acordos a que se refire o artigo 114.1 da Lei do Mercado de Valores, non se considerarán como representadas, nin tampouco como presentes, aquelas accións respecto das cales non se poida exercitar o dereito de voto por aplicación do establecido no devandito precepto.¹

Como consecuencia da incorporación deste novo artigo 14, os actuais artigos 14 e 15 do Regulamento da Xunta Xeral renuméranse como artigos 15 e 16, respectivamente, sen variación do seu contido.

Proposta de acordos sobre o cuarto punto da Orde do día ("Determinación do número de conselleiros dentro dos límites establecidos no artigo 31 dos Estatutos Sociais. Nomeamento, ratificación ou reelección de conselleiros").

4.1 Determinación do número de conselleiros dentro dos límites establecidos no artigo 31 dos Estatutos Sociais

Estabelecer en 16 o número de Conselleiros.

4.2 Ratificación e nomeamento como Conselleiro de D. Juan Abelló Gallo

Ratificar a designación, acordada polo Consello de Administración en virtude da súa facultade de cooptación para cubrir unha vacante producida despois da pasada Xunta Xeral Ordinaria, de D. Juan Abelló Gallo, nomeándoo Conselleiro da Sociedade.

O Sr. Abelló desempeñará o seu cargo de Conselleiro por un prazo de catro anos que se contan dende esta ratificación e este nomeamento.

4.3 Ratificación e nomeamento como Conselleiro de D. Luis Fernando del Rivero Asensio

Ratificar a designación, acordada polo Consello de Administración en virtude da súa facultade de cooptación para cubrir a segunda vacante producida despois da pasada Xunta Xeral Ordinaria, de D. Luis Fernando del Rivero Asensio, nomeándoo Conselleiro da Sociedade.

O Sr. del Rivero desempeñará o seu cargo de Conselleiro por un prazo de catro anos que comezarán a contar dende esta ratificación e este nomeamento..

4.4 Ratificación e nomeamento como Conselleiro de D. Manuel Raventós Negra

Ratificar a designación, acordada polo Consello de Administración en virtude da súa facultade de cooptación para cubrir a terceira vacante producida despois da pasada Xunta Xeral Ordinaria, de D. Manuel Raventós Negra, nomeándoo Conselleiro da Sociedade.

O Sr. Raventós desempeñará o seu cargo de Conselleiro por un prazo de catro anos que se contan dende esta ratificación e este nomeamento.

4.5 Ratificación e nomeamento como Conselleiro de D. José Manuel Loureda Mantiñán

Ratificar a designación, acordada polo Consello de Administración en virtude da súa facultade de cooptación para cubrir a terceira vacante producida despois da pasada Xunta Xeral Ordinaria, de D. José Manuel Loureda Mantiñán, nomeándoo Conselleiro da Sociedade.

O Sr. Loureda desempeñará o seu cargo de Conselleiro por un prazo de catro anos que se contan dende esta ratificación e este nomeamento.

4.6 Reección de D. Antonio Brufau Niubó como Conselleiro

Reelixer como membro do Consello de Administración, por un novo período de catro anos, a D. Antonio Brufau Niubó.

4.7 Reección de D. Carmelo de las Morenas López como Conselleiro

Reelixer como membro do Consello de Administración, por un novo período de catro anos, a D. Carmelo de las Morenas López.

4.8 Nomeamento de D. Luis Carlos Croissier Batista como Conselleiro

Nomear Conselleiro da sociedade, polo período estatutario de catro anos, a D. Luis Carlos Croissier Batista.

4.9 Nomeamento de D. Ángel Durández Adeva como Conselleiro

Nomear Conselleiro da sociedade, polo período estatutario de catro anos, a D. Ángel Durández Adeva.

Proposta de acordos sobre o quinto punto da Orde do día ("Designación de Auditor de Contas de Repsol YPF, S.A. e do seu Grupo consolidado").

Reelixer como Auditor de Contas de Repsol YPF, S.A. e do seu Grupo Consolidado á sociedade Deloitte, S.L., con domicilio en Madrid, Plaza Pablo Ruiz Picasso, número 1 (Torre Picasso) e NIF B-79104469, inscrita no rexistro Oficial de Auditores de contas de España co número S-0692, e inscrita no Rexistro Mercantil de Madrid, no tomo 13.650, folio 188, sección 8, folla M-54414, polo período legalmente establecido dunha anualidade. Encoméndaselle igualmente a realización dos demais servizos de auditoría esixidos pola lei que precisase a sociedade ata a celebración da próxima Xunta Xeral Ordinaria.

Proposta de acordos sobre o sexto punto da Orde do día ("Autorización ao Consello de Administración para a adquisición derivativa de accións de Repsol YPF, S.A., directamente ou a través de sociedades dominadas, dentro do prazo de 18 meses contados dende o acordo da Xunta, deixando sen efecto a autorización acordada na Xunta Xeral Ordinaria celebrada o 16 de xuño de 2006").

Autorizar ao Consello de Administración para a adquisición derivativa de accións de Repsol YPF, S.A., por compravenda, permuta ou calquera outra modalidade de negocio xurídico oneroso, directamente ou a través de sociedades dominadas, ata un número máximo de accións que, sumado ao das que xa posúa Repsol YPF, S.A. e calquera das súas sociedades filiais, non exceda do 5% do capital da sociedade e por un prezo ou valor de contraprestación que non poderá ser inferior ao valor nominal das accións nin superar a súa cotización en Bolsa.

As accións propias adquiridas poderán destinarse á súa entrega aos empregados e administradores da sociedade ou do seu Grupo ou, se é o caso, para satisfacer o exercicio de dereitos de opción de que aqueles sexan titulares.

Esta autorización queda supeditada ao cumprimento de todos os demais requisitos legais aplicábeis, terá unha duración de 18 meses, contados a partir da data da presente Xunta Xeral, e deixa sen efecto na parte non utilizada a acordada pola pasada Xunta Xeral Ordinaria celebrada o 16 de xuño de 2006.

Proposta de acordos sobre o sétimo punto da Orde do día ("Delegación de facultades para complementar, desenvolver, executar, emendar e formalizar os acordos adoptados pola Xunta Xeral").

Primeiro. Delegar no Consello de Administración coa maior amplitude posíbel, incluída a facultade de delegar en todo ou en parte as facultades recibidas na Comisión Delegada, cantas facultades fosen precisas para complementar, desenvolver, executar e emendar calquera dos acordos adoptados pola Xunta Xeral. A facultade de emendar englobará a facultade de facer cantas modificacións, emendas e adicións fosen necesarias ou convenientes como consecuencia de reparos ou observacións suscitados polos organismos reguladores dos mercados de valores, as Bolsas de Valores, o Rexistro Mercantil e calquera outra autoridade pública con competencias relativas aos acordos adoptados.

Segundo. Delegar indistintamente no Presidente do Consello de Administración e no Secretario e Vicesecretario do Consello as facultades necesarias para formalizar os acordos adoptados pola Xunta Xeral, e inscribir os que estean suxeitos a este requisito na súa totalidade ou en parte, incluíndo as facultades relativas á formalización do depósito das contas anuais, podendo para o efecto outorgar toda clase de documentos públicos ou privados, mesmo para o complemento ou emenda de tales acordos.

Xunta Xeral Ordinaria 2007. Informes do Consello de Administración sobre as propostas de acordos

Informe do Consello de Administración sobre a proposta de acordos relativa ao primeiro punto da Orde do día ("Exame e aprobación, se procede, das Contas anuais e do Informe de xestión de Repsol YPF, S.A., das Contas anuais consolidadas e do Informe de xestión consolidado, correspondentes ao exercicio pechado o 31 de decembro de 2006, da proposta de aplicación dos seus resultados e da xestión do Consello de Administración durante o devandito exercicio").

As Contas anuais e os diferentes documentos que as compoñen, de acordo co Código de Comercio, coa Lei de Sociedades Anónimas e demais disposicións aplicábeis, incluídas as normas sectoriais vixentes, tanto as individuais de Repsol YPF, S.A. como as consolidadas do seu Grupo de sociedades, xunto co Informe de xestión de Repsol YPF, S.A. e o Informe de xestión consolidado, foron formuladas polo Consello de Administración na súa reunión do 28 de marzo de 2007, previa a súa revisión pola Comisión de Auditoría e Control e polo Comité Interno de Transparencia de Repsol YPF, S.A., e previa a súa certificación polo Presidente Executivo e polo Director Xeneral Económico Financeiro.

Igualmente, estas contas anuais e os Informes de Xestión foron revisados polos Auditores de Contas de Repsol YPF, S.A. e do seu Grupo Consolidado.

Todos estes documentos están a disposición dos señores accionistas no domicilio social, Paseo de la Castellana, número 278, onde poden solicitar que llela entreguen ou que llela envíen de maneira gratuíta ao lugar que indiquen.

Así mesmo, están dispoñíbeis a través da páxina web da compañía (www.repsolypf.com), onde os Sres. accionistas poderán atopar tamén o denominado "Informe Anual 2006", que contén ampla información de interese sobre a sociedade; o Informe de Responsabilidade Corporativa; o Informe Anual de Goberno Corporativo e os Informes dos Auditores de Contas.

Xunto coa aprobación das Contas Anuais propónse, igualmente, como en exercicios anteriores, a aprobación da aplicación dos resultados, segundo se indica na Memoria, e da xestión desenvolva polo Consello de Administración durante o exercicio 2006.

Informe do Consello de Administración sobre a proposta de acordos relativa ao segundo punto da Orde do día ("Modificación dos Estatutos Sociais: modificación do artigo 12 (Modificación do Capital); introdución dun novo artigo 12 bis (Dereito de subscripción preferente); modificación do cuarto parágrafo do artigo 19 (Convocatoria da Xunta Xeral); modificación do artigo 23 (Dereito de asistencia e exercicio do voto); modificación do artigo 25 (Presidencia da Xunta Xeral); modificación do artigo 42 (Secretario e Vicesecretario); adición dun novo parágrafo quinto ao artigo 43 (Duración do cargo e provisión de vacantes); adición dun novo apartado 13 ao artigo 47 (Páxina web) e inclusión dun novo cuarto parágrafo no artigo 49 (Contas anuais)").

1 Obxecto do informe

En cumprimento do previsto no artigo 144.1.a) da Lei de Sociedades Anónimas, o Consello de Administración de Repsol YPF, S.A. (a "Sociedade") formula este informe para xustificar a proposta de modificación de determinados artigos dos Estatutos Sociais que se somete á aprobación da Xunta Xeral de Accionistas.

2 Xustificación xeral da proposta

Boa parte das modificacións estatutarias que se someten á aprobación da Xunta teñen como finalidade adaptar os Estatutos ao Código Unificado de Bo Goberno (en diante, o "Código Unificado") publicado pola Comisión Nacional do Mercado de Valores como Anexo I do Informe do Grupo Especial de Traballo sobre Bo Goberno das Sociedades Cotizadas do 19 de maio de 2006 e aprobado mediante acordo do Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores o 22 de maio de 2006.

Outras propostas de modificación perseguen mellorar tecnicamente a redacción e sistematización dos estatutos vixentes da Sociedade, contemplando e aclarando a regulación de certas materias.

Esta reforma dos Estatutos Sociais complementábase ademais coa reforma do Regulamento da Xunta Xeral de Accionistas da Sociedade, que se propón baixo o terceiro punto da orde do día.

3 Xustificación detallada da proposta

Expostas as liñas xerais da reforma, corresponde agora xustificar e explicar con maior detalle as concretas modificacións estatutarias que se someten á aprobación da Xunta Xeral.

1. Proposta de modificación do artigo 12 dos Estatutos (relativo á modificación do capital), e introdución dun novo artigo 12 bis (relativo ao dereito de subscrición preferente)

Esta proposta de modificación dos Estatutos sociais divide en dúas diferentes disposicións o contido do actual artigo 12 dos Estatutos e engade, á súa vez, novas previsións que completan a ordenación estatutaria sobre a modificación do capital social. En particular, restrínxese, por un lado, o contido do artigo 12 dos Estatutos á regulación do aumento do capital da Sociedade e, por outro, introdúcese un novo artigo 12 bis que regula de xeito específico o dereito de subscrición preferente do accionista.

As modificacións concretas que propoñemos introducir nas mencionadas disposicións estatutarias son as seguintes:

Artigo 12. Modificación do capital

A redacción proposta traslada o segundo parágrafo do precepto ao novo artigo 12 bis, relativo ao dereito de subscrición preferente, coa indicada finalidade de diferenciar a regulación de materias diversas. Adicionalmente, elimínanse, por innecesarias, as previsións estatutarias que transcriben o contido da Lei de Sociedades Anónimas, por tratarse de disposicións legais imperativas, que resultan polo tanto de aplicación independentemente da súa previsión expresa nos Estatutos.

Por outra banda, propónse incluír certas precisións adicionais respecto ao réxime legal dos aumentos de capital e as súas posibles contraprestacións. Con iso, preténdese despezar posibles dúbidas interpretativas e facilitar a realización de certas operacións financeiras que poden resultar interesantes para a Sociedade. Neste sentido, configúranse as compensacións de créditos como achegas monetarias e permítese expresamente os aumentos de capital mixtos (en parte con cargo a novas achegas e en parte con cargo a reservas dispoñíbeis).

Así mesmo, invértese a regra prevista por defecto na Lei de Sociedades Anónimas sobre os aumentos de capital incompletos, co fin de facilitar a realización deste tipo de aumentos de capital na Sociedade, e especificase que, en defecto de íntegra subscrición, o capital quedará aumentado na contía efectivamente subscrita, salvo disposición contraria do acordo en cuestión.

O novo artigo 12 que se propón á Xunta regula, igualmente, o capital autorizado e a delegación no Consello da facultade de determinar a data na que un aumento de capital xa acordado pola Xunta ha de levarse a efecto. Co fin de completar a regulación estatutaria na materia, o artigo precisa as facultades do Consello de acordar aumentos de capital ao abeiro e coas limitacións establecidas no artigo 153.1 b) do mesmo corpo legal, especificando neste último caso a posibilidade de que o Consello á súa vez resulte facultado pola Xunta para suprimir o dereito de subscrición preferente, así como de determinar a data na que un acordo de aumento de capital xa adoptado pola Xunta ha de levarse a efecto, conforme ao disposto no artigo 153.1 a) da Lei de Sociedades Anónimas.

Artigo 12 bis. Dereito de subscrición preferente

A redacción proposta para o novo artigo 12 bis recolle, en primeiro lugar, o contido do ata agora segundo parágrafo do actual artigo 12, relativo ao dereito de subscrición preferente en aumentos de capital con emisión de novas accións.

Por outra banda, o novo precepto proposto introduce a regulamentación estatutaria da posíbel supresión do dereito de subscrición preferente nos casos nos que concorran razóns de interese social. O Consello de Administración considera que a proposta achega maior seguridade xurídica aos accionistas e á Sociedade, por canto non só recolle a posibilidade de que o Consello de Administración e/ou a Xunta Xeral de accionistas poidan excluír o dereito de subscrición preferente por razóns de interese social, como expresamente prevé a vixente Lei de Sociedades Anónimas, senón que ademais se establecen con fins de exemplificación unha serie de pautas para a interpretación do concepto "interese social" que xustifican de modo directo a exclusión do dereito de subscrición preferente. Así mesmo, fíxanse os supostos nos que non haberá lugar ao dereito de subscrición preferente, contemplando expresamente entre eles non só os referidos no artigo 159.4 da Lei de Sociedades Anónimas senón tamén o suposto previsto no artigo 10 do Real Decreto 1197/1991, do 26 de xullo, sobre réxime das ofertas públicas de adquisición de valores.

2. Proposta de modificación do cuarto parágrafo do artigo 19 dos Estatutos (relativo á convocatoria da Xunta Xeral)

A presente proposta de modificación ten unha finalidade eminentemente técnica. O seu obxectivo é precisar que, nos supostos nos que accionistas titulares de polo menos o cinco por cen do capital social soliciten un complemento da convocatoria, os ditos accionistas terán que acreditar na súa solicitude a titularidade da indicada porcentaxe accionarial. A previsión antóllase procedente para asegurar un correcto emprego da posibilidade de solicitar complementos da convocatoria.

3. Proposta de modificación do artigo 23 dos Estatutos (relativo ao dereito de asistencia e exercicio do voto)

A modificación que se propón en relación co artigo 23 dos Estatutos consiste en eliminar a esixencia de titularidade de polo menos cento cincuenta accións para asistir á Xunta Xeral. Esta medida, que será aplicábel a partir da primeira Xunta que se celebre despois da súa aprobación, permitirá que aqueles accionistas que sexan propietarios de menos de cento cincuenta accións poidan asistir persoalmente á

Xunta, sen necesidade, como era esixido ata agora, de que agrupen as súas accións para alcanzar o número mínimo esixido, designando un representante. Con iso búscase favorecer a asistencia dos accionistas á Xunta e fomentar a súa participación neste órgano social.

A proposta de modificación leva consigo dar unha nova redacción ao primeiro parágrafo do artigo 23, para especificar que terán dereito de asistencia os titulares de calquera número de accións inscritas ao seu nome con polo menos cinco días de antelación ao día no que haxa de celebrarse a Xunta. Así mesmo, suprimese o segundo parágrafo do artigo, que actualmente regula a agrupación de accionistas con menos de cento cincuenta accións como medio para asistir, presentes ou representados, ás Xuntas Xerais e que, coa supresión do requisito de titularidade mínima de accións, transfórmase en inaplicábel.

Finalmente, proponse engadir, para os simples efectos sistemáticos, un novo parágrafo sexto (quinto tras a supresión do réxime de agrupación de accións) referido á regulación dos procedementos e sistemas de cómputo da votación das propostas de acordos, incorpórase unha remisión o que a este respecto prevexa o Regulamento da Xunta Xeral. A natureza da materia aconsella que a súa normativa fundamental se prevexa en sede de Regulamento da Xunta.

4. Proposta de modificación do artigo 25 dos Estatutos (relativo á Presidencia da Xunta Xeral)

A proposta de modificación do artigo 25 dos Estatutos ten un carácter eminentemente técnico e de coordinación co Regulamento da Xunta Xeral. En síntese, leva consigo o expreso recoñecemento das prerrogativas inherentes á Presidencia da Xunta Xeral en relación coa dirección dos debates e o axeitado desenvolvemento das Xuntas Xerais, incluíndo as oportunas facultades de orde e disciplina.

5. Proposta de modificación do artigo 42 dos Estatutos (relativo ao Secretario e Vicesecretario)

A presente proposta engade un novo segundo parágrafo ao artigo 42 que ten por finalidade explicitar algunhas das funcións máis relevantes do Secretario do Consello dende a perspectiva do bo goberno, en liña coa recomendación 18 do Código Unificado. O Secretario xoga un papel fundamental no bo funcionamento do Consello e, neste sentido, enténdese conveniente considerar nos Estatutos o labor de velar pola legalidade formal e material das actuacións do Consello e de coidar que os procedementos e as regras de goberno da Sociedade sexan respectados.

6. Proposta de adición dun novo parágrafo quinto ao artigo 43 dos Estatutos (relativo á duración do cargo de Conselleiro e á provisión de vacantes)

Propónse engadir un novo quinto e último parágrafo ao artigo 43, sen variación do resto de parágrafos do precepto, co obxecto de recoller o contido da recomendación 27 do Código Unificado relativa á proposta de nomeamento ou de reelección dos conselleiros. En liña coa indicada recomendación, a modificación que se somete á Xunta prevé que as propostas de nomeamento ou reelección de conselleiros que se eleven polo Consello á Xunta, así como os nomeamentos por cooptación, se aproben polo Consello (i) por proposta da Comisión de Nomeamentos e Retribucións, no caso de conselleiros independentes, ou (ii) logo de informe da indicada Comisión, no caso dos restantes conselleiros. A conveniencia de extremar o rigor na selección dos conselleiros independentes aconsella outorgarlle á Comisión de Nomeamentos e Retribucións un papel non meramente informativo, senón de proposta.

7. Proposta de inclusión dun novo apartado 13 no artigo 47 dos Estatutos (relativo á páxina web)

A modificación proposta ten por obxecto engadir a listaxe de información para publicar na páxina web da Sociedade, considerada no artigo 47 vixente, a información sobre os conselleiros prevista na recomendación 28 do Código Unificado. Desta forma prevese que a Sociedade teña que facer pública determinada información sobre os conselleiros. A devandita información inclúe o perfil profesional e biográfico, a relación doutros consellos de administración dos que formen parte, a indicación da categoría de conselleiros á que pertencen, sinalando, no caso dos dominicais, o accionista ao que representan ou con quen teñan vínculos; a data de nomeamento como conselleiros e, por último, as accións da Sociedade e as opcións sobre elas das que sexan titulares. A modificación comprende o engadido dun novo parágrafo 13 ao artigo 47, sen modificación do resto do precepto.

8. Proposta de inclusión dun cuarto parágrafo no artigo 49 dos Estatutos (relativo ás Contas anuais)

A proposta que se somete á aprobación da Xunta consiste na introdución dun novo parágrafo final no artigo 49, sen modificación do resto do precepto, co obxecto de recoller na súa formulación xeral a recomendación 53 do Código Unificado relativa á presentación sen excepcións das contas anuais. Propónse, por conseguinte, incorporar un cuarto parágrafo ao final do artigo 49 para prever expresamente que o Consello deberá formular as Contas Anuais de maneira que non dea lugar a reservas nin excepcións no informe de auditoría. Non obstante, prevese igualmente que, no caso de que o Consello estime que debe manter o seu criterio, explique publicamente o contido e alcance das discrepancias.

Para facilitar a comparación entre a vixente redacción dos artigos que se propón modificar e a resultante das modificacións propostas, inclúese a continuación e a dobre columna, unha transcripción literal de ambos os dous textos, sen outro valor que o simplemente informativo.

Información comparativa sobre os preceptos estatutarios cuxa modificación se propón (subliñadas as modificacións)

Redacción vixente	Proposta de modificación
<p>Artigo 12. - Modificación do capital</p> <p>O capital social poderá ser aumentado ou diminuído unha ou máis veces, logo de cumprimento de requisitos legais aplicábeis.</p> <p>Nos aumentos de capital con emisión de novas accións, os antigos accionistas e os titulares de obrigas convertíbeis poderán exercer dentro do prazo que para este efecto se sinala pola Xunta Xeral ou polo Consello de Administración, -e que non poderá ser inferior ao prazo mínimo establecido para estes efectos pola lexislación aplicábel en cada momento- o dereito a subscribir, da nova emisión, un número de accións proporcional ao valor nominal das accións que posúan ou das que lles corresponderían aos titulares de obrigas convertíbeis de exercer nese momento a facultade de conversión.</p> <p>Non procederá o dereito de subscrición preferente cando o aumento de capital se deba á conversión de obrigas en accións, ou á absorción doutra Sociedade ou de parte do patrimonio escindido doutra Sociedade, ou cando a Xunta Xeral, ao decidir o aumento de capital, acorde a súa supresión, total ou parcial, cos requisitos do artigo 159 do Texto Refundido da Lei de Sociedades Anónimas.</p> <p>Na emisión de obrigas convertíbeis en accións, os accionistas da Sociedade terán dereito de subscrición preferente das obrigas convertíbeis. Igual dereito lles corresponderá aos titulares de obrigas convertíbeis pertencentes a emisións anteriores na proporción que lles corresponda segundo as bases da conversión.</p>	<p>Artigo 12. - Modificación do capital</p> <p>O capital social poderá ser aumentado ou diminuído unha ou máis veces, logo de cumprimento de requisitos legais aplicábeis.</p> <p><i>[Trasladado como primeiro parágrafo do art. 12 bis]</i></p> <p><i>[Suprimido]</i></p> <p><i>[Suprimido]</i></p> <p><u>O aumento de capital pode realizarse por emisión de novas accións ou por elevación do valor nominal das antigas e, en ambos os dous casos, o contravalor pode consistir en achegas monetarias, incluída a compensación de créditos, en achegas non monetarias ou na transformación de beneficios ou reservas dispoñíbeis. O aumento de capital poderá efectuarse en parte con cargo a novas achegas e en parte con cargo a reservas dispoñíbeis.</u></p> <p><u>Cando o aumento de capital non se subscribise integramente dentro do prazo sinalado para o efecto, o capital quedará aumentado na contía efectivamente subscrita, salvo que no acordo se prevea outra cousa.</u></p> <p><u>A Xunta Xeral poderá delegar no órgano de administración a facultade de acordar, nunha ou varias veces, o aumento do capital social ata unha cifra determinada, na oportunidade e contía que decida e dentro das limitacións que establece a Lei. A delegación poderá incluír a facultade de excluír o dereito de subscrición preferente.</u></p> <p><u>A Xunta Xeral poderá así mesmo delegar no órgano de administración a facultade de determinar a data na que o acordo xa adoptado de aumentar o capital deba levarse a efecto e de fixar as súas condicións en todo o non previsto pola Xunta.</u></p>

Redacción vixente

Proposta de modificación

Artigo 12 bis.- Dereito de subscrición preferente

Nos aumentos de capital con emisión de novas accións, os antigos accionistas e os titulares de obrigas convertíbeis poderán exercer dentro do prazo que para este efecto se sinala pola Xunta Xeral ou polo Consello de Administración, -e que non poderá ser inferior ao prazo mínimo establecido para estes efectos pola lexislación aplicábel en cada momento- o dereito a subscribir, da nova emisión, un número de accións proporcional ao valor nominal das accións que posúan ou das que lles corresponderían aos titulares de obrigas convertíbeis de exercer nese momento a facultade de conversión.

A Xunta Xeral ou, se é o caso, o Consello de Administración que acorde o aumento de capital poderán acordar a supresión, total ou parcial, do dereito de subscrición preferente de accionistas e titulares de obrigas convertíbeis por razóns de interese social.

En particular, o interese social poderá xustificar a supresión do dereito de subscrición preferente cando iso sexa necesario para facilitar (i) a adquisición pola sociedade de activos (incluíndo accións ou participacións en sociedades) convenientes para o desenvolvemento do obxecto social; (ii) a colocación das novas accións en mercados estranxeiros que permitan o acceso a fontes de financiamento; (iii) a captación de recursos mediante o emprego de técnicas de colocación baseadas na prospección da demanda aptas para maximizar o tipo de emisión das accións; (iv) a incorporación dun socio industrial ou tecnolóxico; ou (v) en xeral, a realización de calquera operación que resulte conveniente para a sociedade.

Non haberá lugar ao dereito de subscrición preferente para os antigos accionistas e titulares de obrigas convertíbeis cando o aumento de capital se deba á conversión de obrigas en accións, á absorción doutra sociedade ou parte do patrimonio escindido doutra sociedade, ou cando a sociedade tivese formulado unha oferta pública de adquisición de valores cuxa contraprestación consista, en todo ou en parte, en valores para emitir pola sociedade.

Artigo 19.- Convocatoria da Xunta Xeral

A Xunta Xeral, Ordinaria ou Extraordinaria, deberá ser convocada polo Consello de Administración, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial do Rexistro Mercantil e nun dos diarios de maior circulación na provincia do domicilio social, polo menos un mes antes da data fixada para a súa celebración, salvo nos casos nos que a lei estableza unha antelación diferente, en cuxo caso se estará ao que esta dispoña. O anuncio expresará a data da reunión en primeira convocatoria e todos os asuntos que teñan que tratarse. Poderá, así mesmo, facerse constar a data na que, se procedese, se reunirá a Xunta en segunda convocatoria.

Entre a primeira e a segunda reunión deberá mediar, polo menos, un prazo de vinte e catro horas.

Se a Xunta Xeral, debidamente convocada, non se celebre en primeira convocatoria, nin se prevese no anuncio a data da segunda, esta deberá ser anunciada, cos mesmos requisitos de publicidade que a primeira, dentro dos quince días seguintes á data da Xunta non celebrada e con oito días de antelación á data da reunión.

Os accionistas que representen, polo menos, o cinco por cento (5%) do capital social poderán solicitar que se publique un complemento da convocatoria da Xunta incluíndo un ou máis puntos na orde do día. O exercicio deste dereito deberá facerse mediante notificación fidedigna que terá que recibirse no domicilio social dentro dos cinco días seguintes á publicación da convocatoria. O complemento da convocatoria deberá publicarse con quince días de antelación como mínimo á data establecida para a reunión da Xunta.

Artigo 19.- Convocatoria da Xunta Xeral

A Xunta Xeral, Ordinaria ou Extraordinaria, deberá ser convocada polo Consello de Administración, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial do Rexistro Mercantil e nun dos diarios de maior circulación na provincia do domicilio social, polo menos un mes antes da data fixada para a súa celebración, salvo nos casos nos que a lei estableza unha antelación diferente, en cuxo caso se estará ao que esta dispoña. O anuncio expresará a data da reunión en primeira convocatoria e todos os asuntos que teñan que tratarse. Poderá, así mesmo, facerse constar a data na que, se procedese, se reunirá a Xunta en segunda convocatoria.

Entre a primeira e a segunda reunión deberá mediar, polo menos, un prazo de vinte e catro horas.

Se a Xunta Xeral, debidamente convocada, non se celebre en primeira convocatoria, nin se prevese no anuncio a data da segunda, esta deberá ser anunciada, cos mesmos requisitos de publicidade que a primeira, dentro dos quince días seguintes á data da Xunta non celebrada e con oito días de antelación á data da reunión.

Os accionistas que representen, polo menos, o cinco por cento (5%) do capital social poderán solicitar que se publique un complemento da convocatoria da Xunta incluíndo un ou máis puntos na orde do día. O exercicio deste dereito deberá facerse mediante notificación fidedigna, onde se acreditará a titularidade da indicada porcentaxe do capital e que haberá de recibirse no domicilio social dentro dos cinco días seguintes á publicación da convocatoria. O complemento da convocatoria deberá publicarse con quince días de antelación como mínimo á data establecida para a reunión da Xunta.

Redacción vixente

Artigo 23. - Dereito de asistencia e exercicio do voto

Poderán asistir á Xunta Xeral os accionistas que sexan titulares dun mínimo de 150 accións, sempre que as teñan inscritas no correspondente rexistro contábel con cinco días de antelación á súa celebración, e as provean, na forma prevista na convocatoria, da correspondente tarxeta de asistencia, acreditativa do cumprimento dos mencionados requisitos que se expedirá con carácter nominativo polas entidades a que legalmente corresponda.

Os accionistas que non posúan o número de accións sinalado poderán agruparse para os efectos de asistencia, designando un representante que non necesitará ser accionista.

Os membros do Consello de Administración deberán asistir ás Xuntas Xerais.

Os Directores, Xerentes e Técnicos da sociedade poderán asistir ás Xuntas Xerais, cando sexan invitados polo Consello de Administración.

O Presidente poderá autorizar a asistencia de calquera outra persoa que xulgue conveniente, se ben a Xunta poderá revogar a devandita autorización.

De conformidade co previsto no Regulamento da Xunta, o voto das propostas sobre puntos comprendidos na Orde do día de calquera clase de Xunta Xeral, poderá delegarse ou exercitarse polo accionista mediante correspondencia postal, electrónica ou calquera outro medio de comunicación a distancia, sempre que se garanta debidamente a identidade do suxeito que exerce o seu dereito de voto. Os accionistas que emitan os votos a distancia deberán ser tidos en conta para os efectos de constitución da Xunta como presentes.

Artigo 25. - Presidencia da Xunta Xeral

A Xunta será presidida polo Presidente do Consello de Administración, a falta deste, polo Vicepresidente e, en defecto de ambos os dous, polo accionista que en cada caso elixan os socios asistentes á reunión.

O Presidente estará asistido por un Secretario, que será o do Consello de Administración, no seu defecto, actuará o Vicesecretario do Consello de Administración e, a falta deste, a persoa que designe a propia Xunta.

A Mesa da Xunta estará constituída polo Consello de Administración.

Artigo 42.- Secretario e Vicesecretario

Compete, así mesmo, ao Consello a elección do Secretario e, se é o caso, a do Vicesecretario. Nun e outro suposto poderán ou non ser conselleiros.

En defecto do Secretario, fará as súas veces o Vicesecretario, quen poderá exercer calquera das súas facultades, incluídas as de asinar actas e estender certificacións. Á falta de ambos os dous, fará de secretario o Conselleiro de menor idade de entre os asistentes á reunión.

Proposta de modificación

Artigo 23. - Dereito de asistencia e exercicio do voto

Poderán asistir á Xunta Xeral os accionistas que sexan titulares de calquera número de accións, sempre que as teñan inscritas no correspondente rexistro contábel con cinco días de antelación á súa celebración, e se provean, na forma prevista na convocatoria, da correspondente tarxeta de asistencia, acreditativa do cumprimento dos mencionados requisitos que se expedirá con carácter nominativo polas entidades a que legalmente corresponda.

[Suprimido]

Os membros do Consello de Administración deberán asistir ás Xuntas Xerais.

Os Directores, Xerentes e Técnicos da sociedade poderán asistir ás Xuntas Xerais, cando sexan invitados polo Consello de Administración.

O Presidente poderá autorizar a asistencia de calquera outra persoa que xulgue conveniente, se ben a Xunta poderá revogar a devandita autorización.

O Regulamento da Xunta Xeral establecerá os procedementos e sistemas de cómputo da votación das propostas de acordos.

De conformidade co previsto no Regulamento da Xunta, o voto das propostas sobre puntos comprendidos na Orde do día de calquera clase de Xunta Xeral, poderá delegarse ou exercitarse polo accionista mediante correspondencia postal, electrónica ou calquera outro medio de comunicación a distancia, sempre que se garanta debidamente a identidade do suxeito que exerce o seu dereito de voto. Os accionistas que emitan os votos a distancia deberán ser tidos en conta para os efectos de constitución da Xunta como presentes.

Artigo 25. - Presidencia da Xunta Xeral

A Xunta será presidida polo Presidente do Consello de Administración, a falta deste, polo Vicepresidente e, en defecto de ambos os dous, polo accionista que en cada caso elixan os socios asistentes á reunión.

O Presidente someterá a deliberación os asuntos incluídos na orde do día e dirixirá os debates co fin de que a reunión se desenvolva de forma ordenada. Para tal efecto gozará das oportunas facultades de orde e disciplina, poderá chegar a dispoñer a expulsión dos que perturben o normal desenvolvemento da reunión e mesmo a acordar a interrupción momentánea da sesión.

O Presidente estará asistido por un Secretario, que será o do Consello de Administración, no seu defecto, actuará o Vicesecretario do Consello de Administración e, a falta deste, a persoa que designe a propia Xunta.

A Mesa da Xunta estará constituída polo Consello de Administración.

Artigo 42.- Secretario e Vicesecretario

Compete, así mesmo, ao Consello a elección do Secretario e, se é o caso, a do Vicesecretario. Nun e outro suposto poderán ou non ser conselleiros.

O Secretario coidará da legalidade formal e material das actuacións do Consello e de que os procedementos e as regras de goberno da sociedade sexan respectados.

En defecto do Secretario, fará as súas veces o Vicesecretario, quen poderá exercer calquera das súas facultades, incluídas as de asinar actas e estender certificacións. Á falta de ambos os dous, fará de secretario o Conselleiro de menor idade de entre os asistentes á reunión.

Redacción vixente**Artigo 43.- Duración do cargo e provisión de vacantes**

A duración do cargo de Conselleiro será de catro anos.

O nomeamento dos administradores caducará cando, vencido o prazo de catro anos, se celebrara unha Xunta Xeral ou transcorrera o termo legal para a celebración da Xunta Xeral Ordinaria.

Se durante o prazo para o que foron nomeados os administradores se producisen vacantes, o Consello poderá designar entre os accionistas as persoas que teñan que ocupalas ata que se reúna a primeira Xunta Xeral.

O cargo de Conselleiro será renunciábel, revogábel e reelixíbel, unha ou máis veces, por períodos de igual duración.

Artigo 47.- Páxina web

A sociedade manterá unha páxina Web para información dos accionistas na que se incluírán os documentos e as informacións previstos pola Lei, e cando menos, os seguintes:

1. Os Estatutos Sociais.
2. O Regulamento da Xunta Xeral.
3. O Regulamento do Consello de Administración e, cando corresponda, os regulamentos das Comisións do Consello de Administración.
4. A Memoria anual.
5. O Regulamento interno de conduta nos mercados de valores.
6. Os informes de goberno corporativo.
7. Os documentos relativos ás Xuntas Xerais Ordinarias e Extraordinarias, con información sobre a orde do día, as propostas que realiza o Consello de Administración, así como calquera información relevante que poidan precisar os accionistas para emitir o seu voto.
8. Información sobre o desenvolvemento das Xuntas Xerais celebradas, e en particular, sobre a composición da Xunta Xeral no momento da súa constitución, os acordos adoptados con expresión do número de votos emitidos e o sentido destes en cada unha das propostas incluídas na orde do día.
9. As canles de comunicación existentes entre a sociedade e os accionistas, e, en particular, as explicacións pertinentes para o exercicio do dereito de información do accionista, con indicación dos enderezos de correo postal e electrónico aos que poden dirixirse os accionistas.
10. Os medios e procedementos para conferir a representación na Xunta Xeral.
11. Os medios e procedementos para o exercicio do voto a distancia, incluídos se é o caso, os formularios para acreditar a asistencia e o exercicio do voto por medios telemáticos nas Xuntas Xerais.
12. Os feitos relevantes comunicados á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Proposta de modificación**Artigo 43.- Duración do cargo e provisión de vacantes**

A duración do cargo de Conselleiro será de catro anos.

O nomeamento dos administradores caducará cando, vencido o prazo de catro anos, se celebrara unha Xunta Xeral ou transcorrera o termo legal para a celebración da Xunta Xeral Ordinaria.

Se durante o prazo para o que foron nomeados os administradores se producisen vacantes, o Consello poderá designar entre os accionistas as persoas que teñan que ocupalas ata que se reúna a primeira Xunta Xeral.

O cargo de Conselleiro será renunciábel, revogábel e reelixíbel, unha ou máis veces, por períodos de igual duración.

As propostas de nomeamento ou reelección de conselleiros que se eleven polo Consello á Xunta Xeral, así como os nomeamentos por cooptación, aprobaranse polo Consello (i) por proposta da Comisión de Nomeamentos e Retribucións, no caso de conselleiros independentes, ou (ii) logo de informe da Comisión de Nomeamentos e Retribucións, no caso dos restantes conselleiros.

Artigo 47.- Páxina web

A sociedade manterá unha páxina Web para información dos accionistas na que se incluírán os documentos e as informacións previstos pola Lei, e cando menos, os seguintes:

1. Os Estatutos Sociais.
2. Regulamento da Xunta Xeral.
3. O Regulamento do Consello de Administración e, cando corresponda, os regulamentos das Comisións do Consello de Administración.
4. A Memoria anual.
5. O Regulamento interno de conduta nos mercados de valores.
6. Os informes de goberno corporativo.
7. Os documentos relativos ás Xuntas Xerais Ordinarias e Extraordinarias, con información sobre a orde do día, as propostas que realiza o Consello de Administración, así como calquera información relevante que poidan precisar os accionistas para emitir o seu voto.
8. Información sobre o desenvolvemento das Xuntas Xerais celebradas e en particular sobre a composición da Xunta Xeral no momento da súa constitución, os acordos adoptados con expresión do número de votos emitidos e o sentido destes en cada unha das propostas incluídas na orde do día.
9. As canles de comunicación existentes entre a sociedade e os accionistas, e, en particular, as explicacións pertinentes para o exercicio do dereito de información do accionista, con indicación dos enderezos de correo postal e electrónico aos que poden dirixirse os accionistas.
10. Os medios e procedementos para conferir a representación na Xunta Xeral.
11. Os medios e procedementos para o exercicio do voto a distancia, incluídos se é o caso, os formularios para acreditar a asistencia e o exercicio do voto por medios telemáticos nas Xuntas Xerais.
12. Os feitos relevantes comunicados á Comisión Nacional do Mercado de Valores.
13. A seguinte información sobre os conselleiros: (i) o perfil profesional e biográfico, (ii) a relación doutros consellos de administración dos que formen parte, (iii) a indicación da categoría de conselleiro á que pertencen, sinalándose, no caso dos dominicais, o accionista ao que representan ou con quen teñan vínculos, (iv) a data do seu primeiro nomeamento como conselleiros na sociedade, así como dos posteriores, e (v) as accións da sociedade e opcións sobre elas das que sexan titulares.

Redacción vixente

Artigo 49. - Contas anuais

O Consello de Administración está obrigado a formular no prazo máximo de tres meses, contados a partir do peche do exercicio social, as Contas anuais, o Informe de xestión e a proposta de aplicación do resultado, así como, se é o caso, as Contas e o Informe de xestión consolidados.

As Contas anuais comprenderán o Balance, a Conta de perdas e ganancias, e a Memoria. Estes documentos, que forman unha unidade, serán redactados con claridade, de forma que mostren unha imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da sociedade.

As Contas anuais e o Informe de xestión deberán ser asinados por todos os conselleiros, e se faltase a sinatura dalgún deles, sinalarase así en cada un dos documentos nos que falte, con expresa indicación da causa.

Proposta de modificación

Artigo 49. - Contas anuais

O Consello de Administración está obrigado a formular no prazo máximo de tres meses, contados a partir do peche do exercicio social, as Contas anuais, o Informe de xestión e a proposta de aplicación do resultado, así como, se é o caso, as Contas e o Informe de xestión consolidados.

As Contas anuais comprenderán o Balance, a Conta de perdas e ganancias, e a Memoria. Estes documentos, que forman unha unidade, serán redactados con claridade, de forma que mostren unha imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da sociedade.

As Contas anuais e o Informe de xestión deberán ser asinados por todos os conselleiros, e se faltase a sinatura dalgún deles, sinalarase así en cada un dos documentos nos que falte, con expresa indicación da causa.

O Consello de Administración procurará formular definitivamente as Contas anuais, de maneira que non haxa lugar a reservas nin excepcións no informe de auditoría. Non obstante, cando o Consello estime que debe manter o seu criterio, explicará publicamente o contido e alcance das discrepancias.

Informe do Consello de Administración sobre a proposta de acordos relativa ao terceiro punto da Orde do día ("Modificación do Regulamento da Xunta Xeral de Accionistas: modificación do apartado 5.3 e adición dun novo apartado 5.4 do artigo 5 (Convocatoria); modificación do artigo 7 (Dereito de asistencia e exercicio do voto); modificación do artigo 10 (Presidencia da Xunta Xeral); incorporación dun novo artigo 14 (Votación das propostas de acordos) e conseguinte reenumeración dos actuais artigos 14 (Acta da Xunta) e 15 (Interpretación) como artigos 15 e 16, respectivamente."):

1 Obxecto do informe

En cumprimento co disposto no artigo 2 do Regulamento da Xunta Xeral, o Consello de Administración de Repsol YPF, S.A. (en adiante, a "Sociedade") formula este informe para xustificar a proposta de modificación dos artigos do Regulamento da Xunta Xeral de Accionistas que se somete á aprobación da Xunta Xeral de Accionistas.

2 Xustificación xeral da proposta

Boa parte das modificacións que se someten á aprobación da Xunta teñen como finalidade adaptar o Regulamento da Xunta Xeral de Accionistas ao Código Unificado de Bo Goberno (en diante, o "**Código Unificado**"), publicado pola Comisión Nacional do Mercado de Valores como Anexo I do Informe do grupo Especial de Traballo sobre Bo Goberno das Sociedades cotizadas do 19 de maio de 2006 e aprobado mediante acordo do Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores o 22 de maio de 2006.

Outras propostas de modificación perseguen mellorar tecnicamente a redacción e sistematización dos artigos do citado Regulamento, contemplando e aclarando a regulación de certas materias.

Esta reforma do Regulamento da Xunta Xeral coordínase coa reforma dos Estatutos sociais de Repsol YPF, S.A. que se propón baixo o segundo punto da orde do día.

3 Xustificación detallada da proposta

Expostas as liñas xerais da reforma, corresponde agora xustificar e explicar con maior detalle as modificacións concretas do Regulamento da Xunta que se someten á aprobación da Xunta Xeral.

1. Proposta de modificación do apartado 5.3 e inclusión dun novo apartado 5.4 no artigo 5 do Regulamento da Xunta Xeral (relativo á convocatoria)

A proposta de modificación do apartado 5.3, que se corresponde coa relativa modificación do parágrafo cuarto do artigo 19 dos Estatutos sociais, ten un carácter eminentemente técnico. O seu obxectivo é precisar que, nos supostos nos que accionistas titulares de polo menos o cinco por cen do capital social soliciten un complemento da convocatoria, os ditos accionistas terán que acreditar na solicitude a titularidade da indicada porcentaxe accionarial. A previsión antóllase procedente para asegurar un correcto emprego da posibilidade de solicitar complementos da convocatoria.

Adicionalmente, propónse engadir un novo apartado 5.4 co obxecto de darlle cabida ao contido da recomendación 4 do Código Unificado, relativa á publicidade das propostas de acordos no momento de publicación do anuncio de convocatoria. O novo parágrafo proposto recolle a necesidade de publicar a través da páxina web da Sociedade o texto das propostas de acordos formuladas polo Consello de Administración en relación cos puntos da orde do día dende a data de publicación da convocatoria, salvo aqueles casos nos que, tratándose de propostas para as que a Lei ou os Estatutos non esixan a súa posta a disposición dende a convocatoria, o Consello estime que concorren motivos xustificados para non o facer. A previsión incorpora así mesmo unha referencia á información que deberá figurar na páxina web no caso de propostas de nomeamento de conselleiros, conforme ao disposto no apartado 13 do artigo 47 dos Estatutos sociais cuxa aprobación se somete á mesma Xunta Xeral. O novo apartado 5.4 complétase, en fin, cunha previsión análoga de difusión na páxina web das propostas relativas a un complemento da convocatoria que lle fosen facilitadas á sociedade.

2. Proposta de modificación do artigo 7 do Regulamento da Xunta Xeral (relativo ao dereito de asistencia e exercicio do voto)

A presente modificación, que se corresponde coa modificación proposta do artigo 23 dos Estatutos sociais, consiste en eliminar a esixencia de titularidade de polo menos cento cincuenta accións para asistir á Xunta Xeral.

Esta medida, que será aplicábel a partir da primeira Xunta que se celebre despois da súa aprobación, permitirá que aqueles accionistas que sexan propietarios de menos de cento cincuenta accións poidan asistir persoalmente á Xunta, sen necesidade, como viña sendo esixido ata agora, de que agrupen as súas accións para alcanzar o número mínimo esixido, designando un representante. Con iso búscase favorecer a asistencia dos accionistas á Xunta e fomentar a súa participación neste órgano social.

A proposta de modificación leva consigo dar unha nova redacción ao apartado 7.1, para especificar que terán dereito de asistencia os titulares de calquera número de accións inscritas ao seu nome con polo menos cinco días de antelación ao día no que haxa de celebrarse a Xunta.

Así mesmo, suprímese o apartado 7.2, que actualmente regula a agrupación de accionistas con menos de cento cincuenta accións como medio para asistir, presentes ou representados, ás Xuntas Xerais e que, coa supresión do requisito de titularidade mínima de accións, convértese en inaplicábel.

Como consecuencia da modificación, o actual apartado 7.3 renumérase como 7.2.

3. Proposta de modificación do artigo 10 do Regulamento da Xunta Xeral (relativo á Presidencia da Xunta)

A proposta de reforma do artigo 10 coordínase coa modificación do artigo 25 dos Estatutos sociais que igualmente se somete á Xunta Xeral. Na referida modificación estatutaria, de carácter eminentemente técnico, realízase un expreso recoñecemento das prerrogativas inherentes á Presidencia da Xunta Xeral en relación coa dirección dos debates e o axeitado desenvolvemento das Xuntas Xerais, incluíndo as oportunas facultades de orde e disciplina. Na proposta de modificación do artigo 10 do Regulamento da Xunta desenvólvense con maior detalle as atribucións da Presidencia da Xunta, explícita determinadas facultades que permiten manter un axeitado devir na celebración da Xunta (solicitarlles á persoas que interveñen que aclaren extremos das súas intervencións, moderar as intervencións na súa extensión e no seu contido para que se circunscriban aos asuntos propios da Xunta ou adoptar as medidas de orde e disciplina oportunas). Deste modo e con ánimo de gañar en claridade, explícanse as facultades xerais do Presidente en relación coa dirección da Xunta Xeral. O resto do actual artigo 10 permanece sen cambios.

4. Proposta de inclusión dun novo artigo 14 do Regulamento da Xunta Xeral, relativo ao sistema e procedemento para o cómputo das votacións, e conseguinte renumeración dos actuais artigos 14 (Acta da Xunta) e 15 (Interpretación), que pasarían a ser os artigos 15 e 16, respectivamente

A inclusión do novo artigo 14 ten por obxecto completar a nova previsión que se propón incluír como novo parágrafo quinto do artigo 23 dos Estatutos sociais e que se refire á necesaria regulación no Regulamento da Xunta do sistema e procedemento para o cómputo das votacións.

En primeiro lugar, a proposta establece a orde na que de ordinario se someteran a votación as propostas no seo da Xunta Xeral, salvo que o Presidente decida modificala, e que leva consigo votar en primeiro lugar aquelas propostas que proveñan do Consello de Administración e, seguidamente e, se é o caso, as formuladas por outros membros, ao ser este o sistema que, en principio, mellor se adecúa ao funcionamento das Xuntas da sociedade. En relación cos asuntos non comprendidos na orde do día, corresponderalle ao Presidente decidir o momento no que serán sometidas a votación.

Seguidamente, a proposta incorpora un sistema concreto para efectuar a votación das propostas de acordos, a salvo de que, a xuízo do Presidente, poidan empregarse outros métodos alternativos. A previsión dun sistema específico de votación aplicábel por defecto axuda decisivamente a establecer un marco claro de cómputo das votacións na sede de Xunta, contribúe ao eficaz e axeitado desenvolvemento da sesión.

En síntese, o sistema proposto, que responde en boa medida á práctica das sociedades cotizadas, artículase sobre a base das seguintes premisas:

- (i) Na votación das propostas de acordos relativas a asuntos comprendidos na orde do día utilizarase un sistema de dedución negativa, que consiste en considerar votos a favor todos os correspondentes ás accións presentes e representadas, deducindo os daquelas accións cuxos titulares ou representantes (a) lle manifesten ao Notario ou ao Secretario outro sentido do voto ou a súa abstención, (b) ou votaran noutro sentido ou se abstiveran a través de medios de comunicación a distancia ou (c) abandonaran a reunión antes da votación e deixaran constancia de tal abandono ante o Notario ou ante o Secretario da sesión.
- (ii) Pola contra, na votación de propostas de acordos sobre asuntos non comprendidos na orde do día utilizarase un sistema de dedución positiva, que consiste en considerar votos contrarios os correspondentes a todas as accións presentes e representadas, deducindo os daquelas accións cuxos titulares ou representantes (a) lle manifesten ao Notario ou ao Secretario outro sentido do voto ou a súa abstención ou (b) abandonaran a reunión con anterioridade á votación da proposta de acordo de que se trate e deixaran constancia de tal abandono ante o Notario ou ante o Secretario. En relación con estas propostas de fóra da orde do día non se deducen os votos correspondentes ás accións cuxos titulares votaran con carácter previo á Xunta a través de medios de comunicación a distancia, tendo en conta que en tales casos a votación ha de circunscribirse aos puntos da orde do día por imperativo do previsto no artigo 105.4 da Lei de Sociedades Anónimas.

O sistema de dedución positiva e negativa complétase con determinadas previsións relativas ao procedemento para deixarlle constancia das comunicacións ao Notario ou ao Secretario, se é o caso, necesarias e con determinadas regras en relación co cómputo da base para o cálculo das maiorías na Xunta. Deste xeito, para a adopción de acordos relativos a asuntos non comprendidos na orde do día, non se considerarán como accións presentes, nin tampouco representadas, as daqueles accionistas que participaran na Xunta a través de medios de votación a distancia previos á celebración da Xunta. E, así mesmo, para a adopción dalgún dos acordos aos que se refire o artigo 114.1 da Lei do Mercado de Valores, non se considerarán como representadas, nin tampouco como presentes, aquelas accións respecto das cales non se poida exercer o dereito de voto por aplicación do establecido no devandito precepto. Nun e noutro caso trátase de supostos asimilábeis a unha prohibición de voto nos que resulta conveniente implementar unha práctica similar á establecida para supostos análogos na sede de sociedades limitadas (artigo 52.2 da Lei de Sociedades de Responsabilidade limitada) e no artigo 27.2 (segundo parágrafo) da Lei de Sociedades Anónimas. Por esta razón, considerouse apropiado establecer a regra mediante a que as accións afectadas polas devanditas circunstancias se deducen da base para o cómputo da maioría.

Como consecuencia da incorporación deste novo artigo 14, os actuais artigos 14 e 15 do Regulamento da Xunta Xeral renuméranse como artigos 15 e 16, respectivamente, sen variación do seu contido.

Para facilitar a comparación entre a vixente redacción dos artigos que se propón modificar e a resultante das modificacións propostas, inclúese a continuación e a dobre columna, unha transcripción literal de ambos os dous textos, sen outro valor que o simplemente informativo.

Información comparativa sobre os preceptos do Regulamento da Xunta Xeral de Accionistas cuxa modificación se propón (subliñadas as modificacións).

Redacción vixente	Proposta de modificación
5. CONVOCATORIA	5. CONVOCATORIA
<p>5.1. A Xunta Xeral, Ordinaria ou Extraordinaria, será convocada polo Consello de Administración mediante un anuncio publicado no Boletín Oficial do Rexistro Mercantil e nun dos diarios de maior circulación na provincia do domicilio social, cando menos un mes antes da data fixada para a súa celebración, salvo nos casos nos que a lei estableza unha antelación diferente, en cuxo caso se estará ao que esta dispoña.</p> <p>O anuncio expresará a data e o lugar da reunión en primeira convocatoria e todos os asuntos que se vaian tratar incluídos na Orde do día. Así mesmo, fará constar a data na que, se procedese, se reunirá a Xunta en segunda convocatoria. Entre a primeira e a segunda convocatoria deberá mediar, polo menos, un prazo de vinte e catro horas. O anuncio consignará igualmente o lugar e o horario no que estarán a disposición do accionista os documentos que se sometan á aprobación da Xunta, aqueles outros documentos que sexan legalmente preceptivos e os que, adicionalmente, decida o Consello de Administración, sen prexuízo da facultade que asiste ao accionista de solicitar e recibir o envío gratuito de todos os documentos mencionados. Se a Xunta Xeral, debidamente convocada, non se celebra en primeira convocatoria nin se prevese no anuncio a data da segunda, deberá esta ser anunciada, cos mesmos requisitos de publicidade que a primeira, dentro dos quince días seguintes á data da Xunta non celebrada e con oito días de antelación á data da reunión.</p> <p>Unha copia do anuncio convocando a Xunta Xeral, inserirase na páxina web da sociedade. Así mesmo enviarase unha copia ás Bolsas nas que coticen as accións e ás entidades depositarias das accións para que procedan á emisión das tarxetas de asistencia.</p> <p>5.2. O Consello deberá convocar Xunta Xeral Extraordinaria cando o solicite un número de socios titulares de, cando menos, un cinco por cento do capital social, expresando na solicitud os asuntos que se van tratar. Neste caso, o Consello de Administración disporá como máximo de quince días, contados dende que fose requirido notarialmente para os efectos, para convocar a reunión coa antelación mínima legalmente esixíbel.</p> <p>5.3. Os accionistas que representen, cando menos, o cinco por cento (5%) do capital social poderán solicitar que se publique un complemento da convocatoria da Xunta incluíndo un ou máis puntos na orde do día. O exercicio deste dereito deberá facerse mediante notificación fidedigna que terá que recibirse no domicilio social dentro dos cinco días seguintes á publicación da convocatoria. O complemento da convocatoria deberá publicarse con quince días de antelación como mínimo á data establecida para a reunión da Xunta.</p>	<p>5.1. A Xunta Xeral, Ordinaria ou Extraordinaria, será convocada polo Consello de Administración mediante un anuncio publicado no Boletín Oficial do Rexistro Mercantil e nun dos diarios de maior circulación na provincia do domicilio social, cando menos un mes antes da data fixada para a súa celebración, salvo nos casos nos que a lei estableza unha antelación diferente, en cuxo caso se estará ao que esta dispoña.</p> <p>O anuncio expresará a data e o lugar da reunión en primeira convocatoria e todos os asuntos que se vaian tratar incluídos na Orde do día. Así mesmo, fará constar a data na que, se procedese, se reunirá a Xunta en segunda convocatoria. Entre a primeira e a segunda convocatoria deberá mediar, polo menos, un prazo de vinte e catro horas. O anuncio consignará igualmente o lugar e o horario no que estarán a disposición do accionista os documentos que se sometan á aprobación da Xunta, aqueles outros documentos que sexan legalmente preceptivos e os que, adicionalmente, decida o Consello de Administración, sen prexuízo da facultade que asiste ao accionista de solicitar e recibir o envío gratuito de todos os documentos mencionados.</p> <p>Se a Xunta Xeral, debidamente convocada, non se celebra en primeira convocatoria nin se prevese no anuncio a data da segunda, deberá esta ser anunciada, cos mesmos requisitos de publicidade que a primeira, dentro dos quince días seguintes á data da Xunta non celebrada e con oito días de antelación á data da reunión.</p> <p>Unha copia do anuncio convocando a Xunta Xeral, inserirase na páxina web da sociedade. Así mesmo enviarase unha copia ás Bolsas nas que coticen as accións e ás entidades depositarias das accións para que procedan á emisión das tarxetas de asistencia.</p> <p>5.2. O Consello deberá convocar Xunta Xeral Extraordinaria cando o solicite un número de socios titulares de, cando menos, un cinco por cento do capital social, expresando na solicitud os asuntos que se van tratar. Neste caso, o Consello de Administración disporá como máximo de quince días, contados dende que fose requirido notarialmente para os efectos, para convocar a reunión coa antelación mínima legalmente esixíbel.</p> <p>5.3. Os accionistas que representen, cando menos, o cinco por cento (5%) do capital social poderán solicitar que se publique un complemento da convocatoria da Xunta incluíndo un ou máis puntos na orde do día. O exercicio deste dereito deberá facerse mediante notificación fidedigna, <u>onde se acreditará a titularidade da indicada porcentaxe do capital e que haberá de recibirse no domicilio social dentro dos cinco días seguintes á publicación da convocatoria.</u> O complemento da convocatoria deberá publicarse con quince días de antelación como mínimo á data establecida para a reunión da Xunta.</p> <p>5.4. <u>Ademais do esixido por disposición legal ou estatutaria, dende a data de publicación da convocatoria da Xunta Xeral a sociedade publicará a través da súa páxina web o texto de todas as propostas de acordos formuladas polo Consello de Administración en relación cos puntos da orde do día, incluíndo, no caso de propostas de nomeamento de administradores, a información á que se refire o apartado 13 de artigo 47 de Estatutos Sociais. Exceptuaranse aqueles supostos nos que, tratándose de propostas para as que a Lei ou os Estatutos non requiran a súa posta a disposición dos accionistas dende a data da convocatoria, o Consello estime que concorren motivos xustificados para non o facer.</u></p> <p><u>Así mesmo, cando exista un complemento da convocatoria, dende a data da súa publicación a sociedade fará público a través da súa páxina web o texto das propostas a que o devandito complemento se refira, sempre que fosen remitidas á sociedade.</u></p>

Redacción vixente

7. DEREITO DE ASISTENCIA E EXERCICIO DO VOTO

7.1. Poderán asistir á Xunta Xeral os accionistas que sexan titulares dun mínimo de 150 accións, sempre que as teñan inscritas no correspondente rexistro contábel con cinco días de antelación á súa celebración, e dispoñan da correspondente tarxeta de asistencia, que se expedirá con carácter nominativo polas entidades que legalmente corresponda. As devanditas entidades deberán enviar a Repsol YPF,S.A., antes da data establecida para a celebración da Xunta, a relación das tarxetas que expediran por solicitude dos seus respectivos clientes.

O Consello de Administración poderá, dando conta diso en cada Convocatoria, e mentres non fose establecido legalmente un modelo único de tarxeta de asistencia, establecer o troco das tarxetas de asistencia emitidas pola entidade adherida, que con carácter nominativo fosen expedidas polas entidades que legalmente corresponda, por outros documentos normalizados de rexistro da asistencia á Xunta expedidos pola sociedade, para facilitar a elaboración da lista de asistentes, o exercicio do dereito de voto e demais dereitos inherentes á condición de accionista.

O rexistro de tarxetas de asistencia comezará dúas horas antes da sinalada para a celebración da Xunta.

7.2. Os accionistas que non posúan o número de accións sinalado no parágrafo anterior, poderán agruparse a efectos de asistencia, designando un representante, que non necesitará ser accionista.

7.3. O voto das propostas sobre puntos comprendidos na Orde do día de calquera clase de Xunta Xeral, poderá delegarse ou exercitarse polo accionista mediante correspondencia postal, electrónica ou calquera outro medio de comunicación a distancia, sempre que se garanta debidamente a identidade do suxeito que exerce o seu dereito de voto. Os accionistas que emitan os seus votos a distancia deberán ser tidos en conta para os efectos de constitución da Xunta como presentes.

En función das disposicións en cada momento vixentes e do estado da técnica, o Consello de Administración establecerá para cada Xunta o procedemento máis axeitado para a delegación ou o exercicio do dereito de voto por medio de comunicación a distancia. O devandito procedemento será descrito con detalle na convocatoria da Xunta.

10. PRESIDENCIA DA XUNTA XERAL

A Xunta Xeral será presidida polo Presidente do Consello de Administración, a falta deste, por un Vicepresidente e, en defecto de todos, polo accionista que en cada caso elixan os socios asistentes á reunión.

O Presidente estará asistido por un Secretario, que será o do Consello de Administración, no seu defecto, actuará o Vicesecretario do Consello de Administración e, a falta deste, a persoa que designe a propia Xunta.

Proposta de modificación

7. DEREITO DE ASISTENCIA E EXERCICIO DO VOTO

7.1. Poderán asistir á Xunta Xeral os accionistas que sexan titulares de calquera número de accións, sempre que as teñan inscritas no correspondente rexistro contábel con cinco días de antelación á súa celebración, e dispoñan da correspondente tarxeta de asistencia, que se expedirá con carácter nominativo polas entidades que legalmente corresponda. As devanditas entidades deberán enviar a Repsol YPF, S.A., antes da data establecida para a celebración da Xunta, a relación das tarxetas que expediran por solicitude dos seus respectivos clientes.

O Consello de Administración poderá, dando conta diso en cada Convocatoria, e mentres non fose establecido legalmente un modelo único de tarxeta de asistencia, establecer o troco das tarxetas de asistencia emitidas pola entidade adherida, que con carácter nominativo fosen expedidas polas entidades que legalmente corresponda, por outros documentos normalizados de rexistro da asistencia á Xunta expedidos pola sociedade, para facilitar a elaboración da lista de asistentes, o exercicio do dereito de voto e demais dereitos inherentes á condición de accionista.

O rexistro de tarxetas de asistencia comezará dúas horas antes da sinalada para a celebración da Xunta.

[Suprimido]

7.2. O voto das propostas sobre puntos comprendidos na Orde do día de calquera clase de Xunta Xeral, poderá delegarse ou exercitarse polo accionista mediante correspondencia postal, electrónica ou calquera outro medio de comunicación a distancia, sempre que se garanta debidamente a identidade do suxeito que exerce o seu dereito de voto. Os accionistas que emitan os seus votos a distancia deberán ser tidos en conta para os efectos de constitución da Xunta como presentes.

En función das disposicións en cada momento vixentes e do estado da técnica, o Consello de Administración establecerá para cada Xunta o procedemento máis axeitado para a delegación ou o exercicio do dereito de voto por medio de comunicación a distancia. O devandito procedemento será descrito con detalle na convocatoria da Xunta.

10. PRESIDENCIA DA XUNTA XERAL

A Xunta Xeral será presidida polo Presidente do Consello de Administración, a falta deste, por un Vicepresidente e, en defecto de todos, polo accionista que en cada caso elixan os socios asistentes á reunión.

O Presidente estará asistido por un Secretario, que será o do Consello de Administración, no seu defecto, actuará o Vicesecretario do Consello de Administración e, a falta deste, a persoa que designe a propia Xunta.

En exercicio das súas facultades de ordenación do desenvolvemento da xunta, e sen prexuízo doutras competencias, o Presidente gozará, entre outras, das seguintes facultades:

(i) Solicitarlles aos intervinientes que aclaren cuestións que non fosen comprendidas ou non quedaran suficientemente explicadas durante a intervención;

(ii) prorrogar, cando o considere oportuno, o tempo inicialmente asignado a cada accionista;

(iii) moderar as intervencións dos accionistas, solicitando, se é o caso, que circunscriban a súa intervención aos asuntos propios da Xunta e se absteñan de realizar manifestacións improcedentes ou de exercitar dun modo abusivo ou obstrucionista os seus dereitos;

(iv) anunciarlles aos intervinientes que está próximo a concluír o tempo da súa intervención para que poidan axustar o seu discurso e, cando consuman o tempo concedido para a súa intervención ou se persisten nas condutas descritas no epígrafe (iii) anterior, retirarlles o uso da palabra; e

(v) se considerase que a súa intervención pode alterar a axeitada orde e o normal desenvolvemento da reunión, poderá cominalos a que abandonen o local e, se é o caso, adoptar as medidas necesarias para o cumprimento desta previsión, incluíndo a interrupción momentánea da sesión.

Redacción vixente

Proposta de modificación

14. VOTACION DAS PROPOSTAS DE ACORDOS

Salvo que outra cousa dispoña o Presidente, o proceso de adopción de acordos desenvolverase seguindo a orde do día previsto na convocatoria. En primeiro lugar someteranse a votación as propostas de acordo que en cada caso formulara o Consello de Administración e a continuación, se procedese, votaranse as formuladas por outros propoñentes seguindo unha orde de prioridade temporal. En todo caso, aprobada unha proposta de acordo, decaerán automaticamente todas as demais relativas ao mesmo asunto que sexan incompatíbeis con ela, sen que, polo tanto, proceda sometelas a votación. Se se formularsen propostas relativas a asuntos sobre os que a Xunta poida resolver sen que consten na orde do día, o Presidente decidirá a orde na que serán sometidas a votación.

Por regra xeral, e sen prexuízo de que, a xuízo do Presidente, poida empregarse o sistema previsto no segundo parágrafo do artigo 13.6 precedente ou outros sistemas alternativos, a votación das propostas de acordos realizarase conforme ao seguinte procedemento:

- (i) A votación das propostas de acordos relativas a asuntos comprendidos na orde do día efectuarase mediante un sistema de dedución negativa. Para estes efectos, consideraranse votos a favor os correspondentes a todas as accións presentes e representadas, deducidos (a) os votos correspondentes ás accións cuxos titulares ou representantes manifesten que votan en contra ou se absteñen, mediante a comunicación ou expresión do seu voto ou abstención ao Notario (ou, no seu defecto, ao Secretario ou persoal que o asista), para a súa constancia en acta, (b) os votos correspondentes ás accións cuxos titulares votaran en contra ou manifestaran expresamente a súa abstención, a través dos medios de comunicación a distancia reputados como válidos conforme a este Regulamento e (c) os votos correspondentes ás accións cuxos titulares ou representantes abandonaran a reunión con anterioridade á votación da proposta de acordo de que se trate e deixaran constancia de tal abandono ante o Notario (ou, no seu defecto, ante o Secretario da sesión ou persoal que o asista).
- (ii) A votación das propostas de acordos relativas a asuntos non comprendidos na orde do día efectuarase mediante un sistema de dedución positiva. Para estes efectos, consideraranse votos contrarios os correspondentes a todas as accións presentes e representadas, deducidos (a) os votos correspondentes ás accións cuxos titulares ou representantes manifesten que votan a favor ou se absteñen, mediante a comunicación ou expresión do seu voto ou abstención ao Notario (ou, no seu defecto, ao Secretario ou persoal que o asista) para a súa constancia en acta e (b) os votos correspondentes ás accións cuxos titulares ou representantes abandonaran a reunión con anterioridade á votación da proposta de acordo de que se trate e deixaran constancia de tal abandono ante o Notario (ou, no seu defecto, ante o Secretario da sesión ou persoal que o asista).
- (iii) As comunicacións ou manifestacións ao Notario ou ao Secretario, previstas nos dous apartados precedentes, relativas ao sentido do voto ou abstención poderán realizarse individualizadamente respecto de cada unha das propostas de acordos ou conxuntamente para varias ou para todas elas, expresándolle ao Notario (ou, no seu defecto, ao Secretario da sesión ou persoal que o asista) a identidade e condición -accionista ou representante- de quen as realiza, o número de accións a que se refiren e o sentido do voto ou, se é o caso, da abstención.
- (iv) Para a adopción de acordos relativos a asuntos non comprendidos na orde do día, non se considerarán como accións presentes, nin tampouco representadas, as daqueles accionistas que participasen na Xunta a través de medios de votación a distancia previos á celebración da Xunta. Así mesmo, para a adopción dalgún dos acordos aos que se refire o artigo 114.1 da Lei do Mercado de Valores, non se considerarán como representadas, nin tampouco como presentes, aquelas accións respecto das cales non se poida exercer o dereito de voto por aplicación do establecido no devandito precepto.

Redacción vixente	Proposta de modificación
<p>14. ACTA DA XUNTA</p> <p>14.1. A Acta da Xunta poderá ser aprobada pola propia Xunta a continuación de celebrarse esta e, no seu defecto, dentro do prazo de quince días, polo Presidente da Xunta e dous interventores, un en representación da maioría e outro pola minoría. A Acta aprobada en calquera destas dúas formas terá forza executiva a partir da data da súa aprobación.</p> <p>14.2. En caso de que a Xunta se celebre coa presenza de Notario, requirido polo Consello de Administración para levantar Acta conforme ao artigo 114 da Lei de Sociedades Anónimas, a Acta notarial terá a consideración de Acta da Xunta, non será precisa polo tanto a súa aprobación.</p>	<p>15. ACTA DA XUNTA</p> <p>15.1. A Acta da Xunta poderá ser aprobada pola propia Xunta a continuación de celebrarse esta e, no seu defecto, dentro do prazo de quince días, polo Presidente da Xunta e dous interventores, un en representación da maioría e outro pola minoría. A Acta aprobada en calquera destas dúas formas terá forza executiva a partir da data da súa aprobación.</p> <p>15.2. En caso de que a Xunta se celebre coa presenza de Notario, requirido polo Consello de Administración para levantar Acta conforme ao artigo 114 da Lei de Sociedades Anónimas, a Acta notarial terá a consideración de Acta da Xunta, e non será precisa polo tanto a súa aprobación.</p>
<p>15. INTERPRETACIÓN</p> <p>O presente Regulamento completa a disciplina aplicábel á Xunta Xeral na Lexislación Mercantil vixente, e nos Estatutos da sociedade. Se existise algunha discrepancia entre o establecido neste Regulamento e nos Estatutos Sociais, prevalecerá sempre o disposto nos Estatutos.</p>	<p>16. INTERPRETACIÓN</p> <p>O presente Regulamento completa a disciplina aplicábel á Xunta Xeral na lexislación mercantil vixente, e nos Estatutos da sociedade. Se existise algunha discrepancia entre o establecido neste Regulamento e nos Estatutos Sociais, prevalecerá sempre o disposto nos Estatutos.</p>

Informe do Consello de Administración sobre a proposta de acordos relativa ao cuarto punto da Orde do día ("Determinación do número de conselleiros dentro dos límites establecidos no artigo 31 dos Estatutos Sociais. Nomeamento, ratificación ou reelección de conselleiros"):

As propostas de acordo recollidas nos apartados seguintes foron, á súa vez, propostas ou informadas favorablemente pola Comisión de Nomeamentos e Retribucións, na súa reunión celebrada o 28 de marzo de 2007.

En caso de producirse algunha vacante, por circunstancias agora descoñecidas, entre a data da proposta e a de celebración da Xunta Xeral convocada, o Consello de Administración poderá realizar as modificacións necesarias nesta proposta, se fose o caso.

4.1. Determinación do número de conselleiros dentro dos límites establecidos no artigo 31 dos Estatutos Sociais

A primeira proposta dentro deste punto da Orde do Día consiste en establecer en 16 o número de Conselleiros.

O artigo 31 dos Estatutos Sociais establece que "O Consello estará integrado por un número máximo de dezaseis membros e un mínimo de nove". Na actualidade, o número de Conselleiros está fixado en 14 en virtude do acordo adoptado na Xunta Xeral Ordinaria de Accionistas celebrada o 4 de abril de 2003.

O Consello de Administración considera conveniente para a compañía, tomando en consideración a estrutura do seu capital e a representación deste no órgano de administración da Sociedade, a incorporación ao mesmo de persoas do máximo prestixio profesional, procedentes dos sectores de auditoría, financeiro-contábel, industrial e mercado de valores, que poidan incrementar a capacidade de decisión do órgano de administración e a riqueza dos seus puntos de vista.

Estas incorporacións propóñense, á súa vez, baixo os apartados 4.8 e 4.9 deste punto da orde do día.

4.2. Ratificación e nomeamento como Conselleiro de D. Juan Abelló Gallo

A seguinte proposta dentro deste punto da Orde do Día consiste na ratificación da designación, acordada polo Consello de Administración en virtude da súa facultade de cooptación para cubrir unha vacante producida despois da pasada Xunta Xeral Ordinaria, de D. Juan Abelló Gallo como Conselleiro, noméase para o cargo por un mandato de catro anos, que contarán dende a Xunta Xeral.

O Sr. Abelló foi nomeado Conselleiro por acordo do Consello de Administración de Repsol YPF, S.A. do 29 de novembro de 2006, por proposta do accionista Sacyr Vallehermoso, S.A. A devandita proposta foi informada favorablemente pola Comisión de Nomeamentos e Retribucións na súa reunión celebrada o 25 de outubro de 2006, que confirmou, igualmente, a concorrencia de condicións de plena idoneidade para o cargo do novo Conselleiro.

En consecuencia, conforme ao establecido nos Estatutos Sociais e no Regulamento do Consello de Administración, o Sr. Abelló ten a consideración de "*Conselleiro Externo Dominical*" proposto polo accionista Sacyr Vallehermoso, S.A.

Os Sres. Accionistas teñen á súa disposición, así mesmo, na páxina web da compañía (www.repsolypf.com), un breve historial profesional do Sr. Abelló.

4.3. Ratificación e nomeamento como Conselleiro de D. Luis Fernando del Rivero Asensio

Seguidamente propónse a ratificación da designación, acordada polo Consello de Administración en virtude da súa facultade de cooptación para cubrir a segunda vacante producida despois da pasada Xunta Xeral Ordinaria, de D. Luis Fernando del Rivero Asensio como Conselleiro, noméase para o cargo por un mandato de catro anos, que contarán dende a Xunta Xeral.

O Sr. del Rivero foi nomeado como Conselleiro por acordo do Consello de Administración de Repsol YPF, S.A. do 29 de novembro de 2006, por proposta do accionista Sacyr Vallehermoso, S.A. A devandita proposta foi informada favorablemente pola Comisión de Nomeamentos e Retribucións na súa reunión celebrada o 25 de outubro de 2006, que confirmou, igualmente, a concorrencia de condicións de plena idoneidade para o cargo do novo Conselleiro.

En consecuencia, conforme ao establecido nos Estatutos Sociais e no Regulamento do Consello de Administración, o Sr. del Rivero ten a consideración de "*Conselleiro Externo Dominical*" proposto polo accionista Sacyr Vallehermoso, S.A.

Os Sres. Accionistas teñen á súa disposición, así mesmo, na páxina web da compañía (www.repsolypf.com), un breve historial profesional do Sr. del Rivero.

4.4. Ratificación e nomeamento como Conselleiro de D. Manuel Raventós Negra

Como cuarto apartado deste punto da Orde do Día propónse a ratificación da designación, acordada polo Consello de Administración en virtude da súa facultade de cooptación para cubrir a terceira vacante producida despois da pasada Xunta Xeral Ordinaria, de D. Manuel Raventós Negra como Conselleiro, noméase para o cargo por un mandato de catro anos, que contarán dende a Xunta Xeral.

O Sr. Raventós foi nomeado como Conselleiro por acordo do Consello de Administración de Repsol YPF, S.A. do 31 de xaneiro de 2007, a proposta do accionista Caixa de Aforros e Pensións de Barcelona ("la Caixa"). A devandita proposta foi informada favorablemente pola Comisión de Nomeamentos e Retribucións na súa reunión desa mesma data, que confirmou, igualmente, a concorrencia de condicións de plena idoneidade para o cargo do novo Conselleiro.

En consecuencia, conforme ao establecido nos Estatutos Sociais e no Regulamento do Consello de Administración, o Sr. Raventós ten a consideración de "*Conselleiro Externo Dominical*" proposto polo accionista "la Caixa".

Os Sres. Accionistas teñen á súa disposición, así mesmo, na páxina web da compañía (www.repsolypf.com), un breve historial profesional do Sr. Raventós.

4.5. Ratificación e nomeamento como Conselleiro de D. José Manuel Loureda Mantiñán

A quinta proposta deste punto da Orde do Día consiste na ratificación da designación, acordada polo Consello de Administración en virtude da súa facultade de cooptación para cubrir a cuarta vacante producida despois da pasada Xunta Xeral Ordinaria, de D. José Manuel Loureda Mantiñán como Conselleiro, noméase para o cargo por un mandato de catro anos, que contarán dende a Xunta Xeral.

O Sr. Loureda foi nomeado como Conselleiro por acordo do Consello de Administración de Repsol YPF, S.A. do 31 de xaneiro de 2007, por proposta do accionista Sacyr Vallehermoso, S.A. A devandita proposta foi informada favorablemente pola Comisión de Nomeamentos e Retribucións na súa reunión desa mesma data, que confirmou, igualmente, a concorrencia de condicións de plena idoneidade para o cargo do novo Conselleiro.

En consecuencia, conforme ao establecido nos Estatutos Sociais e no Regulamento do Consello de Administración, o Sr. Loureda ten a consideración de "*Conselleiro Externo Dominical*" proposto polo accionista Sacyr Vallehermoso, S.A.

Os Sres. Accionistas teñen á súa disposición, así mesmo, na páxina web da compañía (www.repsolypf.com), un breve historial profesional do Sr. Loureda.

4.6. Reelección de D. Antonio Brufau Niubó como Conselleiro

A sexta proposta deste punto da Orde do Día consiste na reelección como Conselleiro, por un novo período de catro anos, do Presidente do Consello de Administración de Repsol YPF, S.A., D. Antonio Brufau Niubó.

O Sr. Brufau foi nomeado Conselleiro de Repsol YPF, S.A. por acordo do Consello de Administración do 23 de xullo de 1996, ratificado posteriormente pola Xunta Xeral Ordinaria de Accionistas do 6 de xuño de 1997, e reelixido pola Xunta Xeral de Accionistas o 24 de marzo de 1999 e o 4 de abril de 2003.

D. Antonio Brufau foi nomeado Presidente do Consello de Administración de Repsol YPF, S.A. por acordo do Consello de Administración do 27 de outubro de 2004.

Conforme ao establecido nos Estatutos Sociais e no Regulamento do Consello de Administración, o Sr. Brufau ostenta a condición de "Conselleiro Executivo".

Os Sres. Accionistas teñen á súa disposición, así mesmo, na páxina web da compañía (www.repsolypf.com), un breve historial profesional do Sr. Brufau.

4.7. Reelección de D. Carmelo de las Morenas López como Conselleiro

A sétima proposta deste punto da Orde do Día ten por obxecto a reelección como Conselleiro, por un novo período de catro anos, de D. Carmelo de las Morenas López.

O Sr. de las Morenas foi nomeado Conselleiro de Repsol YPF, S.A. por acordo do Consello de Administración do 23 de xullo de 2003, ratificado posteriormente pola Xunta Xeral Ordinaria de Accionistas celebrada o 31 de marzo de 2004.

Conforme ao establecido nos Estatutos Sociais e no Regulamento do Consello de Administración, o Sr. de las Morenas ten a consideración de "Conselleiro Externo Independente", confirmando a Comisión de Nomeamentos e Retribucións, na súa reunión do 28 de marzo de 2007, a concorrencia no Sr. de las Morenas, ao tempo da reelección, dos requisitos establecidos no art. 12 do Regulamento do Consello de Administración.

Os Sres. Accionistas teñen á súa disposición, así mesmo, na páxina web da compañía (www.repsolypf.com), un breve historial profesional do Sr. De las Morenas.

4.8. Nomeamento de D. Luis Carlos Croissier Batista como Conselleiro

A oitava proposta deste punto da Orde do Día ten por obxecto o nomeamento como Conselleiro, por un período de catro anos, de D. Luis Carlos Croissier Batista.

Conforme ao establecido nos Estatutos Sociais e no Regulamento do Consello de Administración, o Sr. Croissier tería a consideración de "Conselleiro Externo Independente".

A continuación ponse a disposición dos accionistas un breve historial de D. Luis Carlos Croissier:

Arucas (Las Palmas), 1950. Foi Profesor encargado de política económica na Universidade Complutense de Madrid, e exerceu na súa longa carreira profesional, entre outros cargos, os de Subsecretario do Ministerio de Industria e Enerxía, Presidente do Instituto Nacional de Industria (I.N.I.), Ministro de Industria e Enerxía e Presidente da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

4.9. Nomeamento de D. Ángel Durández Adeva como Conselleiro

Neste apartado propónse o nomeamento como Conselleiro, polo período estatutario de catro anos, de D. Ángel Durández Adeva.

Conforme ao establecido nos Estatutos Sociais e no Regulamento do Consello de Administración, o Sr. Durández tería a consideración de "Conselleiro Externo Independente".

A continuación ponse a disposición dos accionistas un breve historial do Sr. Durández:

Madrid, 1943. Licenciado en Ciencias Económicas, Profesor Mercantil, Censor Xurado de Contas e membro fundador do Rexistro de Economistas Auditores. Incorporouse a Arthur Andersen en 1965 e foi socio desta dende 1976 ata 2000. Ata marzo de 2004 dirixiu a Fundación Euroamérica, da que foi patrón fundador, entidade dedicada ao fomento das relacións empresariais, políticas e culturais entre a Unión Europea e os distintos países Iberoamericanos.

Informe do Consello de Administración sobre a proposta de acordos relativa ao quinto punto da Orde do día ("Designación de Auditor de Contas de Repsol YPF, S.A. e do seu Grupo consolidado"):

A proposta que o Consello de Administración presenta á Xunta Xeral neste punto da Orde do Día foi aprobada a instancias da Comisión de Auditoría e Control, a quen compete, de acordo co regulamento do Consello de Administración, a selección do Auditor externo da Sociedade e do seu Grupo Consolidado para a realización dos traballos de auditoría correspondentes ao exercicio 2007.

Informe do Consello de Administración sobre a proposta de acordos relativa ao sexto punto da Orde do día ("Autorización ao Consello de Administración para a adquisición derivativa de accións de Repsol YPF, S.A., directamente ou a través de sociedades dominadas, dentro do prazo de 18 meses contados dende o acordo da Xunta, deixando sen efecto a autorización acordada na Xunta Xeral Ordinaria celebrada o 16 de xuño de 2006"):

O réxime da adquisición derivativa de accións propias regúlase nos artigos 75 e seguintes do texto refundido da Lei de Sociedades Anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro. Os ditos artigos foron modificados pola Disposición Adicional 2ª da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de Sociedades de Responsabilidade Limitada, coa finalidade principal de incorporar ao noso Ordenamento a disciplina da autocartera indirecta contida na Directiva 92/101/CEE.

Conforme ao devandito réxime, a adquisición derivativa de accións propias debe ser autorizada pola Xunta Xeral de Accionistas mediante acordo co contido que resulta do apartado 1.º do artigo 75 do Texto Refundido da Lei de Sociedades Anónimas, e non pode a autorización, en ningún caso, exceder de 18 meses. No caso das accións de Repsol YPF, S.A., ao tratarse de accións cotizadas nun mercado secundario oficial, o valor nominal das accións adquiridas máis as xa posuídas, directa ou indirectamente, non poderá superar o 5% do capital social, de conformidade co apartado 2 da Disposición Adicional 1.ª do Texto Refundido da Lei de Sociedades Anónimas.

Dende o ano 1996 a Xunta Xeral de Accionistas veu autorizando ao Consello de Administración para a adquisición, directamente ou a través de sociedades dominadas, de accións de Repsol YPF, S.A.

A razón desta proposta consiste en que a autorización concedida pola última Xunta Xeral Ordinaria, celebrada o 16 de xuño de 2006, quedou suxeita ao prazo máximo legal de 18 meses. Por este motivo, de non adoptarse este acordo, Repsol YPF, S.A. non podería adquirir accións propias a partir do 15 de decembro de 2007 e, polo tanto, con anterioridade á celebración da Xunta Xeral Ordinaria correspondente ao exercicio pechado o 31 de decembro de 2007.

Debe indicarse, adicionalmente, que a adquisición e a disposición de accións propias, por parte de Repsol YPF, S.A., é obxecto dunha estrita regulación por parte do regulamento Interno de Conduta do Grupo Repsol YPF no ámbito do Mercado de Valores co obxecto de evitar calquera distorsión na correcta formación dos prezos no mercado.

Informe do Consello de Administración sobre a proposta de acordos relativa ao sétimo punto da Orde do día ("Delegación de facultades para complementar, desenvolver, executar, emendar e formalizar os acordos adoptados pola Xunta Xeral"):

Trátase do acordo habitual que lle concede ao Consello de Administración as facultades ordinarias destinadas á adecuada execución dos acordos da propia Xunta Xeral, incluídas as facultades de formalización do depósito das contas anuais e de inscrición dos acordos suxeitos a iso.

Repsol YPF, S.A.

Paseo de la Castellana, 278-280
28046 Madrid. España

Av. Roque Sáenz Peña, 777
C.P. 1364 Bos Aires. Argentina

www.repsolypf.com